



MEMORIA

DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

De: Coordinación Central dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).
Isabel Gil Gil

Para: Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística

Asunto: Memoria das actuacións da SXPL relativas aos equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos (curso 2022-2023)

Data: agosto de 2023



ÁMBITO: INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AOS EDLG DOS CENTROS EDUCATIVOS

1 Reunións informativas coas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega

Cada curso académico prográmase unha serie de reunións no 1º trimestre en diferentes localidades de cada provincia para informar as persoas que asumen a función de coordinación dos EDLG por primeira vez. Tamén poden asistir as xa nomeadas con anterioridade que desexen aclarar dúbidas ou actualizar a información. Nelas, transmítenlles información sobre as súas funcións, sobre as convocatorias e programas máis relevantes (proxectos de fomento, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, Proxectos Antonio Fraguas Fraguas, Nós tamén creamos! etc.), sobre a lexislación vixente etc. Previamente, informan os centros dos lugares e datas en que se van realizar para que o persoal coordinador poida asistir ás da súa provincia ou ás doutras.

No ano lectivo 2021-2022, por mor da situación sociosanitaria, as coordinadoras provinciais non realizaron estas reunións presenciais anuais. Para evitar riscos derivados da concentración de persoas, transmitíronlles a información de forma individualizada (telefónica, telemática ou presencial).

No curso 2022-2023, volvéronse realizar as reunións presenciais con normalidade.

A CORUÑA		
FERROL	mércores, 26 de outubro (18:30 h)	CFR Ferrol Rúa O Galego Soto, s/n Ferrol
SANTIAGO DE COMPOSTELA	xoves, 27 de outubro (18:30 h)	CAFI Santiago Lamas de Abade, s/n Santiago de Compostela
A CORUÑA	mércores, 2 de novembro (18:30 h)	CFR A Coruña Rúa Educación 3, 2º andar Edificio UNED A Coruña
LUGO		
BURELA	mércores, 26 de outubro (18:00 h)	CFR Sección de Burela Rúa Correo, 3 Burela
MONFORTE DE LEMOS	xoves, 27 de outubro (18:00 h)	CFR Sección de Monforte (Aula informática, edificio EOI) Rúa Calvo Sotelo, 65, 1º Monforte
LUGO	xoves, 3 de novembro (18:00 h)	CFR Lugo Rúa Yáñez Rebolo, 31 Lugo





OURENSE		
VERÍN	mércores, 26 de outubro (17:30 h)	CFR Verín IES Taboada Chivite Avda. de Portugal, 116 32600 Verín
OURENSE	mércores, 2 de novembro (18:30)	Edificio administrativo da Xunta en Ourense (Casa de Chocolate, salón de actos) Avda. da Habana, 79 32071 Ourense
O BARCO DE VALDEORRAS	xoves, 3 de novembro (17:30 h)	CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Rúa Lugo, 2 32300 O Barco de Valdeorras
PONTEVEDRA		
CALDAS DE REIS	mércores, 26 de outubro (18:00 h)	CPI Alfonso VII Rúa José Salgado, 18 36650 Caldas de Reis
PONTEVEDRA	xoves, 27 de outubro (18:00 h)	CFR Pontevedra (Aula 1º andar) Rúa Celso Emilio Ferreiro, 4 36005 Pontevedra
VIGO	mércores, 2 de novembro (18:00 h)	Edificio administrativo da Xunta en Vigo, Rúa de Concepción Arenal, 8 36201 Vigo

2 Visitas e asesoramento das coordinadoras de área aos centros educativos

As coordinadoras territoriais, por iniciativa propia ou en resposta á solicitude dos centros, desprázanse con frecuencia para labores de asesoramento (en especial relativas á xestión das convocatorias de proxectos de fomento e dos PIDL), de asistir a actos relacionados cos EDLG etc. Procuran, sempre que sexa posible, visitar os lugares próximos no mesmo día e avisar da visita con antelación. Así mesmo, tamén realizan moi a miúdo o asesoramento por vía telemática e telefónica ou ben de forma presencial nos gabinetes respectivos.

Nestes contactos, transmiten información e atenden consultas sobre diversos temas (actuacións da Secretaría Xeral de Política Lingüística, axudas e subvencións para os proxectos de fomento do uso do galego, lexislación dos EDLG, proxectos lingüísticos de centro, certames e materiais do Día das Letras Galegas, envío de contactos para realizar actividades dinamizadoras, intercambio de información sobre actuacións que desenvolven os EDLG, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, premios Nós tamén creamos!, Proxectos Antonio Fraguas Fraguas, programa 21 días co galego e +, novos recursos e materiais, exposicións,



proxectos do Fondo Xacobeo destinados aos centros etc.). No caso de centros con proxectos de fomento ou PIDL máis frouxos, as visitas fanse máis necesarias.

Este curso, o número de visitas presenciais, que se reducira ao máximo nos tempos da pandemia, aumentou ata situarse nos niveis anteriores. Porén, o labor de asesoramento tamén se seguiu a realizar a miúdo de forma telefónica ou telemática, mesmo con videochamadas, pois durante os tempos da covid-19 mostrouse como unha vía axeitada para resolver moitas dúbidas.

NÚMERO DE EDLG VISITADOS/ASESORADOS DE FORMA PRESENCIAL	
A CORUÑA	
	40
LUGO	
	17
OURENSE	
	35
PONTEVEDRA	
	20

3 Asesoramento e transmisión de información aos centros educativos

As coordinadoras envíanlles mensaxes electrónicas aos equipos directivos dos centros educativos e ao profesorado que realiza as funcións de coordinación dos EDLG. Son moi importantes, pois nelas transmiten información sobre actuacións da SXPL (convocatorias de axudas e subvencións para os proxectos de fomento, de PIDL, NTC!, proxecto Antonio Fraguas e outros programas, certames tanto das institucións como dos EDLG dos centros, novos recursos e materiais publicados no Portal, actividades dos EDLG, iniciativas da RDL etc.), orientan e resoven dúbidas e serven de canle de comunicación entre a SXPL e os centros. Procúrase que sexan comúns para as catro provincias, sempre que sexa posible. Este ano escolar, Pilar Teijeiro encargouse da recollida de datos, Isabel Valiño dos primeiros borradores, co apoio de Isabel Gil, e Pura Galán da redacción final.

No comezo de curso, a coordinadora central solicita as listaxes novas das persoas coordinadoras dos EDLG; mentres aínda non chegan ou non están completas, estas mensaxes remítenllas ao equipo directivo, coa solicitude de que llelas reenvían á persoa coordinadora e ao profesorado.

Cando chegan as listas novas, as coordinadoras envíanlles os correos ás persoas coordinadoras e ao equipo directivo simultaneamente. Porén, moitas veces fican aí e estes non llos reenvían ao resto do profesorado, ou ao profesorado interesado nalgún tema, nin sequera ao Departamento de Galego ou aos demais membros do EDLG. Considérase conveniente suxerirlles que o fagan con todas as mensaxes, xa que a dinamización da lingua non só é cousa do EDLG e da dirección.



ÁMBITO: CONVOCATORIAS DE AXUDAS E SUBVENCIONS

1 Proxectos de fomento do uso do galego para centros de titularidade pública e privados

Curso 2020-2021

AXUDAS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PÚBLICOS. 2020-2021					
Orde do 23 de decembro de 2020 (DOG do 15.01.2021)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas (nome do centro, concello, contía)
Dotación orzamentaria: 350.000 € Resolución do 21 de maio de 2021 (DOG do 02.06.2021)	A Coruña	329	328	1	12 CPI As Mirandas (Ares) 23 / 949 € CPI PL. Virxe da Cela (Monfero) 23 / 904 € CEIP Xesús San Luis Romero (Carballo) 23 / 896 € IES do Milladoiro (Ames) 23/ 949 € CPI de Atios (Valdoviño) 22 / 931 € CEIP Canosa-Rus (Coristanco) 22/ 878 € CEIP Raquel Camacho (A Coruña) 22/ 909 € CEIP PL. do Camiño Inglés (Oroso) 22 /886 € CEIP Heroínas de Sálvora (Ribeira) 22 / 878 € IES David Buján (Cambre) 22 / 916 € IES Saturnino Montojo (Ferrol) 22/ 916 € IES de Melide (Melide) 22 / 924 €
	Lugo	103	103	0	4 IES de Becerreá (Becerreá): 22,5/ 883 € IES Perdouro (Burela): 23 / 941 € IES San Rosendo (Mondoñedo) 23 / 919 €





					CEIP de Covas (Viveiro): 22 / 878 €
	Ourense	73	73	0	4 IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras) 770 € IES Eduardo Blanco Amor (Ourense) 959 € CPI Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea) 904 € IES Xesús Taboada Chivite (Verín) 974 €
	Pontevedra	314	311	3	13 IES PL. Aquis Celenis (Caldas de Reis). 24 p., 951 € CEIP do Foxo (A Estrada). 22,5 p., 883 € CEIP Pérez Viondi, (A Estrada). 24 p., 967 € CEIP de Quintela (Moaña). 24 p., 929 € CEIP de Figueiroa (A Estrada). 24 p., 967 € IES Marco do Camballón (Vila de Cruces). 24 p., 936 € CEIP Plurilingüe Froebel (Pontevedra). 24 p., 944 € CEIP Cabada Vázquez (A Estrada). 24 p., 914 € CEIP Manuel Villar Paramá (A Estrada). 22 p., 863 € CEIP PL. de Espiñeira-Aldán (Cangas). 24 p., 921 € CEIP Plur. San Roque de Darbo (Cangas). 23 p., 926 € CEIP Plurilingüe A Pedra (Bueu). 24 p., 959 € IES de Rodeira, (Cangas). 24 p., 1.000 €
	Total	819	815	4	33





SUBVENCIONES AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PRIVADOS 2020-2021					
Orde do 23 de decembro de 2020 (DOG do 15.01.2021) Dotación: 23.833 €		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas
	A Coruña	28	28	0	1 CPR Ludy (Ferrol) 22 p., 687 €
	Lugo	12	12	0	0
	Ourense	12	12	0	1 CPR PL. María Auxiliadora (Ourense), 783 €
	Pontevedra	28	28	0	0
	Total	80	80	0	2

Curso 2021-2022

AXUDAS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PÚBLICOS 2021-2022					
Orde do 30 de novembro de 2021 (DOG do 29.12.2021) Dotación orzamentaria: 350.000 € Resolución do 24 de maio de 2022 (DOG do 07.06.2022)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas (nome do centro, concello, contía)
	A Coruña	332	330	2	12 CPI As Mirandas (Ares) 22 / 872 € CPI PL. Virxe da Cela (Monfero) 23 / 854 € CEIP Xesús San Luis Romero (Carballo) 22 / 824 € IES do Milladoiro (Ames) 23,5 / 913 € CPI de Atios (Valdoviño) 22 / 879 € CEIP Raquel Camacho (A Coruña) 22/ 851 € CEIP PL. do Camiño Inglés (Oroso) 23,50 / 872 € IES David Buján (Cambre) 22,5 / 877 € IES Saturnino Montojo (Ferrol) 22/ 858 €





					IES de Melide (Melide) 22 / 872 € IES Otero Pedrayo (A Coruña) 22/ 710 € IES Félix Muriel (Rianxo) 22 / 879
	Lugo	112	111	1 CEIP de Cervo (fóra de prazo)	3 IES San Rosendo, Mondoñedo (856 €) IES Perdouro, Burela (911 €) IES Becerreá, Becerreá (847 €) CEIP A Gándara, Monforte (838 €)
	Ourense	78	78	0	4 IES Allariz (Allariz) 845 € IES Eduardo Blanco Amor (Ourense) 893 € CPI Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea) 854 € IES Xesús Taboada Chivite (Verín) 877 €
	Pontevedra	334	334	0	12 IES PL. Aquis Celenis (Caldas de Reis). 24,90 p., 870 € CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán (Cangas). 24,40 p., 858 € CEIP Cabada Vázquez (A Estrada). 23,60 p., 840 € CEIP Pérez Viondi, (A Estrada). 25,40 p., 881 € CEIP do Foxo (A Estrada). 23,4 p., 835 € CEIP de Seixo (Marín). 23,70 p., 842€ CEIP de Quintela (Moaña). 23,20 p., 831 € CEIP PL. Nantes (Sanxenxo). 24,40 p., 858 € CEIP Ramón de Valenzuela





					(Silleda). 22,60 p., 817€ CEIP de Sobrada (Tomiño). 23,70 p., 842 € CEIP Eduardo Pondal (Vigo). 23,10 p., 829 € IES de Beade (Vigo). 25,50 p., 883 €
	Total	856	853	3	

SUBVENCIONES AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PRIVADOS 2021-2022					
Orde do 30 de novembro de 2021 (DOG do 29.12.2021) Dotación: 35.000 € Resolución do 7 de xuño de 2022 (DOG do 17.06.2022)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas
	A Coruña	37	37	0	1 CPR Ludy (Ferrol) 22 / 756 €
	Lugo	14	14	0	1 CPR Promotora Educativa Lucense Galén (774 €)
	Ourense	14	14	0	1 CPR Pl. M ^a inmaculada, Verín (Ourense), 801 €
	Pontevedra	33	33	0	1 CPR Eduardo Pondal (Cangas)
	Total	98	98	0	

Curso 2022-2023

AXUDAS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PÚBLICOS 2022-2023					
Orde do 16 de decembro de 2022 (DOG do 27.12.2022) Dotación: 350.000 €		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas (nome do centro, concello, contía)
	A Coruña Dotación: 134.623 €	336	336	0	12 IES do Milladoiro (Ames) 22,50 / 885 € CPI As Mirandas (Ares) 22 / 867 €





Resolución do 29 de maio de 2023 (DOG do 207.06.2023)					IES David Buján (Cambre) 22 / 861 € CEIP Raquel Camacho (A Coruña) 23/ 883 € IES Rego da Trabe (Culleredo) 23 / 916 € IES de Melide (Melide) 22 / 867 € CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero) 22 / 827 € CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso) 22 / 834 € IES Félix Muriel (Rianxo) 22 / 874 € CEIP de Prácticas López Ferreiro (Santiago de Compostela) 22 / 861 € CEIP da Ramallosa (Teo) 22 7 690 € CPI Plurilingüe de Vedra (Vedra) 22 / 861 €
	Lugo Dotación: 45.231 €	114	113	1 IES San Rosendo, Mondoñedo (fóra de prazo)	4 IES Perdouro, Burela (912 €) IES Becerreá, Becerreá (843 €) CEIP Manuel Mallo Mallo, Lugo (832 €) CEIP Gregorio Sanz, Ribadeo (876 €)
	Ourense Dotación: 30.557 €	80	80	0	4 IES Num. 1 (O Carballiño) 675 € IES Xesús Taboada Chivite (Verín) 865 € CEIP PL. Manuel Bermúdez Couso (A Pobra de Trives) 821 € CEIP PL. Condesa de Fenosa (O Barco de Valdeorras) 847 €
	Pontevedra	334	334	0	12





	139.466 €				IES Pl. Aquis Celenis (Caldas de Reis). 25,90 p., 887 € CEIP do Foxo (A Estrada). 23,4 p., 832 € CEIP Manuel Villar Paramá (A Estrada). 23,10 p., 825. CEIP Pérez Viondi, (A Estrada). 25,40 p., 876 € CEIP de Seixo (Marín). 23,20 p., 827€ CEIP de Quintela (Moaña). 25,20 p., 872 € IES Sánchez Cantón (Pontevedra). 28,70 p., 949 IES Ribeira do Louro (O Porriño). 26,10 p., 892 € CEIP Pl. Nantes (Sanxenxo). 23,60 p., 836 € CEIP Ramón de Valenzuela (Silleda). 22,40 p., 498€ CEIP de Sobrada (Tomiño). 23,70 p., 838 € IES Marco do Camballón (Vila de Cruces). 25 p., 867
	Total	864	863	1	

SUBVENCIONS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PRIVADOS 2022-2023

Orde do 16 de decembro de 2022 de de (DOG do 27.12.2022)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas
Dotación: 35.000 €	A Coruña	42	42	0	2 CPR Ludy (Ferrol) 22 / 705 € CPR Pl. San José de Cluny (Santiago de Compostela) 22 / 752 €
Resolución do 16 de xuño de 2023 (DOG do 23.06.2023)	Lugo	13	13	0	2 CPR Promotora Educativa Lucense Galén, Lugo (721 €) CPR A Inmaculada Maristas, Lugo (766 €)





	Ourense	14	14	0	2 CPR Plurilingüe M ^a Auxiliadora (Ourense), 798 € CPR Plurilingüe San Pío X (Ourense), 705 €
	Pontevedra	39	39	0	2 CPR Eduardo Pondal (Cangas) CPR Compañía de María (Cangas)
	Total	108	108	0	

Nos cursos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 practicamente non houbo dificultades na presentación das solicitudes de axuda ou subvención na sede electrónica. Case todos os centros presentaron os proxectos por esta vía e achegaron ben a documentación. O CEIP de Laredo confundíuse e presentouno como PIDL.

Como desde hai seis cursos se incluíu nas convocatorias de axudas e de subvencións a obriga de inserir o logo dos EDLG nos documentos para divulgar as actividades, as coordinadoras de área encárganse de comprobar nas súas páxinas web, blogs etc. que apareza neles, o que non sempre ocorre.

As coordinadoras territoriais, como parte das comisións de valoración provinciais, realizaron o labor de recollida e análise de datos dos proxectos e a avaliación da parte técnica, coas correspondentes reunións das comisións, que este ano foron nalgúns casos virtuais (a coordinadora de apoio foi vogal na comisión de Pontevedra).

É moi importante conseguir que as puntuacións dos proxectos sexan uniformes e que as comisións de todas as provincias puntúen os proxectos da mesma maneira, sen disparidades (p. e., que cada tipo de actividade se puntúe no mesmo apartado, cos mesmos puntos). Por ese motivo, cómpre realizar sesións de análise e unificación de criterios antes da avaliación e, así mesmo, revisar cada ano a táboa de criterios para actualizala e realizar as modificacións que se consideren oportunas (a táboa pública, antes da publicación da convocatoria e logo, antes de comezar o labor das comisións, a táboa detallada de uso interno). Convén acordar o número de máximas que se conceden cada ano en cada provincia.

Os centros quéixanse da dotación orzamentaria destinada aos EDLG (que, aínda que aumentou, segue a ser moi inferior á dos equipos de biblioteca) e solicitan que se incremente e que se adxudique antes. Outra das críticas ten que ver co feito de non poder en conta as actividades do 1º trimestre. Afirmar que non poder incluír na xustificación económica as facturas deste período ten tamén como consecuencia a



acumulación de actuacións no 2º e no 3º trimestres. Cumpriría analizar a viabilidade de incluír en cada proxecto o 2º e 3º trimestres dun curso e o 1º do seguinte.

Tamén hai protestas respecto do traballo burocrático de elaboración do proxecto e da memoria, desproporcionado respecto da contía recibida. Para reduci-lo, poderíase indicar na orde da convocatoria o número máximo de caracteres do proxecto e da memoria, co obxectivo de reducir a súa extensión. Talvez se poderían automatizar algunhas partes mediante formularios (igual que se fixo este curso coas programacións de departamento dos cursos novos, cun máximo de 1.000 caracteres por unidade e cun formulario, unha medida que se estenderá a todos os cursos no próximo). Porén, un dos inconvenientes, como ocorreu coa aplicación do PROENS este ano, é que incrementa o traballo no primeiro curso (aínda que é tamén certo que o simplificaría no futuro e tamén o labor de valoración dos proxectos e de revisión das memorias para o persoal coordinador dos centros e as coordinadoras provinciais). É evidente que suscitaría protestas nun primeiro momento e, daquela, quizais sexa recomendable non aplicar aínda esta medida.

ÁMBITO: CONCURSOS

1 Concurso-exposición Letras Galegas

2020-2021: XELA ARIAS CASTAÑO	
Convocatoria do 08.01.2021	14 proxectos presentados
Prazo límite de presentación: 01.03.2021	- 7 da categoría A - 7 da categoría B (un excluído por non ser público)
Fase da Comisión de Selección (elaboración do informe e selección): 01.03.2021-05.04.2021	Proxectos segundo o tipo de centro: CEIP (5), CPI (1), CRA (1), CRPR (1), IES (5), EPAPU (1)
Resolución do 06.04.2021	Categoría A: Xela Arias e as palabras , do CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro, de Redondela (Pontevedra).
Actos de entrega de premios: 25 de maio no CEIP de Porto Cabeiro 27 de maio no IES de Ames	Categoría B: Abecedáriome , do IES Plurilingüe de Ames, de Ames (A Coruña)
2021-2022: FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	
Convocatoria do 22 de outubro de 2021	4 proxectos presentados
Fase da Comisión de Selección (elaboración do informe e selección): 25.01.2022-14.02.2022	- 4 da categoría A - 0 da categoría B Proxectos segundo o tipo de centro: CEIP (2), CRA (1), CEE (1)



Resolución do 14.02.2022 Acto de entrega de premios: 14 de maio no CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño, de Rubiá Acto de presentación da exposición de secundaria: 14 de maio no IES Cosme López, A Rúa	Categoría A: Florencio Delgado Gurriarán, poeta do agro, do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño, de Rubiá - Ourense Categoría B, correspondente ao resto dos centros e niveis educativos do ensino non universitario: deserta
2022-2023: FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	
Convocatoria do 20 de outubro de 2022 Prazo límite de presentación: 20.01.2023	5 proxectos presentados - 2 da categoría A (un deles excluído por non ser público) - 3 da categoría B Proxectos segundo o tipo de centro: CEIP (1), CPR (1, excluído), IES (3)
Resolución do 15.02.2023 Acto de entrega de premios: Cat. A: 5 de maio, CEIP Juan Rey de Lourenzá Cat. B: 3 de maio, IES Castelao de Vigo	Premio Categoría A: Desde a fiestra de don Paco, do CEIP Juan Rey, de Lourenzá (Lugo) Premio Categoría B: Camiñando con Ramón Sanfiz, coñecemos a Francisco Fernández del Riego, do IES Castelao, de Vigo (Pontevedra)

Para estimular a participación, desde o curso 2017-2018 ofrécese unha certificación de primeiro premio de innovación educativa para o profesorado participante nos proxectos gañadores. No último curso o número de centros volveu ser reducido, probablemente por descoñecemento da figura homenaxeada. Aínda así, foi posible outorgar o premio das dúas categorías.

A coordinadora central realizou un asesoramento directo aos centros gañadores, co fin de revisar as exposicións e mais as guías didácticas e outros materiais complementarios (blogs...) e preparalas para a posterior edición física e dixital; esta última publicouse no Portal da lingua galega, antes do 17 de maio, para que todas as entidades destinatarias tivesen acceso a elas para esa data.

Realizáronse tamén os envíos dos materiais a todos os centros educativos, concellos, centros de estudos galegos e outras entidades. Por outra parte, tamén se realizaron os actos de entrega de premios e diplomas nos centros gañadores.

Coma sempre, a Empresa Vegalsa-Eroski elixiu un dos carteis (o 7º de primaria, nesta ocasión) para colocar nas súas cadeas de supermercados.

2 Concurso de Curtas Senda Litoral de Galicia

Certame convocado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade (actual Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para pór en valor a Senda dos Faros, dinamizar a lingua



galega, en especial a oralidade, e promover unha imaxe positiva e actual do galego por medio da vinculación coas TIC. Conta co apoio da Fundación Galicia Sustentable, EDP Galicia e outros organismos.

Está destinado ao alumnado dos centros da Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas sostidas con fondos públicos: de educación secundaria (ESO, bacharelato, formación profesional básica, ciclos formativos de grao medio) e especiais de grao medio, que participou con vídeos en lingua galega dunha duración máxima de 5 minutos. A/O docente responsable das curtas galardoada co 1º, 2º e 3º premio recibe unha certificación de Primeiro Premio de Innovación Educativa. Iniciouse no curso 2019-2020.

No curso 2020-2021, en lugar do concurso, a SXPL colaborou coa Fundación Galicia Sustentable nun **proxecto experimental para divulgar a senda** (que pasa a denominarse Senda Galega do Litoral), mediante a busca de centros para participar en proxectos relacionados con ela. Desde a Fundación Galicia Sustentable, en colaboración coa Asociación de Xeógrafos Europeos e máis ESRI (a empresa que lles facilita o software aos centros) ofreceulle a estes unha plataforma tecnolóxica baseada en sistemas de información xeográfica para traballaren e publicaren contidos relacionados coa Senda: patrimonio, natureza, toponimia, paisaxe... e deulle cobertura técnica ao profesorado/alumnado participante (consistente en ensinalle como funciona a ferramenta e traballar con eles algún contido). Desta forma traballou as competencias en novas tecnoloxías e puido cubrir unha parte das tarefas de xeito non presencial.

No curso 2021-2022 o certame volveuse realizar con normalidade.

Curso 2019-2020	Premios	
Convocatoria do 27.11.2019 Prazo límite de envío dos vídeos: 30.03.2020, ampliado por causa da COVID-19 ata o 30.09.2020. O premio da excursión a Cans para proxectar a obra gañadora, para evitar riscos de saúde, substituíuse por un agasallo tecnolóxico. Resolución do 01.02.2021 Entrega de premios: 01.09.2021, no Festival de Cans	1º Premio	<i>Sálvora</i> , do IES Plurilingüe A Cachada. Boiro. A Coruña
	2º Premio	<i>Senda dos faros "De naufraxios, faros e lendas: do Cemiterio dos Ingleses a Camariñas"</i> , do IES Monte Neme. Carballo. A Coruña
	3º Premio	<i>A melodía do faro</i> , do CMUS Xan Viaño. Ferrol. A Coruña
Curso 2020-2021	Centros participantes	
Proxecto experimental para divulgar a senda	IES Afonso X o Sabio de Cambre	
	IES Dionisio Gamallo de Ribadeo	
	IES da Sangriña da Guarda	
	IES Manuel Chamoso Lamas, O Carballiño	



Curso 2021-2022	Premios	
Convocatoria do 18.11.2022 Prazo límite para solicitar a participación: 28.02.2022 rematará o 28 de febreiro de 2022 Prazo límite de envío dos vídeos: 31.03.2022 Resolución do 18.05.2022 Solicitudes: 14 Centros / Curtas participantes: 8 Entrega de premios: 18 de maio de 2022, no Festival de Cans	1º Premio	<i>Conto do Miño</i> , do IES Antón Alonso Ríos. Tomiño. Pontevedra
	2º Premio	<i>Aturuxando nas ondas</i> , do IES Punta Candieira. Cedeira. A Coruña
	3º Premio	<i>Unha illa no medio do mar</i> , do IES Valadares. Vigo. Pontevedra

Porén, a Asociación Ambiental Petón do Lobo solicitou a retirada do certame; realizou unha campaña nas redes e presentou unha queixa contra a Consellería por participar, co argumento de que colaboraba a empresa EDP, responsable da tramitación de sete parques eólicos (incluída a repotenciación do de Corme) na zona de Cabana de Bergantiños e Ponteceso pola que discorría o Camiño dos Faros.

No seu escrito hai datos erróneos: confúndese o Camiño dos Faros coa Senda Litoral de Galicia (antes Senda dos Faros); indícase que o concurso promove o Camiño dos Faros, non a Senda Litoral de Galicia; afirmase que a Senda dos Faros afecta gravemente a Rede Natura; indícase que se empregan fondos públicos etc. Daquela, continuouse co desenvolvemento da iniciativa. Non obstante, no curso 2022-2023, por mor desta polémica, decidiuse non seguir participando na iniciativa.

3 Colaboración en certames e premios dos centros de ensino

As coordinadoras colaboran na difusión de información sobre concursos e premios dos centros de ensino (a través do Portal da lingua galega e de mensaxes electrónicas, sobre todo no caso dos que teñen alcance autonómico), asisten aos actos de entrega de premios e mesmo colaboran na organización ou no proceso de selección nalgúns casos. Ás veces, estes concursos están apoiados economicamente pola SXPL.

Concurso aRif[t]mar Galiza e Portugal

O EDLG da EOI de Santiago promove desde 2016 os premios de música e poesía en galego e portugués para o mellor poema e a mellor canción en galego e en portugués entre os publicados o ano anterior, co obxecto de fomentar a competencia lingüística e divulgar a lingua e cultura de Galicia e Portugal. Os galardóns contribúen a poñer en valor o galego, ao presentalo como unha lingua con utilidade e proxección internacional, que nos permite relacionarnos cos países de fala lusófona, en consonancia coa Lei Paz Andrade.

Este certame está patrocinado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (a través da SXPL e da Dirección Xeral de Cultura), a



Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e o Instituto Camões-Centro cultural Português de Vigo.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participan as da Facultade de Filoloxía da USC, o Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, EOI de Lugo, a EOI de Pontevedra, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, o Centro Cultural Português de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Português pelo Camões en Galicia, os centros de estudos galegos de máis de 35 universidades do exterior, os centros de ensino secundario de fóra de Galicia en que se imparte galego e o público en xeral.

Curso 2020-2021	VI edición
Mellor poema Galiza	"A reflexión" - Rosalía Fernández Rial
Mellor poema Portugal	"O verão sabe-me bem" - Márcia
Mellor canción de Galiza	"Cólico" - Guadi Galego
Mellor canción de Portugal	"Quase Dança"- Cláudia Pascoal
Premio Especial do Xurado á Embaixada da Amizade Galego-Lusófona	José Viale Moutinho
Gala de entrega dos premios correspondentes á edición do curso 2020-2021: 27 de outubro no Auditorio de Galicia, coa participación de Guadi Galego, Cláudia Pascoal, Rosalía Fernández Rial, Márcia e José Viale Moutinho	
Curso 2021-2022	VII edición
Mellor poema Galiza	"Anorak de pel de caribú"- Lúa Mosquetera
Mellor poema Portugal	"E se eu fosse eu" - Wilma Vieira
Mellor canción de Galiza	"Peixe" - Xisco Feijóo
Mellor canción de Portugal	"Andorinhas" - Ana Moura
Gala de entrega dos premios correspondentes á edición do curso 2021-2022 e lanzamento da seguinte edición: outono de 2022.	
Curso 2022-2023	VIII edición
Mellor poema Galiza	"Mamá fala en linguaxes de documentos predeterminados", de Arancha Nogueira
Mellor poema Portugal	"Se de repente perto fosse um verbo", de María Isabel Fidalgo
Mellor canción de Galiza	II. <i>Lisístratata, Varre vasoira</i> , das Fillas de



	Cassandra
Mellor canción de Portugal	<i>Maçãzinha</i> , de Retimbrar, con Uxía
Premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona	Associação José Afonso
Gala de entrega dos premios correspondentes ás cancións e vídeos publicados o ano anterior e inicio da seguinte edición: 10 de outubro, ás 20.30 h, no Auditorio de Galicia	

Certame *Podcast* e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos

Certame organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da Sxpl. Tamén colaboran outras entidades como a EASD Mestre Mateo, a Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego, Oral de Galicia, a Radio Galega, a Fundación Antonio Fraguas e o Parlamento de Galicia.

O seu obxectivo é divulgar o labor desta singular figura do galeguismo e promover entre o alumnado a creatividade literaria e a radio en galego. Está destinado a alumnado de 6º de primaria e de todos os cursos de secundaria de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade e centros de Portugal. A temática dos *podcasts*, dunha duración máxima de tres minutos, debe estar vinculada co autor ou autora ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas e/ou co patrimonio inmaterial galego-portugués. A presentación do certame e a gala de entrega de premios realízase no IES Rosalía de Castro.

Paralelamente, realizouse nalgúns edicións a exposición *O vello dos contos volve contar*, con fotos dos anos 30 e 40 do arquivo familiar de Xosé Mosquera Pérez, unha mostra itinerante que percorreu varios centros educativos de Galicia para divulgar a vida e obra deste importante persoeiro que foi a primeira estrela mediática de Galicia; e tamén unha serie de obradoiros de *podcast* en varios centros educativos (no 2023-2023, non se fixeron estas dúas actividades).

A colaboración da SXPL é económica, de agasallos de libros e participación na selección, como membro do xurado, a través da coordinación central. Tamén ofrecen lotes de libros a RAG e a Fundación Rosalía de Castro. A EASD Mestre Mateo elabora as estatuas dos premios e as institucións participan como xurado.

Curso 2020-2021- III Certame <i>podcast</i>	
Categoría de educación primaria	Mestre Manuel García: <i>Vibrando con Xela</i>
Categoría de educación secundaria	IES Fontexería: <i>Xela nas ondas</i>
Curso 2021-2022- IV Certame <i>podcast</i>	





Categoría de educación primaria	CEIP San Tomé - Cambados, Pontevedra. <i>Entrevista a don Maio Galán</i>
Categoría de educación secundaria	IES Alexandre Bóveda - Vigo, Pontevedra. <i>As letras de Flow(renccio)</i>
Premio especial	CEIP Raíña Fabiola. <i>A rimar con Florencio</i>
Curso 2022-2023- V Certame podcast. Ligazón das bases	
Categoría de educación primaria	1º <i>Un pobo lírico</i>, do CEIP de Atín- Cella (Mos, Pontevedra) 2º <i>Don Paco</i>, do CEIP Mestre Valverde Mayo (Mos, Pontevedra) 3º <i>Rimando a Fernández del Riego</i>, do CEIP San Martiño (Pontevedra, Pontevedra)
Categoría de educación secundaria	1º <i>Ping Pong con Francisco Fernández del Riego</i>, do IES de Cotobade (Cerdedo-Cotobade, Pontevedra) 2º <i>Na procura de Fernández del Riego</i>, do IES de Foz (Foz, Lugo) 3º <i>Vidas ilustres</i>, do CPR Plurilingüe Divino Salvador (Vigo, Pontevedra)

Na valoración da iniciativa, tiráronse as seguintes conclusións:

- É necesario comprobar a duración dos *podcasts* e excluír os que non se axustan á extensión estipulada nas bases (esta pode aumentar na próxima edición e quedar de 3 - 5 minutos, para que coincida co certame de *podcasts* de Bibliotecas Escolares).
- É recomendable indicar nas bases un límite para os *podcasts* enviados por cada centro (5 ou 10), e unha cláusula segundo a cal os centros farán unha selección dos mellores para enviar (para ter unha primeira criba).
- É imprescindible establecer o número e membros do xurado cando se revisen as bases e, despois, facer unha reunión virtual ou presencial do deste para poñer en común as cualificacións (e evitar que seleccionar *podcasts* con erros graves, fragmentos en castelán ou que incumpren as bases).
- No caso de volver financiar os obradoiros de *podcasts*, a selección dos centros debe recaer sobre as coordinadoras territoriais, para que esta formación chegue cada ano a colexios diferentes.

[Certame Enreguéifate e Festival Regueifesta](#)

O Certame Enreguéifate é un concurso de vídeos vinculado ao proxecto e ao festival Regueifesta, dúas iniciativas que xorden inicialmente no seo do IES Maximino Romero de Lema e do IES Marco do Camballón co fin de impulsar a regueifa como modo de socialización entre a mocidade, tanto para o desenvolvemento de habilidades lingüísticas como para estimular a creación musical en galego. O PIDL Regueifesta recibiu un premio de innovación educativa no



curso 2015-2016 e o festival contou co apoio da SXPL no 2017-2018 (o proxecto Ao son da oralidade dos IES do Milladoiro e do Marco do Camballón, na mesma liña, recibiu tamén un premio Fraguas no curso 2021-2022). As coordinadoras participan na súa divulgación mediante o envío de correos electrónicos e a publicación de información no Portal da lingua galega.

Na actualidade, Enreguéifate está impulsado polos concellos de Ames, Pontevedra, Carballo, Santiago de Compostela e Teo. Apoia a difusión da improvisación oral en verso (regueifa) para contribuír, por medio dela, á promoción do uso da lingua galega. O obxectivo principal do proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, sobre todo no ámbito escolar. Por iso, inclúe accións formativas para alumnado e profesorado, un certame regueifeiro e un encontro anual de regueifa. Máis información no web: <https://enregueifate.gal/>

No curso 2019-2020, debido á pandemia, o festival non se celebrou; porén, mantívose o certame, na modalidade en liña. En 2019, o IES Maximino Romero de Lema participou no Encontro de Repente Interxeracional Galego-Portugués, no marco da IV Mostra de Repente en Compostela, impulsada pola Asociación ORAL de Galicia e a Deputación da Coruña. E, nas *Xornadas Calviño 2020 - experiencias na normalización e dinamización do galego*, realizadas en marzo co apoio da SXPL no IES Arcebispo Xelmírez, participou Sechu Sende, do IES Marco do Camballón, co relatorio "Regueifesta: improvisando o camiño da lingua e a música" ([ligazón](#)).

No curso 2020-2021, a pesar de non se celebrar o festival, mantívose o certame Enreguéifate 2021 na modalidade en liña. En marzo de 2021, Enreguéifate e Regueifesta recibiron o premio ao Mellor Proxecto Estabilizado, na II edición dos Premios Mil Primavera, e en abril botou a andar o V Certame Enreguéifate, cunha gala no IES do Milladoiro (lugar de traballo actual de Manuel Maseda Deán). O 28 de abril realizouse o Encontro Regueifesta en Compostela entre alumnado do IES Fontexería de Muros, o IES Marco do Camballón de Vila de Cruces e o Obradoiro de Regueifa da Escola Semente de Compostela.

No curso 2022-2023, desenvolveuse a VI edición do certame.

VI edición. Certame Enreguéifate 2023	Curso 2022-2023. Premios
Regueifa máis brava	Vivantistas de Dodro - 'Interxerando'
Regueifa máis aguda	Alumnado de 2º B do CEP Xosé Neira Vilas - 'A Neira Horta'
Regueifa máis diversa	Clase de 1º B do CEIP Quiroga Palacios - 'Superheroes do cotián'
Regueifa máis reivindicativa	Regueifeirxs chairegxs - 'Regueixornal'
Regueifa mellor falada	Uxía e María do Camballón - 'A nosa lingua'
Regueifa mellor cantada	6º A CEIP Agro do Muíño - 'Rosalía'



En 2023, a SXPL publicou, ao abeiro do Fondo TeceRedes, dous capítulos audiovisuais do proxecto Regueifa freestyle, de Nós TV: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/recursos?content=/Portal-Lingua/Contido/recursos/promovelo/contido_879.html.

Certame Olloboi e IX Festival Olloboi

Concurso audiovisual escolar e festival organizado polo Concello de Boiro en colaboración con varios profesores e profesoras. Pode participar alumnado (de EP, ESO, FP...) profesorado e familias. O festival Olloboi de cine escolar ten como obxectivo potenciar a sensibilidade ambiental e social e o respecto polos dereitos humanos e animais a través da creación audiovisual. Nel realízanse obradoiros de creación (na Muchachada Matiné), entréganse os premios do certame e proxéctanse as pezas correspondentes. As coordinadoras colaboran na difusión da información.

No curso 2019-2020, esta actividade foi suspendida por mor da COVID-19, excepto a nova categoría Olloboi COVIdéo Doméstico, á que puideron presentarse vídeos gravados desde os fogares durante o período da crise sanitaria (os vídeos gañadores desta categoría foron *Os xogos olímpicos da corentena* e *Un canto a*). Agás as dúas curtas gañadoras nesta categoría (a do público e a do Equipo Olloboi), as pezas enviadas pasaron ao concurso Olloboi 2021. Tamén se suspendeu o festival Olloboi.

No curso 2020-2021, non se realizou a Muchachada Matinal por mor da pandemia pero estreouse *Cadernas de Olloboi*, un documental sobre os 10 anos de historia deste festival, incluído no Fondo Xacobeo 2021, no que teñen voz "todas as bocas agora enmascaradas". O Olloboi realizouse o 12 de xuño. Nel entregáronse os premios do certame. <https://www.olloboi.com/olloboi-2021/>.

Premios do curso 2020-2021

- Mellor non ficción: *Cando rompe o mar* (IES María Soliño)
- Mellor guión: *Vida furtiva* (IES Terra de Trasancos)
- Wabisabi (cine con alma adolescente): *As derradeiras* (IES Praia Barraña)
- Videoarte: *Background* (IES Cacheiras) e *Sombra* (Lucía Ladero, IES Concepción Arenal)
- Videoclip: *Non me vai mal* (CPI Dodro)
- Compromiso: *Sálvora* (IES A Cachada)
- Mellor Peque: *Maruxa* (CEIP O Carballal)
- Ficción +18: *Rakel* (Aarón Vilariño, ESCAC)
- Non ficción -18: *As ladras* (Ángela Taboada e Daniel Vázquez, Universidade Carlos III)
- Zamburrioi: *As novas* (IES Xesús Taboada Chivite)

Mencións:

- Mellor iniciativa educativa externa ás aulas: programa *Vidas Mariñeiras*, do GALP.
- Cine e educación ambiental: *Quen seiturará?* (Universidade, USC), *As derradeiras* (secundaria,





IES Praia Barraña) e A lata (primaria, CEIP Virxe do mar)

Premios do curso 2021-2022

- Interpretación: *Finca Uxía*, IES Meaño, Meaño
- Videoclip: *Vente, ventinho*, IES Virxe do Mar, Noia
- Imaxe: *Á inversa*, IES María Soliño, Cangas
- Guión: *Días contados*, IES Poeta Díaz Castro, Guitiriz
- Animación: *O armario dos meus pais*, IES As Barxas Moaña
- Olloboi Redes: *Como facer filloas*, do IES Pl. de Ventín, Santiago de Compostela
- Videocreación: *Migrando*, do IES Praia Barraña, Boiro
- Olloescolas: *Terra da fraternidade*, IES do Milladoiro, Ames
- Plus 18: *Pantasma*, IES Audiovisual de Vigo
- Peque: *Heroes enmascarados*, do CEIP do Carballal de Marín
- Muchachada: *Fillas do Entroido*, do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela
- Zamburrioi: *Spiderman e eu* do CEIP Eusebio da Guarda, A Coruña

Premios do curso 2022-2023

- Interpretación: Alejandra Santiago Rodríguez, na curta *Coma*, IES Espiñeira de Boiro
- Imaxe: *Moléculas*, CPR María Assumpta de Noia
- Guión: *O derradeiro acorde*, IES Salvador de Madariaga, A Coruña
- Animación: *Un conto cheo de lobos*, CEIP Manuel Villar Paramá, A Estrada
- Videocreación: *Poema XX*, IES Pobra do Caramiñal
- Videoclip: *O meu barquiño*, CEIP Otero Novas, Cortegada, Ourense
- Ollodivulgación:
María Miramontes, IES Arcebispo Xelmírez, Santiago de Compostela
Mención especial: *Ínsuas do Miño, o bosque de ribeira*, IES Río Miño, Rábade, Lugo
- Ollo Escolas: *Unha aventura meteorolóxica*, CEE Vilagarcía de Arousa
- Plus 18 ex aequo:
La caja negra, Uvigo
A raia, IES Audiovisual de Vigo
- Peque: *Errando discitur*, CEIP Caión, A Laracha
- Muchachada: *Anne et José*, IES Félix Muriel, Rianxo
- Zamburrioi ex aequo:
Os sorrisos tamén doen, IES Lucus Augusti, Lugo
Na biblioteca hai (moita) vida, IES Bremao, Pontedeume



Concurso Ollo de Vidro (de *booktrailers* e *booktubers*)

Certame que se enmarca dentro dunha iniciativa da canle de YouTube Recomendóche un libro. O seu obxectivo é estimular a lectura en galego e a creación audiovisual entre persoas de todas as idades, pero sobre todo entre as máis novas. Está organizado pola EOI, o IES Castelao, a Biblioteca Xosé Neira Vilas, o IES Pino Manso e o Festival de Cans e conta coa colaboración da Asociación de Veciños do Calvario, da SXPL, da Deputación de Pontevedra e de Editorial Galaxia.

No curso 2018-2019, o V Concurso de *booktrailers* e *booktubers* Ollo de Vidro foi suspendido; convocouse novamente en 2021 (prazo límite de envío: 10.08.2021).

No curso 2021-2022 desenvolveuse o VI Concurso de Booktrailers e Booktubers Ollo de Vidro 2022. O ditame do xurado fíxose público o 18 de maio no Festival de Cans.

No curso 2022-2023, non se realizou por diversas circunstancias.

Curso 2018-2019	V Concurso de <i>booktrailers</i> e <i>booktubers</i> Ollo de Vidro
	- Premio do Xurado: <i>A metamorfose</i>: Belén Ocampo Falconi - Premio do Público: <i>La odisea de Ollie</i>: Daniela Pérez López - Premio Festival de Cans: <i>Árbores no deserto</i>: Rosalía Fernández Rial - Mención Especial: <i>500 vidas para vivir</i>: Mencía Jorge Cabaleiro
Curso 2021-2022	VI Concurso de Booktrailers e Booktubers Ollo de Vidro 2022.
https://recomendocheunlibro.com/blog/	- Premio do Xurado: <i>Asesino de Brujas</i> de Lucía Besada - Premio do Público: <i>Boulevard</i>, de Kenia Porto, Sara Bugarín e Diana Vila - Premio Festival de Cans: <i>O caso dos amantes de París</i>, de Miguel Alonso

Concurso de Booktrailers do IES Pontepedriña

Iniciativa que xurdiu co fin de fomentar a lectura e a creación audiovisual en galego, organizada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Pontepedriña de Santiago de Compostela, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e destinada aos centros de Galicia sostidos con fondos públicos. No IV Concurso de *booktrailers* ampliouse o prazo por mor da pandemia. Resolveuse no curso 2020-2021. Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 realizouse con normalidade.

IV Concurso de <i>Booktrailers</i> IES Pontepedriña 2020-2021	
Bases: http://www.edu.xunta.gal/centros/iespontepedrina/node/908	Categoría de 12 a 15 anos 1º Premio: Tiago Vence Nieto do IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa) por <i>As viaxes fantásticas de Jules Verne</i>. 2º Premio: Tamara Fernández e Nerea Vázquez do IES A Pontepedriña (Santiago de Compostela) por <i>O pazo baleiro</i>.



	Categoría de 16 a 18 anos 1º Premio: Alejandra Neiro Dopico do IES A Pontepedriña (Santiago de Compostela) por <i>A derradeira viaxe de Enma Olsen</i>. 2º Premio: Nayara Campo do IES San Rosendo (Mondoñedo), por <i>Cabalos e Lobos</i>.
V Concurso de <i>Booktrailers</i> IES Pontepedriña 2021-2022	
Bases: https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-24377.pdf	Categoría de 12 a 15 anos: 1º premio: Pablo Vilariño Calvar, do IES Monte Carrasco de Cangas de Morrazo, polo booktrailer sobre o libro <i>Cartas de inverno</i> de Agustín Fernández Paz 2º premio: Carlota Quesada González do IES A Pontepedriña de Santiago de Compostela, polo booktrailer sobre o libro <i>Mamá, quero ser Ziggy Stardust</i> de Iria Misa. Categoría de 16 a 18 anos: 1º premio: María Pose Fariña do IES Rego da Trabe de Culleredo, polo <i>booktrailer</i> sobre o libro <i>A afogada</i> de Rocío Leira.
VI Concurso de <i>Booktrailers</i> IES Pontepedriña 2022-2023	
Bases: http://www.edu.xunta.gal/centros/iespontepedrina/system/files/Bases%20VI%20concurso%20booktrailers%20.pdf	Categoría de 12 a 15 anos: 1º premio: 2º premio: Categoría de 16 a 18 anos: 1º premio: 2º premio

Premio de Poesía Estratosférica

Concurso de poesía de temática cósmica que convoca a Axencia Espacial Escolar Galega (NOSA) en colaboración cos IES Plurilingüe Maruxa Mallo, Miraflores, IES Marco do Camballón, Xelmírez II e Ferrol Vello e co CPI Plurilingüe O Cruce, co gallo do lanzamento da sonda estratosférica MarumaSat IV. Pode participar alumnado da ESO e bacharelato de todos os centros públicos galegos.

No curso 2019-2020, a COVID 19 impediu que a Axencia Espacial Escolar Galega (NOSA) lanzase a sonda Marumasat co poema gañador do III Premio de Poesía Estratosférica, pero si gravou *Misión Oxalá*, un vídeo que para reflexionar sobre a pandemia: https://www.youtube.com/watch?v=krS_n7NBkkg. Nos cursos 2020-2021 e 2021-2022

No curso 2022-2023, a Axencia Espacial Escolar Galega recuperou os lanzamentos de cápsulas estratosféricas e lanzouse a sonda Marumasat V o 10 de maio, coa co-



laboración de Xacobo de Toro e alumnado de centros de Santiago de Compostela, Vila de Cruces, Oleiros e Cerceda.

Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade

O CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía convoca o Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade, coa participación do Concello e a Casa de Cultura de Allariz. Este concurso de ámbito provincial está destinado a alumnado de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato de centros sostidos con fondos públicos de Galicia, con debuxos, poemas, historias e contos.

No curso 2019-2020 desenvolveuse a VII edición, coa temática "Historias solidarias en tempos de confinamento". Por mor da situación, só estiveron os colexios CEIP Padre Feijoo Allariz, o CEIP Padre Crespo Xunqueira de Ambía e o IES de Allariz. Premios:

Categoría 1.º/2.º ESO	1º premio: <i>Volvendo a comezar</i>, de Aroa Álvarez - Finalista: <i>O coronavirus fala</i>, de Sofía Pérez Rodríguez
Categoría 3.º/4.º ESO	1º premio: <i>Tinta azul</i>, de Lucia Quinteiros Barbosa - Finalista: <i>E ti por que aplaudes</i>, de Andrea Mosquera Santamarina
Categoría bacharelato	1º premio (narrativa): <i>Sociedade vs Coronavirus</i>, de Eva Cid Rivas 1º premio (poesía): <i>Maldita pandemia</i>, de Xabier Varela 1º premio (vídeo): <i>Todos somos un</i>, de Estela Paretas

No curso 2020-2021 púidose volver realizar. No 2021-2022 o CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía, coa colaboración co IES de Allariz e o CEIP Padre Feijoo de Allariz, convocou o IX Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade, coa participación do Concello e a Casa de Cultura de Allariz. Este ano a temática foi "Historias solidarias de persoas desprazadas da súa terra". Aproveitaron a guerra de Ucraína para facer visibles outros conflitos "invisibles" ou esquecidos.

A participación foi un éxito, ao se sumar novos centros participantes para espallar o espírito solidario pola provincia. Volveron a organizar actos culturais e actuacións o último venres de maio (CE Orquesta Pantasma, Títeres 6 Dedos e a cantante Lorena Sotelo acompañada á guitarra por Sergio Tannus). Tamén celebraron a merenda solidaria e un mercado con materiais feitos polo alumnado.

No curso 2022-2023 desenvolveuse a X edición Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade, coa participación do Concello e a Casa de Cultura de Allariz.

1º premio	Sonia Justo Domínguez (4º ESAD): "Ao carón das tragacadelas"
Finalistas:	Brais Cid Vázquez (4º ESAD): "Un motivo para superarse" Begoña Acebedo Carpintero (1º Bacharelato): (sen título)



[CinEOI Coruña Curtas](#)

Concurso e festival de curtametraxes anual organizado desde 2010 polo EDLG da EOI da Coruña, en colaboración con outras EOI, conservatorios e centros de ensino secundario e primario da provincia, co obxectivo de fomentar o uso do galego nas producións audiovisuais, a través da creatividade artística e as novas tecnoloxías. Non se realiza desde o curso 2019-2020, en que se suspendeu por mor da pandemia.

[Concurso de Narración Histórica Falemos da nosa Historia](#)

Certame organizado polo CEIP López Ferreiro, que premiou nun principio unha redacción e logo unha narración histórica realizada a partir dunha investigación a través de libros, enciclopedias, Internet ou conversas familiares.

O III Concurso de Narración Histórica, correspondente ao curso 2018-2019, aprazouse ata 2021, por mor da COVID-19. Desde entón non se volveu convocar.

[Certame de Microrrelatos en Galego da EOI de Pontevedra](#)

Concurso de creación *in situ* que conta coa colaboración da Fampa. A coordinadora de área colabora na difusión. No curso 2020-2021, realizouse o 15 de abril e no 2021-2022, o 8 de xuño. No curso 2022-2023, o concurso desenvolveuse o 20 de abril na EOI de Pontevedra, no IES Valle Inclán de Pontevedra e no IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín e no IES Antón Losada Diéguez da Estrada. [Bases](#).

[Concurso Fálame que te sinto, do CEIP Riomaior](#)

Concurso de relato oral de creación propia, ideado para que o alumnado se exprese oralmente en galego, axudado da dramatización, comunicación non verbal e emocional. É un certame intercentros, destinado aos cursos de 3º a 6º de primaria. No curso 2020-2021 participaron preto de 300 alumnos e alumnas de colexios diferentes, cun total de 83 vídeos. A SXPL participou nos premios (con lotes de libros) e a coordinadora territorial, como membro do xurado. No 2021-2022 e no 2022-2023 non se realizou.

[Mostra de Entroido da Ulla](#)

No curso 2020-2021 celebrouse a VIII Mostra de Entroido, na que participaron o CIFP Compostela, CEEPR Aspanaes-Duques de Lugo, CEIP Lamas de Abade, El Raiola, IES Lamas de Abade, CEIP Apóstolo Santiago, Santiago de Compostela (A Coruña); CEIP Pérez Viñón, A Estrada (Pontevedra). Nesta ocasión, os centros organizadores crearon un audiovisual sobre o Entroido de Arcos e proxectouse a peza *As xeneralas da Ulla*.

No 2021-2022 realizouse a IX Mostra do Entroido, cos mesmos centros. Nesta ocasión participaron como convidados CEIP O Xurés e mais a Asociación de Follateiras e Follateiros de Lobios (Ourense), que desfilaron pola aldea acompañados polo grupo musical Abadiño Son.



No 2022-2023 realizouse a X Mostra do Entroido, cos mesmos centros. Nesta ocasión participaron como convidados docentes e alumnado do CEIP Santa María a Real de Entrimo para representar as Madamitas, Madamitos e Faranduleiros desta localidade ourensá.

Concurso de Humor Gráfico Diego Peña Carro

O CPR Plurilingüe Esclavas do Sagrado Corazón de Xesús organiza este concurso destinado a alumnado de 5º de primaria a 4º da ESO de Galicia, en memoria do ex-alumno Diego Peña. A iniciativa, que xorde como parte dos festexos do Día das Letras Galegas que organiza o EDLG (co apoio da SXPL nos agasallos), pretende achegar a rapazada ao mundo da banda deseñada, a través da súa expresión máis curta: o humor gráfico. As coordinadoras colaboran na divulgación da iniciativa.

No curso 2018-2019 realizouse a III edición, que se divulgou no web, e, despois da pausa por mor da pandemia, a IV edición no 2020-2021 e a V edición, no 2021-2022.

No curso 2022-2023 convocouse a VI edición, que se divulgou no Portal da lingua galega. A SXPL tamén colaborou coa doazón dos agasallos (libros de lectura adaptados ás distintas categorías premiadas).

Premios á calidade lingüística de proxectos de FP do IES Lamas de Abade

No curso 2019-2020, o EDLG do IES Lamas de Abade convocou os primeiros premios á calidade lingüística aos proxectos dos ciclos superiores de FP do seu centro.

No 2020-2021, realizouse a II edición do certame (co apoio da SXPL nos agasallos). As coordinadoras colaboran na divulgación da iniciativa. O centro presentoulle á SXPL unha proposta de ampliación deste certame a todos os centros que impartan algún ciclo superior de FP de Galicia. Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 non se convocou o certame.

Premios Ofelia Devesa de Educación Activa

O IES Xelmírez II convoca este premio para produtos audiovisuais de 5 minutos de duración como máximo, coa temática de divulgación do coñecemento, dirixido a alumnado da ESO e bacharelato. Conta coa colaboración da SXPL.

No curso 2018-2019, convocáronse os IV premios. No 2020-2021, tras o parón por causa da pandemia, os V Premios, seguidos dos VI Premios no 2021-2022 ([bases](#)), e dos VII premio Ofelia Devesa de Educación Activa no 2022-2023 ([bases](#)).

XXV Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Nesta edición participaron o IES Johan Carballeira (que foi o centro anfitrión), o CPR Eduardo Pondal, IES María Soliño, IES As Barxas e CPR San Narciso. Ademais da representación de cadansúa obra teatral tamén se realizou un concurso de carteis.



III Certame de Micropoesía Beatriz da Serra

Certame organizado polos EDLG de varios centros do Val Miñor en colaboración cos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

4 Colaboración en concursos para os centros de ensino

As coordinadoras divulgan información sobre concursos de diferentes entidades destinadas ao alumnado dos centros educativos, entre eles o Concurso de Microrrelatos de Feiraco, o Concurso de Novos Talentos de Coca-Cola ou a Primavera das Letras da RAG (todos con colaboración da SXPL), e outros certames de interese no ámbito educativo como os Premios Mil Primaveras ou o Concurso Nortear.

Certame Ouff Escola

Concurso anual dirixido aos centros de ensino públicos e privados, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXPL, co obxectivo de impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas. Resólvese no curso seguinte a aquel no que se convoca.

A SXPL colabora economicamente nesta actividade (aboa os buses para acudir á gala da entrega de premios etc.). A coordinadora da área de Ourense e a asesora Mariela Leis (en substitución de Gregorio Fernández) formaron parte do xurado que avaliou as curtas.

É importante difundir esta iniciativa a través do correo electrónico e do Portal da lingua galega para estimular a participación e conseguir que os recursos que o alumnado vai creando ao longo do curso sexan galardoados, coa consecuente repercusión na promoción da lingua galega. Cómpre salientar que na última edición a participación foi máis elevada talvez polo esforzo na divulgación.

2019-2020	TRABALLOS INSCRITOS	TRABALLOS GANADORES do XI Certame Ouff Escola
INFANTIL e PRIMARIA		Cancelado
ESO		Cancelado
Límite do prazo para participar: 06.07.2020		
Gala de entrega de premios: cancelada		





2020-2021	TRABALLOS INSCRITOS (44)	TRABALLOS GANADORES do XII Certame Ouff Escola
INFANTIL e PRIMARIA	9	1º Premio: <i>Tempos modernos</i>, do CPR Galén (Lugo) 2º Premio: <i>Dona Landra no río revoltó</i>, do CEIP Plurilingüe A Pedra (Bueu, Pontevedra) 3º Premio: <i>O meu barquiño</i>, do CEIP Plurilingüe Otero Novas (Cortegada, Ourense) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>10 euros</i>, do CEIP O Couto (Ourense) Mención especial: CAD A Pobra (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).
ESO	32	1º Premio: <i>Sálvora</i>, do IES A Cachada (Boiro, A Coruña) 2º Premio: <i>As derradeiras</i>, IES Praia de Barraña (Boiro, A Coruña) 3º Premio: <i>Fronteiras</i>, do IES Taboada Chivite (Verín, Ourense) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>Serendipia</i>, do IES de Meaño (Meaño, Pontevedra)
VARIOS	3	Sen premios
Límite do prazo para participar: 05.07.2021 Gala de entrega de premios: 27.09.2021, no XXVI Festival de Cine Internacional de Ourense (24.09.2021-06.10.2021) https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias?content=/Portal-Lingua/Contido/convocatoria/Premios/convocatoria_0128.html		
2021-2022	TRABALLOS INSCRITOS (75)	TRABALLOS GANADORES do XIII Certame Ouff Escola
INFANTIL e PRIMARIA	26	1º Premio: <i>O fío da noticia</i>, CEIP Plurilingüe do camiño Inglés 2º Premio: <i>Mergullo na rías</i>, CEIP do Carballal 3º Premio: <i>Un conto cheo de lobos</i>, CEIP Manuel Villar de Paramá Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>O camiño</i>, CEIP Espiñeira Mención: <i>Case 101 dálmatas</i>
ESO/ BAC	48	1º Premio: <i>O armario de meus pais</i>, IES As Barxas 2º Premio: <i>Unha illa no medio do mar</i>, IES Valadares 3º Premio: <i>Limerencia</i>, IES As Barxas Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>Días contados</i>, IES Poeta Díaz Castro



VARIOS	1	Sen premios
Límite do prazo para participar: 08.07.2022 Gala de entrega de premios: 27.09.2022 https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias?content=/Portal-Lingua/Contido/convocatoria/Premios/convocatoria_0128.html		
2022-2023	TRABALLOS INSCRITOS ()	TRABALLOS GANADORES do XIV Certame Ouff Escola
INFANTIL e PRIMARIA		Pendente
ESO/ BAC		Pendente
VARIOS		Pendente
Límite do prazo para participar: 10.07.2023 Gala de entrega de premios: pendente		

Premios Irmán Reboiras ás Mellores Iniciativas de Fomento do Galego

Este certame organizado por Ferega conta co apoio da SXPL, tanto no plano económico como na selección dos proxectos, na que participa a coordinadora central. Na última edición, a SXPL acordou apoiar a edición dos videoclips do proxecto Meniño Rei do CPR Compañía de María de Ferrol

Curso 2019-2020	Entrega na XV Xornada de Normalización Lingüística de Ferega o 29.11. 2019
1º Premio á mellor iniciativa de fomento do galego e do seu EDLG	Proxecto A fume de carozo, do Colexio Calasanz-PP Escolapios da Coruña
2º Premio	Proxecto Na fronte unha estrela, no bico un cantar, do Sagrado Corazón de Jesús de Ribadeo
Curso 2020-2021	Entrega na XVI Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
1º Premio Irmán Reboiras 2020	Proxecto do CPR PL. Esclavas, A Coruña (A Coruña)
2º Premio Irmán Reboiras 2020	Proxecto do CPR PL. Divino Maestro, Santiago de Compostela (A Coruña)
Curso 2021-2022	Entrega na XVII Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
Premio Irmán Reboiras 2021	Proxecto Canto en galego, do colexio Divina Pastora de Ourense



Premio Irmán Reboiras 2021	Proxecto Clunytaka, do colexio San José de Cluny de Santiago de Compostela
Curso 2022-2023	Entrega na XVIII Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
Premio Irmán Reboiras 2022	Proxecto O recuncho das galegas ilustres. Nós tamén navegar, do CPR Divino Maestro de Lugo
Premio Irmán Reboiras 2022	Proxecto O Meniño Rei, do CPR Compañía de María de Ferrol

Concurso de Curtametraxes Rec-Curta

Actividade de potenciación e dinamización da lingua galega no ámbito do audiovisual, organizada por Ferega en colaboración coa SXPL e os EDLG e destinada a alumnado de ESO, bacharelato e FP de centros pertencentes a Ferega-CECA. Logo dunha suspensión por mor da COVID-19, retomouse no curso 2020-2021. Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 realizouse con normalidade.

Premios Rec-Curta 2021	Curso 20210-2021
	• Accésit á participación para <i>O misterio do Camiño</i> do CPR La Salle de Santiago • Mención ao guión para <i>Criptoengano</i> do CPR Padre Míguez de Vigo • Mención á integración dos valores para <i>A miña vida nas túas mans</i> do CPR María Inmaculada de Vigo • Mención ao traballo en equipo: <i>A lenda da Virxe do Leite</i>, CPR María Inmaculada de Vigo
Premios Rec-Curta 2022	Curso 2021-2022 https://www.escolascaticas.es/wp-content/uploads/sites/3/2022/05/Premios-REC.curta-2022-1.pdf
1ª categoría (1º, 2º, 3º ESO)	• Mellor Película <i>Máscaras</i>, do colexio Franciscanos de Lugo. • Mellor Guión Orixinal <i>Máscaras</i>, do colexio Franciscanos de Lugo • Mellor Uso da Lingua <i>Unha nave, unha ponte</i>, do colexio Nosa Señora do Rosario de Arzúa. • Mellor Actriz Sabela González Grosi, en <i>Cómplices</i> do colexio Carmelitas de Vigo. • Mellor Actor Martín Rodríguez Díaz en <i>Todos xuntos, mellor!</i> do CPR Nosa Señora do Carme de Betanzos
2ª categoría (4º ESO e bacharelato)	• Mellor película <i>A luz escura</i>, do colexio Esclavas da Coruña • Mellor Película De Animación <i>É cousa de todos</i>, do colexio San José de Ourense • Mellor Uso da Lingua <i>O tabú do silencio</i>, do colexio Inmaculada de





	Lugo. - Mellor Actriz Violeta Gonzalo, en <i>Herdanza de sangue</i>, do colexio Santa María de Tui - Mellor Actor: Diego Varela, en <i>Ramas dunha mente demente</i> do colexio Don Bosco da Coruña - Mellor Guión Orixinal: <i>Toma os dereitos e corre</i>, do colexio Inmaculada de Lugo
Premios Rec-Curta 2023	Curso 2022-2023 https://www.escolascaticas.es/wp-content/uploads/sites/3/2023/05/Premios-Rec-Curta-2023.odt-1.pdf - https://www.escolascaticas.es/rec-curta-2/
ACCÉSIT	Accésit á Música: <i>Amizade</i>, realizada por alumnado de 2º ESO de Franciscanos de Lugo - Accésit ao Mellor guión adaptado: <i>Maruxa</i>, de alumnado de 2º de ESO do CPR María Inmaculada - Accésit ao labor de dirección: <i>As sombras dunha vida</i>, dirixida por Marta Dorelle
PREMIOS	- Premio ao Mellor Uso da Lingua: deserto - Mellor guión orixinal: <i>Redes Sociais</i>, CPR María Inmaculada de Vigo - Mellor actriz: Uxía Barros en <i>Maruxa</i> - Mellor actor: Pablo Pérez, en <i>As sombras dunha vida</i>, do CPR María Inmaculada. - Mellor película: <i>Amizade</i>, dos franciscanos de Lugo

Concurso de Novos Talentos de Relato Curto

Iniciativa da Fundación Coca-Cola que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Busca promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura en lingua galega entre o alumnado de 2º da ESO e darlles visibilidade ás novas promesas da literatura galega. A coordinación central dos EDLG colabora como membro do xurado e na elección do estímulo para a creación do relato.

A decisión de divulgar ou non o certame depende de que o material que presentan estea ou non integramente en galego.

No curso 2019-2020, o certame foi aprazado por causa da pandemia. Finalmente, o XII Concurso de Novos Talentos de Relato Curto puido desenvolverse no curso 2020-2021, a través dunha plataforma dixital, para evitar riscos.

Como novidade, déuselle voz ao alumnado na elaboración do estímulo creativo, unha descrición que serviría de base para a creación dos relatos do concurso e que foi elixida entre as presentadas a un **minicertame** realizado en xaneiro. A descrición seleccionada foi "O veciño" do IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña.



Como premio, Coca-Cola organizou unha actuación en exclusiva do ilusionista David Maestro no centro. No mes de marzo realizouse a proba de escrita. No marco da iniciativa tamén se realizou a **Xornada Aulas dixitais**, o 4 e o 5 de febreiro de 2021, con dous obradoiros en liña de formación do profesorado.

Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023, o certame seguiu a desenvolver a través da plataforma dixital e mantívose o estímulo colaborativo. No 2022-2023 realizouse un acto de entrega de premios no salón de actos de San Roque.

Curso 2020-2021 XII edición	
Premios provinciais	
A Coruña	1º Flavia Lago Bello. CPR Plurilingüe Montespino. Culleredo 1º Antón Pose Baliña. CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo. Cee 2º Adriana Vilar Figueira. CPR Plur. Manuela Rial Mouzo. Cee 3º Claudia Lema Rial. IES Maximino Romero de Lema. Baio
Lugo	1º Isabel Miragaya Dorado. CPR Plurilingüe Padres Franciscanos. Lugo 2º Sara Pico López. IES Muralla Romana. Lugo 3º Adriana Fernández Pazó. IES Leiras Pulpeiro. Lugo
Ourense	1º Uxía Rodríguez Pérez. CPR Plurilingüe San José (Josefinas). Ourense 2º Eva Fernández Díaz. IES O Couto. Ourense 3º Pablo Losada Lama. CPR Plurilingüe Santa María (Maristas). Ourense
Pontevedra	1º Mario Alonso Estévez. CPR Plurilingüe Padres Somascos. A Guarda 1º Alba Sobreira García. CPR Plurilingüe Vigo. Redondela 2º Alba Pérez Lago. IES Pedro Florianí. Redondela 3º Nerea Cores García IES Luís Seoane. Pontevedra
Premio autonómico de galego	
A Coruña	Flavia Lago Bello, do CPR Plurilingüe Montespino, Culleredo, co relato "Xadrez".
Curso 2021-2022- XIII edición	
Premio escrito colaborativo	
Pontevedra	"Osíxeno", do IES Luís Seoane, Pontevedra
Premio autonómico	
A Coruña	Pablo Taboada Prieto (CPR Manuela Rial Mouzo), CEE
Premios provinciais	
A Coruña	Pablo Taboada Prieto (CPR Manuela Rial Mouzo)
Lugo	Nadia Touzón López (Centro Privado Fundación Educativa Torre de Lemos)
Ourense	Carlota Regal González (CPR Plurilingüe Sagrado Corazón Celanova)



Pontevedra	Sabela Vázquez Castro (IES do Castro)
Curso 2022-2023- XIV edición	
Premio autonómico	
Catalina Zúñiga Calviño do CPR Plurilingüe San José, de Lugo	
Premios provinciais	
A Coruña	Martiño Souto Mera, do IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela
Lugo	Catalina Zúñiga Calviño, do CPR Plurilingüe San José de Lugo
Ourense	Martina Vidal Monfort, do IES As Lagoas de Ourense
Pontevedra	Iria Caamaño Mo, do CPR Santiago Apóstol de Soutomaior (Pontevedra)

O acto de entrega de premios realizouse no Pazo de San Roque. O premio autonómico consistiu nunha viaxe a Madrid de carácter cultural e de lecer que para asistir a dous cursos presenciais de escritura creativa e a diversas actividades culturais e lúdicas.

Premio Anual Otero Pedrayo para alumnado de ESO e bacharelato

A Fundación Ramón Otero Pedrayo, co apoio da SXPL, convoca o Premio Anual Otero Pedrayo para alumnos de ESO E bacharelato para contribuír ao coñecemento da personalidade do escritor entre as mozas e mozos galegos. Premia traballos escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de 15 folios; e traballos audiovisuais (vídeo, radio...) en galego de ata 20 minutos.

2021-2022	Prazo: 15 de xaneiro Entrega: 5 de marzo Ligazón	TRABALLOS GAÑADORES
Categoría individual	Traballos escritos ou audiovisuais alumnado ESO Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato	Granito", de Hadrián Félix Neira Varela, alumno de 2º de bacharelato
Categoría de grupo	Traballos escritos ou audiovisuais alumnado ESO Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato	alumnado de 2º bacharelato do IES Eduardo Pondal, de Ponteceso
2022-2023	Límite do prazo para participar: 12.02.2023	TRABALLOS GAÑADORES
Categoría	Traballos escritos ou audiovisuais	Patricia Fernanda García Pereira, alumna de 4º



individual	alumnado ESO	de ESO do IES As Barxas de Moaña, polo traballo de animación baseado no relato "O vello e mais o río"
	Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato	Alexandre Faria Léxico, alumna de bach. do IES Castela de Vigo, por "O conto número 21"
Categoría de grupo	Traballos escritos ou audiovisuais alumnado ESO	Proxecto Otero Pedrayo e Ribadeo, de alumnado de 2º de bacharelato do IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo.
	Traballos escritos ou audiovisuais alumnado bacharelato	
Accésits		Na categoría individual: a David Martínez Fernández estudante do IES Aquis Querquernis de Bande polo seu traballo sobre Francisco Fernández del Riego na voz poética de Ramón Otero Pedrayo Na categoría de grupo: alumnado do IES Castela de Vigo polo traballo sobre os artigos de Ramón Otero Pedrayo en <i>El Pueblo Gallego</i> do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 1934. Alumnado do IES Castela polo seu traballo sobre Otero Pedrayo en <i>El Pueblo Gallego</i> nos días anteriores ao plebiscito de Autonomía. Alumnado do IES Isidro Parga Pondal polo seu traballo sonoro sobre a viaxe de Otero Pedrayo a Santo Andrés de Teixido.

I Premio de Oratoria en Formato *Podcast* Ramón Otero Pedrayo

A Asociación Amigos de Otero Pedrayo convocou no curso 2022-2023, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o I Premio de Oratoria en Formato *Podcast* Ramón Otero Pedrayo, destinado a estudantes de 15 a 25 anos de idade coa finalidade de incentivar a expresión correcta e as habilidades comunicativas mediante o cultivo da expresión oral e da oratoria, con técnicas actuais para a sociedade dixital.

Pódense presentar *podcasts* e vídeos sobre temas ligados ao universo de Pedrayo como o medio natural, o territorio, o patrimonio, a historia, a xeografía, a comunicación oral ou a tradición oral. As pezas enviaranse ao correo asociacion.amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com entre o 10 de febreiro e o 25 de xullo de 2023.



ÁMBITO: COLABORACIÓN EN INICIATIVAS DOS CENTROS DE ENSINO

Convivencia de educación infantil Cholo e Nela camiño da fala

Arredor de 700 nenos e nenas, 300 pais e nais e uns 100 mestres e mestras gozan cada ano da Convivencia de Educación Infantil Cholo e Nela. A coordinadora territorial colabora na iniciativa mediante a difusión da información e a asistencia á actividade.

No curso 2019-2020, a XXIII convivencia de educación infantil Cholo e Nela camiño da fala non se realizou por mor do estado de alarma. Os centros que ían participar eran o CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Canalejas, o CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa e o CEIP Ramón Otero Pedrayo (O Barco de Valdeorras), o CEIP O Bolo (O Bolo), o CEIP de Casaio e o CPI Tomás Terrón Mendaña (Carballeda de Valdeorras), o CEIP de Manzaneda (Manzaneda), o CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso (Pobra de Trives), o CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño (Rubiá), o CEIP Manuel Folla Respino (Vilamartín de Valdeorras), o CEIP Manuel Respino e o Colexio Pablo VI (A Rúa), o CEIP San Martiño (Vilariño de Conso), o CEIP Eduardo Avila Bustillo (A Veiga). O profesorado creou varios vídeos para seguir a fomentar a lingua malia o confinamento.

Nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 e 2022-2023 tampouco se realizou. O profesorado creou varios videoclips. No curso 2022-2023, a SXPL apoiou o proxecto mediante o financiamento dos traxes das dúas mascotas, que precisaban renovar e dunha serie de sete videoclips que se presentarán a comezos do curso 2023-2024, cando se retome a iniciativa.

X Edición da Festa das Palabras

Iniciativa amadriñada nesta ocasión pola escritora Charo Golmar e coa participación de todos os centros de primaria e secundaria da Estrada. A coordinadora dos EDLG do municipio, Dinamizaestrada, é quen organizou este acto que, entre outras actividades, incluíu a entrega de premios do Concurso de Micropoemas e Microrrelatos. Os 67 mellores textos editáronse nun libro que lle foi entregado ao alumnado gañador.

Festival Arte pola Igualdade

O obxectivo deste espectáculo é dar a coñecer o traballo que se desenvolve nos centros educativos e mostrar que a discapacidade física ou psíquica non é un impedimento para desenvolver a capacidade creativa e artística.

A coordinadora da Coruña colabora moi activamente na organización do festival en todas as súas fases (planificación das actividades, selección do cartel, invitacións, reserva do Teatro Colón, asistencia...).

No curso 2019-2020, o IX Festival Arte pola Igualdade (organizado nesta edición polo CEE Nosa Señora do Rosario, o CMUS da Coruña e o CEIP Eusebio da Guarda en colaboración co IES de Leixa, CIFP Imaxe e Son, CIFP Somo e CIFP Ánxel Casal



Monte-Alto) non se puido realizar por mor da pandemia. Os preparativos estaban moi avanzados: revisión lingüística da peza teatral orixinal, solicitude formal do Teatro Colón á Deputación da Coruña, interlocución co Concello da Coruña, xestións relativas aos carteis, gravación (imaxe e son), escenografía, vestuario e complementos (bastóns), maquillaxe, interpretación e mediación en lingua de signos, permisos á SGAE, programación de reunións, ensaios..., pero a gala prevista anulouse. Nos cursos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 , o festival aínda non se puido retomar.

ÁMBITO: PROGRAMAS E PROXECTOS

1 Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística

Coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores no eido do emprego da lingua galega, que se alicercen na mellora da práctica profesional, do resultado do proceso educativo e que provoquen un impacto duradeiro, a SXPL e mais a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa presentan anualmente a convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización Lingüística, dirixida aos centros docentes de titularidade pública de Galicia.

De entre os proxectos presentados, a Comisión de Valoración selecciona cinco, que reciben a consideración de excelentes, unha dotación económica de 2.000 € e apoio e asesoramento das coordinadoras da SXPL. As súas experiencias difúndense a través da rede e da páxina web de Política Lingüística. O profesorado participante nos 5 proxectos galardoados recibe unha certificación de primeiro premio de innovación educativa.

No curso 2016-2017, incluíronse por primeira vez como programa no Plan Proxecta, que ofrece unha certificación de innovación educativa para o profesorado. Os centros admitidos en Proxecta teñen a obriga de se presentaren á convocatoria, que está aberta tamén a centros fóra do plan.

No futuro, talvez sexa conveniente entregarlles o premio non aos mellores proxectos, senón ás mellores memorias: por unha parte, poderíanse valorar de xeito máis obxectivo, en función dos resultados e dos produtos finais e, por outra, habería máis tempo para realizar o labor de valoración, pois este coincide cun período de gran carga de traballo, no que as coordinadoras de área están ocupadas cos proxectos de fomento e a central co Concurso das Letras Galegas.

As coordinadoras asesoran os centros inscritos en Proxecta (e tamén os participantes do concurso na modalidade libre que o solicitan), de forma presencial e telefónica ou telemática; tamén participan na selección de solicitudes do programa de Proxecta e forman parte da comisión de valoración dos proxectos presentados á convocatoria. A coordinadora central revisa as solicitudes, avalía as memorias e, como membro da comisión de selección, realiza o informe técnico co



apoio das coordinadoras. Tamén revisa os proxectos premiados para a publicación no Portal da lingua galega.

No curso 2020-2021, a pesar da situación sanitaria os centros puideron desenvolver os proxectos. Houbo nove centros admitidos en Proxecta que se presentaron á convocatoria (obrigatoria para os públicos) fóra do prazo correspondente e, por tanto, non tiveron opción a premio de innovación, aínda que si tiveron a posibilidade de recibir a certificación de Proxecta. Ademais, tampouco tiveron opción a premio dous proxectos que incumpriron as bases: o do CEIP Daría González García de Pontevedra, que presentou o proxecto de fomento, e o do IES rego da Trabe, que se presentou co CPR Compañía de María.

No curso 2021-2022, a convocatoria desenvolveuse con normalidade, aínda que se resolveu algo máis tarde do previsto debido a que dous membros da Comisión de Selección (a coordinadora central e a provincial da Coruña) deberon realizar as funcións propias do tribunal de oposición de EOI.

No curso 2022-2023, a convocatoria resolveuse con normalidade. Acordouse que para o curso 2023-2024 o límite de docentes en Proxecta pasaría de 20 a 25.

Curso 2020-2021		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
34 proxectos 36 centros	18 8 da provincia da Coruña 2 da provincia de Lugo 0 da provincia de Ourense 8 da provincia Pontevedra	16 6 da provincia da Coruña 0 da provincia de Lugo 1 da provincia de Ourense 11 da provincia Pontevedra
Convocatoria 08.02.2021	do	<i>As palabras no Camiño II</i>. IES Plurilingüe Aquis Celenis. Caldas de Reis (Pontevedra)
Resolución 30.06.2021	do	<i>Traballa cos teus soños</i>. CEIP do Carballal. Marín (Pontevedra) <i>Ler e só o principio</i>. IES David Buján. Cambre (A Coruña) <i>Editorial: altofalante da palabra adxectivada</i>. CEIP Heroínas de Salvora. Ribeira (A Coruña) <i>#Sonmonte</i>. IES Illa de Ons. Bueu (Pontevedra)
Curso 2021-2022		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta: 18	Centros fóra do Plan Proxecta: 12
28 proxectos 30 centros	10 da provincia da Coruña 2 da provincia de Lugo 0 da provincia de Ourense 6 da provincia Pontevedra	5 da provincia da Coruña 1 da provincia de Lugo 0 da provincia de Ourense 6 da provincia Pontevedra





Convocatoria 12.01.2022	do	1º Premio: O poeta que baila, do IES Marco do Camballón, Vila de Cruces, Pontevedra e do IES do Milladoiro, Ames, A Coruña
Resolución 18.07.2022	do	1º Premio Polo río vai e ben, do IES de Ponte Caldelas, Ponte Caldelas, Pontevedra e do IES de Soutomaior, Soutomaior, Pontevedra 1º Premio: RT, do IES Rego de Trabe, Culleredo, A Coruña 1º Premio: Arrólame paseniño, arrólame un pouquiño, do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, Santa Comba, A Coruña 1º Premio: O galego é musica, do CMUS Profesional Xan Viaño, Ferrol, A Coruña - Accésit: Obradoiros Navalón. Intervención artística do terreo a través do cultivo das plantas do Camiño, CEE Manuel López Navalón, Santiago de Compostela, A Coruña
CURSO 2022-2023		
Datos de participación		
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
36 centros 34 proxectos	19 centros / 18 proxectos 5 centros da provincia da Coruña 4 centros da provincia de Lugo 3 centros da provincia de Ourense 7 centros da provincia de Pontevedra	19 centros / 16 proxectos 8 centros da provincia da Coruña 4 centros da provincia de Lugo 0 centros da provincia de Ourense 7 centros da provincia de Pontevedra
Convocatoria 10.01.2023	do	1º Premio: A literatura galega á escena, IES Martaguisela, O Barco de Valdeorras, Ourense
Resolución 28.06.2023	do	1º Premio: 3, 2, 1... Acción!, CEIP Plurilingüe de Reboreda, Redondela, Pontevedra 1º Premio: Rachando roles, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, Ferrol, A Coruña; IES Ricardo Carvalho Calero, Ferrol, A Coruña; CEIP A Solaina, Narón, A Coruña 1º Premio: Lucas, cámara... A falar!, IES Ramón Cabanillas, Cambados, Pontevedra 1º Premio: Musigaliza-te, CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto, Boqueixón, A Coruña - Mención de Honra: Comer e ler en galego, CIFP Paseo das Pontes, A Coruña, A Coruña

2 Nós tamén creamos!

A SXPL puxo en marcha en 2010-2011 o programa Nós tamén creamos! para incrementar o uso do galego entre as xeracións máis novas e fomentar a presenza do galego nos centros de educación infantil e primaria a través da creatividade e da



incorporación das TIC nas aulas, máis en concreto, mediante a creación de curtametraxes en galego. Inclúe unha dotación de libros infantís en galego para cada centro seleccionado, así como formación e asesoramento ao profesorado para que poida realizar co alumnado curtas de animación coa técnica de *stop motion* baseadas nos libros proporcionados. No curso 2013-2014, o programa foi incluído no Plan Proxecta e ampliou a formación docente, que pasou a ser anual, con parte presencial e parte en rede, para os centros admitidos. A coordinadora central realiza a xestión deste programa (revisión de solicitudes, selección dos libros, revisión dos contidos do curso, avaliación de memorias,...) e, xunto coa coordinadora de apoio, participa na comisión de selección.

Desde o ano lectivo 2011-2012, a SXPL convoca anualmente o concurso Nós tamén creamos!, asociado ao programa, para centros de titularidade pública. Establece tres categorías: educación infantil, 1º e 2º de primaria e 3º e 4º de primaria.

Nós tamén creamos! desenvólvese en colaboración coa Compañía de RTVG e Oqo Editora. As curtas premiadas publícanse no web da SXPL e no da CRTVG. Grazas á colaboración coa CRTVG, estas curtas de animación poden verse na aplicación Xabarán desta entidade e na sección infantil da súa canle e por iso teñen un efecto aínda máis positivo na promoción da lingua galega, que non se restrinxe ao ámbito de cada centro senón que chega a un público moito máis amplo, mesmo de fóra da Comunidade Autónoma. Por outra parte, o centro gañador na modalidade de 3º e 4º cursos de primaria ten a posibilidade de participar no Festival de Cans.

No curso 2019/2020, o programa desenvolveuse con normalidade ata o 14 de marzo. Os centros admitidos en Proxecta recibiron a formación presencial e a dotación de libros de OQO Editora e realizaron a maior parte das tarefas da formación en liña. Porén, por mor da epidemia, para a maioría dos centros inscritos no certame resultou imposible rematar os audiovisuais. Por isto, acordouse ampliar a súa data de entrega. O novo prazo de envío das curtas finalizou o 30 de outubro de 2020. De forma excepcional, os centros admitidos en Proxecta dispuxeron ata o 30 de setembro para remataren as memorias. Finalmente, 10 centros conseguiron rematar as curtas e puideron outorgarse os premios das tres categorías.

No curso 2020/2021, debido a que só se inscribiron dous centros en Proxecta, a SXPL optou por cancelar o programa en Proxecta e ofrecerlles a posibilidade de cambiar ao programa de PIDL e aceptaron. A convocatoria dos premios, por tanto, non se realizou. Porén, resolvéronse os premios NTC 2019-2020 (aprazados por mor da pandemia) e conseguiuase divulgar estas e outras curtas participantes en distintas edicións do certame non só no espazo da CRTVG e na *app* Xabarán senón tamén en programas infantís desa mesma cadea.

No curso 2021-2022 e 2022-2023, o programa desenvolveuse con total normalidade. Como novidade, no 2022-2023 acordouse conceder un accésit, de ser o caso, para cada categoría. Nesta ocasión, debido á gran calidade das curtas, optouse por conceder os tres.





Acordouse que no sucesivo se mantería o accésit para cada categoría e que se ampliaría o número de categorías cunha cuarta, para 5º e 6 de educación primaria. Solicitouse da CRTVG un premio (un televisor) desta entidade para a nova categoría e un premio menor para cada accésit, que se sumarán aos premios da editorial.

A entidade comentou que se volverían divulgar as curtas participantes e premiadas en programas infantís desa mesma cadea.

CURSO 2019-2020		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
10 curtas	23 centros	14 centros + 1 CPR
Convocatoria: 10.12.2019 19.06.2020: Acordo de ampliación do prazo de envío de curtas ata o 30 de outubro de 2020 Resolución: 25.01.2021	Centros gañadores: Categoría 1: 2º ciclo de educación infantil • <i>Mariluz avestruz</i>. CEIP Xesús San Luís Romero. Carballo. A Coruña Categoría 2: 1º e 2º cursos de educación primaria • <i>Quen pode vencer o virus</i>. CEIP Plurilingüe Virxe do Mar. Narón. A Coruña Categoría 3: 3º e 4º cursos de educación primaria • <i>Paco Papán</i>. CEIP Ramón Otero Pedrayo. A Laracha. A Coruña	
CURSO 2020-2021		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
	2	--
Anulouse polo baixo número e centros inscritos, que pasaron a PIDL.		
CURSO 2021-2022		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
	16	8
Convocatoria do 12.01.2022 Resolución do 04.07.2022	Categoría 1: 2º ciclo de educación infantil • <i>Sopa verde</i> – CEIP Albeiros, Lugo Categoría 2: 1º e 2º cursos de educación primaria • <i>O Camiño</i> – CEE Miño, Ourense Categoría 3: 3º e 4º cursos de educación primaria • <i>Un conto cheo de lobos</i>– CEIP Manuel Villar Paramá, A Estrada	
CURSO 2022-2023		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
31 curtas	19	5
Convocatoria do	Categoría 1: 2º ciclo de educación infantil	



24.12.2022 Resolución 02.07.2023	do	• 1º Premio: <i>Tonino. Un pingüín en Ames</i> - EEI do Milladoiro, Ames (A Coruña) • Accésit: <i>Non fai falta a voz</i> - CEE A Barcia, Santiago de Compostela (A Coruña) Categoría 2: 1º e 2º cursos de educación primaria • 1º Premio: <i>O cascabel da gata</i> - CEIP Plurilingüe Feliciano Barrera, Ponteareas (Pontevedra) • Accésit: <i>A princesa do Caurel</i> - CEIP A Canicouva, Vigo (Pontevedra) Categoría 3: 3º e 4º cursos de educación primaria • 1º Premio: <i>Sígueme</i> - CEIP Padre Feijoo, Allariz (Oure) • Accésit: <i>A Princesa do Caurel</i> - CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, Sober (Lugo)
--	----	---

3 Proxecto Didáctico Antonio Fraguas

O proxecto didáctico Antonio Fraguas é unha iniciativa encamiñada á realización de pescudas sobre o patrimonio galego nos centros escolares de Galicia. O ámbito temático abrangue un ou varios dos seguintes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte da contorna inmediata do centro. Un capítulo do traballo dedícase a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto. Valóranse as accións que fomenten a educación en igualdade e/ou o coñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado cos camiños de Santiago. Conta co apoio da SXPL e está recoñecido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades como proxecto de innovación educativa incluído no Plan Proxecta.

De forma paralela, convócanse, cunha periodicidade bianual, os premios do proxecto didáctico Antonio Fraguas, organizados pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas co apoio da SXPL e dotados con 7.000 € para cada centro galardoado.

No curso 2019-2020, a publicación da convocatoria da XII edición do proxecto didáctico Antonio Fraguas realizouse o 03.03.2020. Porén, posteriormente o Padroado da Fundación aprazou o seu desenvolvemento. No 2020-2021, debido á persistencia da situación de crise sanitaria, non se realizou a convocatoria do proxecto didáctico.

No curso 2021-2022, presentáronse 10 centros educativos da Coruña, Lugo e Pontevedra.

CURSO 2022-2023	PROXECTOS PREMIADOS
Categoría de educación primaria	Ecoparloteo, do CEIP A Ramallosa de Teo
Categoría de educación secundaria	Ao son da oralidade. O noso patrimonio, do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces e o IES do Milladoiro de Ames



As coordinadoras Mariela Leis e Pura Galán participaron na Comisión de Selección dos proxectos.

No curso 2022-2023 non correspondía haber certame, pero si houbo o programa en Proxecta, como cada ano escolar. No curso 2023-2024 haberá unha nova convocatoria do certame.

4 Programa 21 días co galego e +

21 días co galego e + é un programa promovido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da SXPL, co fin de promover o uso do galego oral dentro e fóra dos centros de ensino, de acordo co Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. Baseado nos 21 días que se consideran necesarios na adquisición dun hábito, naceu no IES da Pobra do Caramiñal, da man da profesora Pilar Ponte, co obxectivo de perfeccionar a competencia do alumnado e promover a reflexión individual sobre os usos lingüísticos propios. O alumnado da ESO e bacharelato que participa adquire o compromiso de vivir tres semanas usando a lingua galega en todos os ámbitos, reflexionando sobre o que esa práctica significa e contando a súa experiencia en vídeos ou *podcasts*. En 2015, recibiu un premio de innovación educativa en dinamización lingüística e o curso seguinte sumouse o alumnado do CPR Fogar de Santa Margarida da Coruña e recibiu o primeiro acto de recoñecemento da Real Academia Galega a unha actividade educativa.

No curso 2018-2019, a SXPL decidiu expandir a iniciativa e creou un programa experimental para 4 centros de ensino secundario de cidades ou vilas moi castelanizadas (máis necesitadas de iniciativas de dinamización da oralidade): o IES Pontepedriña de Santiago de Compostela; o IES Antón Alonso Ríos de Tomiño; o IES Otero Pedrayo de Ourense; e o IES Francisco Daviña Rey de Monforte de Lemos

No 1º trimestre, despois da selección dos centros realizada polas coordinadoras, creáronse contas nas RR SS e o blog <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>, deseñouse a marca e o logo e preparáronse os carteis, as camisetas e chapas de agasallo. Os centros crearon os materiais para o blog dos 21 días de forma colaborativa. A 2ª fase, de aplicación do programa en cada instituto, realizouse do 14 de xaneiro ao 3 de febreiro. Iniciouse un acto de presentación no IES de Pontepedriña e rematou con outro de clausura no de Tomiño. Na 3ª fase, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo alumnado.

Nesa edición, participaron 95 docentes e 1.316 alumnas e alumnos de 12 a 18 anos dos catro institutos. No blog [21diascogalegoemais.gal](https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/), creado para difundir as creacións dos centros participantes, cada día, unha entrada indícalles aos rapaces e rapazas as tarefas que deben realizar (incluídas as gravacións onde deixarán constancia das súas reflexións sobre a experiencia). A iniciativa espallouse a través das contas do programa nas redes sociais e na Xornada InquEdu os centros amosaron os materiais creados.



O impacto da actividade nas redes foi moi elevado: o blog foi seguido por unha chea de adolescentes; a canle de YouTube rexistrou unhas 15.500 reproducións dos vídeos; Instagram acadou máis de 300 seguidores; a páxina en Facebook foi visitada por 7.634 persoas (e houbo 4.758 interaccións entre o público e a páxina), e o alcance da de Twitter elevouse ata as 14.900. Nos medios máis convencionais (prensa, TVG, Radio Galega, TVE), a repercusión tamén superou todas as expectativas.

A iniciativa recibiu o Premio Rosalía de Castro de Lingua da Deputación da Coruña e Pilar Ponte, o Premio da Cultura Galega 2019 como coordinadora do proxecto. Por outra parte, o Desafío 48 h, creado a imitación deste no IES María Casares de Oleiros, foi galardoado cun dos premios Mil Primaveras da CTNL e no Concello de Moaña tamén se organizou unha semana de galego nas mesmas datas.

O 29.05.2019 desenvolveuse a Xornada InquEdu, unha xeira de confraternización na Cidade da Cultura na que o alumnado mostrou obras de teatro, cancións etc. Tamén asistiu un grupo de alumnas e alumnos do IES da Pobra do Caramiñal que participou fóra do programa.

Na avaliación, as coordinadoras dos centros mostraron a súa satisfacción polo éxito dos 21 días, mais tamén insistiron no enorme esforzo que supuxera. Recomendaron incentivar os institutos cunha dotación económica para poderen mercar o material necesario, con obradoiros de audiovisual ou mediante unha certificación de horas de formación ou unha redución de gardas ou titorías para as persoas coordinadoras.

No curso 2019-2020, incrementouse ata 10 o número de centros:

- A Coruña: IES Afonso X O Sabio (Cambre), IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela), CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida (A Coruña)
- Lugo: IES Ánxel Fole (Lugo)
- Ourense: IES As Lagoas (Ourense), IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)
- Pontevedra: IES Antón Alonso Ríos (Tomiño), IES Illa de Ons (Bueu), IES de Poio (Poio) e IES de Vilalonga (Sanxenxo)

Participaron 4.242 persoas: 3.877 adolescentes da ESO, bacharelato e FP, de 12 a 18 anos, 305 docentes e 60 PAS. As coordinadoras volveron ter dificultades para conseguir centros. Como en Lugo (que ten máis alumnado galegofalante e localidades menos castelanizadas) só se conseguiu un, aceptouse o IES Alonso Ríos de Tomiño de Pontevedra, que participara o curso anterior e se mostrara disposto a repetir a experiencia.

Como novidade, ademais dos carteis, camisetas e chapas, cada centro recibiu unha dotación de 1.000 € para o desenvolver o programa (procedente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e da SXPL no caso do CPR) e un obradoiro audiovisual; varios institutos incluíron o proxecto no seu PFPP para poderen recibir a certificación correspondente; realizouse unha enquisa sociolingüística en todos os centros; e no IES Xelmírez, como experiencia piloto, as



tarefas realizáronse e avaliáronse en máis aulas que as de galego (unha das tarefas, o reto, foi asumida por materias diferentes de galego). A sesión de inauguración realizouse no IES Xelmírez I de Santiago de Compostela e a de clausura no IES Afonso X de Cambre.

Como no curso anterior, o programa xestionouse a través do blog onde se publicaron, unha vez revisados, os contidos condutores, elaborados case todos polos centros. A iniciativa apareceu en múltiples medios de comunicación e utilizáronse as contas das redes sociais asociadas para a súa dinamización en Internet. As cifras son máis que satisfactorias, se se ten en conta que a vida real destas contas se limita a tres ou catro semanas ao ano e que se trata dun programa educativo:

Páxina Facebook:	de	786 seguidores. 769 Gústame. Ata 3.549 persoas de alcance por publicación durante os 21 Días (a publicación de máis alcance, é dicir, maior núm. de persoas ás que lle apareceu, foi de 3.549 persoas). 790 minutos de vídeo reproducidos. + de 2500 reproducións de vídeos. 149 publicacións en 21 días en 2020
Conta Instagram	de	493 seguidores. 167 publicacións
Conta de Twitter		249 seguidores. 9.100 impresións en 21 días en 2020. 180 publicacións
Conta de YouTube		51.411 reproducións. 2.054 horas de visualización. 183 vídeos. 15 listas de reprodución. 31,5 % de audiencia menor de 24 anos. 120 subscritores

Por mor da COVID-19, foi imposible realizar a sesión final de confraternización, na que os centros poderían visualizar os seus proxectos e iniciativas, mais recibiron en compensación unha dotación adicional de 350 €.

Na sesión de avaliación virtual, as coordinadoras de cada centro mostraron a súa satisfacción polo éxito dos 21 días e, aínda que insistiron novamente no esforzo que supuxera, valoraron a dotación de 1.000 € como suficiente.

O secretario xeral de Política Lingüística presentou os 21 días en múltiples foros, entre eles en Bruxelas, e o programa foi obxecto nesta edición dos seguintes recoñecementos:

- Entrega do Premio da Cultura Galega de Lingua 2019 a Pilar Ponte polo seu programa 21 días co galego e +.
- Entrega do X Premio de Lingua Rosalía de Castro á Promoción da Lingua Galega na infancia e mocidade 2019.
- 21 días co galego foi finalista nos Premios da Gala do Libro Galego 2020 dentro dos Premios a traxectorias (categoría de iniciativa cultural ou fomento da lectura).

No curso 2020-2021, malia a pandemia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiu a apostar pola dinamización da lingua galega entre a mocidade e mantivo o programa noutros 10 centros educativos das catro provincias:





- A Coruña: IES As Mariñas de Betanzos; IES de Carral (Carral); e IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela
- Lugo: CPR Plurilingüe A Inmaculada de Lugo e IES Perdouro de Burela
- Ourense: IES Lauro Olmo do Barco de Valdeorras e IES Taboada Chivite de Verín
- Pontevedra: IES Ramón Cabanillas de Cambados; IES Sánchez Cantón de Pontevedra; e IES Santa Irene de Vigo

Esta edición contou con 3.738 participantes: 3.141 alumnas e alumnos de educación primaria, ESO, bacharelato e FP, con idades comprendidas entre os 8 e os 18 anos, que se comprometeron a falar soamente en galego as 24 horas do día durante as 21 xornadas de duración (do 22 de febreiro ao 14 de marzo de 2021), dentro e fóra do centro de ensino; e, así mesmo, tamén participaron de forma directa 271 profesoras e profesores e 51 membros do persoal de administración e servizos.

Destacan varias novidades:

- O programa desenvolveuse por primeira vez de xeito experimental en cursos de educación primaria (de 3º a 6º) no CPR Maristas A Inmaculada de Lugo.
- Xeneralizouse a participación de todas as materias nas actividades dos centros (respectando a lexislación vixente), de maneira que o proxecto deixou de estar ligado sobre todo á Lingua Galega e Literatura para abranguer todo o sistema educativo (a realización das píslulas informativas converteuse en traballo de aula de todas as materias, agás as de obrigada docencia en castelán, e a realización das actividades fóra da aula estendeuse a todas). Daquela, deuse un salto cualitativo ao incorporar o resto das materias (agás as de obrigada docencia en castelán) á parte avaliable do programa e, así, este integrouse aínda máis no currículo e na vida académica.
- Diseñouse unha programación dobre que contaba cunha adaptación en liña inmediata ante posibles situacións de confinamento para os centros.
- Ofrecéronse videotitoriais de creación propia dirixidos ao alumnado.
- Conseguiuse a colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos para achegarlle os 21 días co galego e + ao alumnado, ás súas familias e á poboación en xeral: Acadouse a participación no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega cunha sección diaria fixa durante os 21 días, na que o alumnado de cada un dos centros, acompañado polo seu profesorado, tivo a oportunidade de expoñerlle á sociedade galega os proxectos nos que están a traballar e cos que contribúen aos 21 días co galego e +; e os membros do programa da TVG *Dígocho eu!* colaboraron cos 21 días mediante a realización de encontros virtuais con nove dos centros e un encontro presencial sorpresa no IES As Mariñas de Betanzos.
- No IES Ramón Cabanillas de Cambados, o programa converteuse no eixe vertebrador do proxecto de centro para o curso escolar.





Durante o 1º trimestre, desenvolveuse a 1ª fase, na que os 10 centros traballaron de xeito colaborativo na realización da maioría dos contidos que ían aparecer no blog. Na 2ª fase, do 22 de febreiro ata o 15 de marzo, desenvolvéronse as actividades centrais do programa grazas a un profesorado que realizou o esforzo de ir adaptando as actividades aos diferentes niveis de restricións sanitarias en cada momento e que nalgúns casos variaron de semana a semana. Tras o 15 de marzo, na 3ª fase, o alumnado entregou os traballos realizados para a súa avaliación docente e os centros enviaron as mellores producións, que despois se publicaron nas canles do programa.

Os 21 días en galego e + desenvolvéronse en secundaria, bacharelato e, por primeira vez, tamén en primaria e con excelentes valoracións; e ademais non se fixeron só a través do departamento de Lingua Galega e Literatura senón a través de todos os departamentos e con especial atención á dinamización no ámbito científico-matemático (*podcast* Cambaciencia, exposicións de mulleres científicas galegas, estudos botánicos e económicos).

Non puido haber actos oficiais presenciais de inauguración nin de clausura (o que reduciu as novas nos medios de comunicación); realizáronse de forma telemática, o mesmo que os labores de coordinación. Só se puido realizar, de xeito excepcional, unha visita a un centro, o IES Lamas de Abade. Porén, os 21 días foron o punto de partida para a creación dun ambiente de centro participativo, ilusionante e favorecedor de actividades creativas e optimistas que contribuíron a minguar os efectos que a pandemia tivo sobre o alumnado.

O programa xestionouse a través da súa páxina oficial, o blog <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>, onde se publicaron os contidos condutores, elaborados en gran parte polos centros participantes. Ao longo dos 21 Días e con posterioridade, utilizáronse as contas das redes sociais asociadas aos 21 días para a súa dinamización en Internet. Despois das tres semanas do programa, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo alumnado.

O impacto da actividade na rede foi moi elevado, se consideramos que se trata dunha actividade educativa restrinxida a un número limitado de centros e que só dura 21 días, un total de 63 días nas tres edicións:

- O blog do programa, *21 días co galego e máis* (blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/) foi seguido por todas as persoas participantes.
- A páxina de Facebook conta con 936 seguidores, no mes dos 21 días recibiu 1.150 visitas cun alcance de 16.918 persoas, 9.215 interaccións coa publicación e 15.169 reproducións de vídeo.
- A conta de Instagram @21dcgemais conta con 573 seguidores.
- A de Twitter, que conta con 339 seguidores, elevouse ata as 72.900 impresións nos últimos 28 días e máis de 3.239 visitas ao perfil (no mes de marzo houbo unha media 1.300 presións por día e o chío máis visto chegou a 9.941 persoas).



- A canle de YouTube recibiu 244.615 impresións, tivo 63.823 reproducións, 144 subscricións e acumula 2.421 horas de tempo de visualización dos 224 vídeos colgados que foron realizados polo alumnado.
- E nesta edición estreouse unha conta de TikTok asociada ao programa.

A seguinte táboa recolle os datos máis salientables en cada unha das RR SS (datos do 04.07.2021):

Páxina Facebook	de	969 seguidores
		966 Gústame
		Ata 3.488 persoas de alcance por publicación durante os 21 Días
		61 vídeos publicados directamente na rede social (a eles hai que sumar as ligazóns aos vídeos da conta de YouTube)
		223 publicacións en 21 días en 2021 (un 50 % máis que en 2020 onde foran 149)
Conta Instagram	de	612 seguidores
		197 publicacións
Conta de Twitter		351 seguidores
		95.620 impresións (81.900 nos 21 Días, un 800 % máis que en 2020 cando se rexistraran 9100 impresións)
		446 publicacións (184 nesta edición)
Conta de YouTube		69.221 reproducións
		2.580 horas de visualización
		311 vídeos
		25 listas de reprodución
		296.225 impresións
		28,9 % de audiencia menor de 24 anos
		62,4 % da audiencia son mulleres
		161 subscritores (un 34% máis ca o ano anterior)
Conta de Tik Tok		Abriuse a conta e comezou a interactuarse con algún centro que tamén a tiña.

As cifras son moi satisfactorias se temos en conta que a vida real destas contas se limita a tres semanas ao ano, que se trata dun programa educativo.

A presenza tradicional do programa nos medios de comunicación xeneralistas foi maior que na edición precedente grazas á colaboración coa CRTVG. Na prensa o impacto foi menor, debido a que non houbo inauguracións e clausuras presenciais; os centros non puideron desenvolver actos públicos e os medios tampouco podían acceder aos centros; e a situación pandémica no momento de realización dos 21 Días facía que os medios de comunicación restrinxisen ao máximo os contidos non





prioritarios como as páxinas de educación e cultura. Porén, o programa estivo máis presente que nunca na sociedade grazas á sección diaria no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega. Este espazo diario dun cuarto de hora de duración serviu para achegarnos cada xornada os diferentes centros participantes e os traballos que estaban a realizar. Outro factor que aumentou a presenza social do programa foi a emisión dun vídeo especial no *Dígocho eu!* cos mellores vídeos dos centros.

Xa que logo, pódese falar dunha situación irregular, cun alcance moito maior e constante no tempo grazas á colaboración dos medios de comunicación públicos.

Nas memorias realizadas polos centros educativos participantes, sinalan os seguintes beneficios xerais:

- Aumento da fluidez na comunicación oral formal e coloquial en lingua galega de todos os colectivos participantes, especialmente do alumnado máis tamén do profesorado, do PAS e de numerosas familias que se unen ao proxecto.
- Maior coñecemento consciente da realidade lingüística a través das reflexións persoais e colectivas sobre a situación das linguas en Galicia e sobre as repercusións dun uso activo do galego.
- Posta en valor dos trazos dialectais propios.
- Vinculación de experiencias innovadoras co uso da lingua galega.
- Participación do alumnado en tarefas transversais do currículo.
- Achegamento á cultura galega actual e histórica e, particularmente, á da comarca do propio centro.
- Maior vivencia do mundo artístico galego, especialmente da música, tanto na recepción como na produción artísticas.
- Creación de sinerxías no traballo do profesorado, en moitos casos por primeira vez, que, segundo información de anteriores edicións, tenden a ter continuidade nos centros educativos.
- Creación ou aumento de colaboracións entre os EDLG e os Equipos de Biblioteca, dous grupos de traballo que deben de ir da man nos centros.
- Incorporación dunha dimensión dixital das actividades educativas, como medio para a súa transcendencia fóra da aula na que se produce e mesmo fóra do ámbito do centro.
- Participación do alumnado en tarefas colaborativas e cooperativas onde todas as persoas son importantes.
- Achegamento de xeito lúdico e menos academicista ás materias curriculares, especialmente ás do ámbito científico-tecnolóxico.
- Vinculación de experiencias positivas co uso da lingua galega.



- Creación dun ambiente ilusionador e de socialización positiva nunha etapa marcada polas tensións, medos e illamento da etapa pandémica.
- Fortalecemento dos nexos de unión da comunidade educativa.

No curso 2021-2022, incrementouse o número de centros, que pasou a 12:

- A Coruña: CPI de Atios, Valdoviño; CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco; CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús, A Coruña; IES David Buján, Cambre
- Lugo: IES Monte Castelo, Burela; IES Lucus Augusti, Lugo
- Ourense: CPI Virxe da Saleta, Cea; CPR Plurilingüe Concepción Arenal, Ourense
- Pontevedra: IES de Meaño, Meaño; IES Valadares, Vigo; IES de Barro, Barro; CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal

A participación, foi de 3.845 persoas: 3.399 alumnas e alumnos de educación primaria, ESO, bacharelato e FP, con idades comprendidas entre os 8 e os 18 anos. Así mesmo, tamén participaron de forma directa 394 profesoras e profesores e 52 membros do persoal de administración e servizos.

Esta edición afonda nas liñas de traballo que se viñan desenvolvendo:

- a ampliación do programa para chegar cada vez a máis centros. En 2022 acadamos a ducia de centros participantes.
- a extensión das etapas en que se aplica, e así, en 2022 o programa estendeuse á etapa de primaria nos CPI e CPR, coa participación de alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- a integración, colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos para achegarlle o programa ao alumnado, ás familias e á poboación en xeral dado que a promoción do galego é un obxectivo para toda a sociedade:
- a ampliación da colaboración co programa *Dígocho eu!* da TVG. Nesta edición os tres responsables do espazo colaboraron mediante a realización de encontros virtuais con oito dos centros. Ademais, Carlos Amado, o director, e Esther Estévez, a condutora, desprazáronse a un centro de cada provincia para manter un encontro presencial co alumnado.
- o mantemento da colaboración co programa *Galicia por Diante* da Radio Galega, onde 21 días co galego e + tivo unha sección diaria de luns a venres durante as tres semanas na que o alumnado dos diferentes centros lle contou á audiencia os temas que trataron e como estaba a ser a súa participación.

Co lema "Creando en galego no século XXI", pretendíase que o alumnado se achegase ás formas de creación da cultura galega neste século con especial atención ao mundo das comunicacións que nas redes sociais. Así traballáronse





temas moi actuais, de grande interese para o alumnado como as redes sociais, a revolución do "tradi", os videoxogos ou a ciencia, entre outros.

No 1º trimestre desenvolveuse a 1ª fase, na que os centros traballaron de xeito colaborativo na realización da maioría dos contidos que ían aparecer no blog. Atendeuse tanto á coordinación con outros proxectos nos que xa estaban a participar como no desenvolvemento de novas liñas de actuación docente arredor. A 2ª fase iniciouse cunha presentación virtual o 1 de febreiro e desenvolveuse ata o 22 en que se realizou a clausura, de forma presencial no IES Lucus Augusti. Na 3ª fase, o alumnado entregou os traballos realizados para a avaliación docente e os centros enviaron as mellores producións que logo se publicaron na canle de YouTube do programa.

Relizáronse as seguintes actividades comúns en todos os centros:

- Participación dunha representación na inauguración oficial (telemática).
- Acto de inauguración no ámbito do centro ou aula
- Elaboración do vídeo de tema do centro
- Participación no *Galicia por Diante* co tema de centro
- Videoconferencia co director, a lingüista e a presentadora do programa *Dígocho eu!* en 8 centros
- Encontro presencial con Carlos Amado e Esther Estévez do programa *Dígocho eu!* en catro centros, un de cada provincia
- Elaboración individual ou en grupo un *Dígocho eu!* na materia de Lingua Galega e Literatura, realizada por todo o alumnado
- Elaboración individual ou en grupo unha pílula informativa en vídeo ou un programa de radio de contido académico noutra das materias, realizada por todo o alumnado
- Realización de tres gravacións individuais de reflexión sociolingüística, por parte de todo o alumnado
- Realización dunha enquisa sociolingüística con formularios diferenciados para cada colectivo: alumnado, nais e pais, profesorado e persoal de administración e servizos.
- Acto de clausura no nivel do centro ou aula. Nalgúns dos centros o día da clausura realizaron un concerto

Ademais, cada centro desenvolveu o seu propio plan de actividades, que foi máis ou menos ambicioso dependendo da participación da comunidade educativa de cada un deles.

O desenvolvemento do programa fíxose a través do **blog 21 días co galego e +** onde se publicaron, unha vez revisados e editados, os contidos condutores, elaborados case na súa totalidade polos centros participantes.



Ao longo dos 21 días e con posterioridade, utilizáronse as contas das redes sociais asociadas ao programa para a súa dinamización en Internet (no apartado da memoria correspondente dáse conta polo miúdo do comportamento nas diferentes redes sociais).

Con posterioridade á finalización das tres semanas, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo seu alumnado.

En canto ao asesoramento, este ano, volveu ser presencial nos centros (dúas visitas a cada centro), combinado con formas de coordinación non presencial (reunión virtual inicial e final, creación dun grupo de Whatsapp).

O programa xestionouse a través do **blog 21 días co galego e +**. Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables en cada unha das redes sociais. As cifras son satisfactorias se temos en conta que a vida real destas contas se limita a tres ou catro semanas ao ano e que se trata dun programa educativo.

Páxina de Facebook	Audiencia 1062 persoas
	Ata 9521 persoas de alcance en publicación durante os 21 Días
	26 vídeos publicados directamente na rede social (a eles hai que sumar as ligazóns aos vídeos da conta de YouTube)
	87 publicacións
Conta de Instagram	830 seguidores
	271 publicacións (75 novas)
Conta de Twitter	413 seguidores
	149.250 (95.620 impresións nesta edición)
	615 publicacións
Conta de YouTube	85.295 reproducións (16.138 nesta edición)
	3.054 horas de visualización (474 nesta edición)
	311 vídeos
	40 listas de reprodución
	381.520 impresións
	29,8 % de audiencia menor de 24 anos*
	65,9 % da audiencia son mulleres
	199 subscritores
Conta de TikTok	123 seguidores
	538 me gusta no perfil
	6.808 reproducións



A respecto da presenza do programa nos medios de comunicación xeneralistas, foi maior que na edición precedente grazas á colaboración co *Galicia por Diante* e co *Dígocho eu!* Con todo, na prensa houbo dun menor impacto, que se pode atribuír a dúas causas: non houbo inauguración presencial; e os centros non puideron desenvolver actos públicos e os medios tampouco podían acceder a eles.

Porén, o programa estivo máis presente que nunca na sociedade, como na edición anterior, grazas á sección diaria no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega. Este espazo diario dun cuarto de hora de duración, nalgún caso máis, serviu para achegar cada xornada os diferentes centros participantes e os traballos que estaban a realizar. Outro factor que aumentou a presenza social do programa foi a emisión de catro vídeos especiais no *Dígocho eu!* correspondentes coas visitas a un centro de cada provincia. Xa que logo, pódese falar dunha situación irregular cun alcance moito maior e constante no tempo grazas á colaboración dos medios de comunicación públicos.

No curso 2022-2023, o número de centros mantívose en 12:

- A Coruña: IES Rafael Dieste da Coruña, IES de Melide, CPI Virxe da Cela de Monfero, CPR Divino Maestro de Santiago de Compostela
- Lugo: CPR Sagrado Corazón de Ribadeo, IES María Sarmiento de Viveiro
- Ourense: IES Número 1 do Carballiño, CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas
- Pontevedra: CPI Plurilingüe Alfonso VII de Caldas de Reis, CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios de Panxón-Nigrán, IES Aquis Celenis de Caldas de Reis, IES A Basella de Vilanova de Arousa

Nesta ocasión os 21 días co galego medraron case un 20 % en número de participantes e chegaron ás 4.564 persoas (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos).

As actividades centrais desenvolvéronse desde o 24 de xaneiro ata o 13 de febreiro de 2023.

Despois da experiencia piloto da edición anterior, en 2023 o programa estivo presente por primeira vez nas tres etapas educativas: primaria, secundaria e bacharelato (en actividades concretas mesmo se ampliou tamén á FP), e mantivo excelentes valoracións por parte dos centros.

Partindo do EDLG como axente vertebrador, nos centros conseguiuase que participasen todos os departamentos didácticos e algúns dos grupos de traballo presentes xa neles, con especial atención, como en anos anteriores, máis alá do lingüístico, á dinamización nos ámbitos artístico e científico- matemático.

Como en anteriores ocasións, tras recibir as valoracións dos participantes, pódese dicir que os 21 días co galego e mais, alén dunha actividade dinamizadora, tamén se converteron nunha dinámica participativa, ilusionante e favorecedora de actividades creativas nos centros educativos.



Nesta 5ª edición pódese sinalar unha serie de características propias que afondan nas tres liñas de traballo que se veñen desenvolvendo:

Dunha banda, o programa consolídase e amplíase ata a ducia de centros participantes. Desenvólvese en todos os niveis de estudo non universitario desde primaria ata 2º de bacharelato (incluídas actividades soltas nos módulos de FP dos centros) E incorpóranse de forma plena CPI e CPR que contan coa participación de alumnado de 5º e 6º de primaria e nalgún caso mesmo de toda a etapa.

En canto á integración, colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos para achegarlle o programa ao alumnado, ás súas familias e á poboación en xeral (dado que a promoción do galego é un obxectivo para toda a sociedade):

- Continúa a colaboración co programa da TVG *Dígocho eu!* e así, nesta edición os tres responsables do espazo colaboraron con el mediante a realización de encontros virtuais cos centros para explicarlles o funcionamento do programa. Desde os 21 días promoveuse a participación dos centros nos concursos do programa #DígochoEu 2022-2023 e Concurso Unha Canción para Esther. O espazo televisivo tamén estivo presente na gala do Encontro 21 días co galego e máis coa presenza de Esther Estévez, Carlos Amado e o Digochiño.
- Mantense a colaboración co programa *Galicia por Diante* da Radio Galega, onde 21 días co galego e mais tivo unha sección diaria de luns a venres durante as tres semanas; nela o alumnado dos diferentes centros conversou cos presentadores Kiko Novoa e Cristina García para contarlle á audiencia os temas que trataron e como estaba a ser a súa participación.

Pero sen dúbida, a maior innovación deste ano, que lle puxo o broche ao programa e que foi unanimemente aplaudida polos centros participantes, foi a celebración do **Encontro 21 días co galego e +** no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura o 28 de febreiro. Neste acto xuntáronse máis de 700 persoas procedentes dos 12 centros participantes que encheron o auditorio de actuacións en galego creadas pola propia rapazada dos centros.

O lema desta edición foi "Falando galego para un mundo mellor" porque se pretende que o alumnado, ademais de medrar como galegofalante, tamén medre como persoa responsable comprometida coa sociedade e co ambiente. Por iso este ano os centros educativos participantes traballaron cos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable (ODS) para 2030 creados polas Nacións Unidas. Achegáronse desde as realidades dos seus centros a problemas como a igualdade de xénero; a acción polo clima; a auga limpa e o saneamento; a eliminación das desigualdades; a paz e a xustiza; a educación de calidade; a saúde e benestar; a industria, innovación e infraestruturas; a vida dos ecosistemas terrestres; a enerxía accesible e non contaminante; e as cidades e comunidades sustentables. Fixérono desde unha perspectiva multidisciplinaria a través das diferentes materias que cursan para crearen, así mesmo, vídeos didácticos sobre as diferentes temáticas.



Nesta edición as actividades realizáronse con total normalidade nos centros, durante a fase previa e durante os 21 días co galego e mais, con numerosas actividades lúdicas.

Durante o 1º trimestre desenvolveuse a **1ª fase**, na que os 12 centros educativos traballaron de xeito colaborativo na realización da maioría dos contidos que aparecen no blog. Cada un deles elixiu o punto dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU que quería desenvolver e ao redor dese tema realizou o vídeo para a súa participación no blog oficial do programa. O 24 de xaneiro deu comezo a **2ª fase**, de desenvolvemento nos centros e de seguimento común onde todo o alumnado participou ata o día 13 de febreiro en que se realizou a clausura. Tras o 13 de febreiro, na **3ª fase** o alumnado entregou os traballos realizados para a súa avaliación docente e os centros enviaron as mellores producións que despois se publicaron na canle de YouTube do programa.

En todos os centros participantes se desenvolveron as seguintes actividades comúns:

- Acto de inauguración no centro
- Elaboración do vídeo de tema do centro
- Participación no *Galicía por Diante* co tema de centro
- Videoconferencia co director, a lingüista e a presentadora do programa *Dígocho eu!*
- Elaboración individual ou en grupo dun *Dígocho eu!* na materia de Lingua Galega e Literatura
- Elaboración individual ou en grupo dunha pílula informativa en vídeo ou un programa de radio de contido académico noutra das materias
- Realización de dúas gravacións individuais de reflexión sociolingüística ao comezo e final do programa e unha reflexión colectiva en aula no día 11
- Realización dunha enquisa sociolingüística con formularios diferenciados para cada colectivo: alumnado, nais e pais, profesorado e persoal de administración e servizos
- Acto de clausura no centro ou aula. Nalgúns dos centros o día da clausura realizaron un concerto
- Participación no Encontro 21 días co galego e mais na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela o 28 de febreiro

Ademais, cada centro desenvolveu o seu propio plan de actividades, que foi máis ou menos ambicioso dependendo da participación da comunidade educativa de cada un deles. Pódense salientar as seguintes:

- A cápsula do tempo 2030
- A derradeira lección do mestre (representación do cadro de Castelao en vivo)
- Adhesivos
- Adiviña de que falo (como o concurso dos galifantes, alumnado de infantil e primaria grava as definicións e logo os maiores teñen que adiviñar)
- Actividades de relaxación e benestar para o alumnado de 2º de bacharelato.
- Busca de mensaxes de amor encriptadas
- Cadeira musical
- Campionato de Vacaloura (xogo de mesa elaborado no centro educativo de preguntas e respostas en galego)
- Carreira de remudas por equipos na que tiñan que aprender un verso de Rosalía cada vez que cambiaban de integrante.
- Cadea humana "Caldas, por un futuro para a lingua galega"





- Adiviñas
- Amor a moreas (repártense tarxetas, nelas pónense citas ou mensaxes de amor non dirixidas a unha persoa concreta e logo con elas faise un gran corazón colaxe na entrada do centro).
- AquisCraftGZ (construcións de mensaxes en galego co Minecraft).
- Arriba a Cultura Galega! (como o tutifrutí)
- Arte galega nas portas do instituto
- Axencia de viaxes por Galiza
- Baile-xogo (con música de acordeón ao vivo consistente en seguir bailando o que fai a parella modelo)
- Basellafest: discotea e karaoke
- Batucada
- Biografías lingüísticas
- Bombas de Oxitocina – carteis en prol da paz que analizan o funcionamento dos neurotransmisores e as hormonas que regulan o comportamento humano.
- Dobraxa de escenas de películas
- Emparellamentos de mulleres científicas
- Encontro de lectores en galego
- Escrita de palabras na praia
- Falamos coa tiktokeira Paula Jorge
- Frases filosóficas
- Gravación do vídeo conxunto de toda a comunidade educativa por todas as aulas, corredores e obradoiros do instituto.
- Hai unha poesía para ti (no Día da Candeloria)
- Improvisación de rimas en grupo
- Karaokes nos recreos
- Lingua de amor (ler as frases dedicadas a alguén e gravar)
- Mercado popular de palabras.
- Concerto de Factoría de subsistencia
- Concerto DJ Misa
- Concerto final con diferentes artistas
- Concerto Presume de galego da artista Pauliña
- Concurso As palabras do noso centro
- Concurso de burbullas xigantes
- Concurso de desafíos matemáticos
- Concurso de micropoemas.
- Concurso de trabalinguas
- Concurso de vídeos para as familias no que se vise o uso e a defensa do galego
- Concurso Quen canta? 21 Temas para os 21 Días
- Curso de formación de cultura galega para o profesorado
- Curtaquis en acción! Curtas de noso
- Debates filosóficos de Kant-ina (na cafetaría do centro)
- Declárolle o meu amor a... (persoas, ideas, causas, cousas...)
- Obradoiro de batucada
- Obradoiro de chapas
- Obradoiro de rap
- Obradoiro de regueifas
- Falar por falar (improvisación dun discurso a partir de imaxes proxectadas individualmente ou en parellas.)
- Obradoiro de tatuaxe de palabras en galego
- Obradoiro do traxe tradicional galego
- Pano palabreiro
- Pasagalego maratón
- Pasagalego matemático
- Pasagalego nos ordenadores da biblioteca





- Trocochange (Cambio de anglicismos por expresións en galego)
- Milla solidaria pola lingua
 - Minuto de fama! (coller o micro e facer algo interesante)
 - Mulleres científicas
 - Mural para estampar man de compromiso
 - Música en galego nos recreos
 - Noite de candeas (festa dos 21 días ata as 21 horas con merenda e actividades que protagoniza o alumnado)
 - Noite de estrelas e pide un desexo de paz
 - O rotulador compartido (escribir entre catro persoas dun equipo palabras en galego sen tocar o bolígrafo)
 - Obradoiro de baile tradicional
 - Teléfono escacharrado: enviar mensaxes en galego á persoa seguinte no círculo
 - Trivial galego
 - Vídeo de presentación de centro
 - Vídeos divulgativos con terminoloxía inglesa de uso cotián nas redes
 - Vídeos divulgativos de bioloxía
 - Vídeos inglés-galego
 - Visita ao Museo do Pobo Galego
 - Vocabulario español dominicano-galego
 - Vocabulario ilustrado galego-inglés
 - Xincana de ciencias
 - Xogo da quiniela para emparellar os profesores coa súa foto infantil e co *podcast* sobre o seu libro favorito en galego
 - Xogo das películas con mímica
 - Tabú galego
 - Xogos de mesa en galego
 - Paziencia – ciencia e paz, carteis sobre o papel da ciencia na paz.
 - Pedras contra tanques (concerto de pandeireiteiras que interpretan a versión de Leilía do poema antibelicista de Suso de Toro “Toda a carne é sagrada”)
 - Postais “Expresa o teu amor pola lingua” (postcrossing)
 - Realización de versións de poemas de Celso Emilio
 - Realización de vídeos divulgativos
 - Recitado de poemas de amor
 - Recitados de poesía pola Candeloria
 - Refráns cortados
 - Retransmisión de goles ou momentos deportivos emocionantes escollidos previamente polo alumnado
 - *Scape room* no laboratorio
 - *Scrabble* en galego na cafetaría
 - Semana da música galega Cantámola
 - Sesións de fotos
 - Xogo de cifras e letras
 - Xogo de formación de palabras (construción de frases filosóficas a partir das palabras de frases famosas da historia da filosofía)
 - Xogo de escapada “scape room”
 - Xogo de mesa Ti non es de aquí
 - Xogo de palabras “da cesta revolta”
 - Xogo do Aforcado nos cristais da cafetaría
 - Xogo do asasino (xogo de rol)
 - Xogo dos personaxes galegos importantes para meter na furna o nome do personaxe descrito nos papeis repartidos polo patio
 - Xogo dos refráns en galego para atopar no patio a outra metade



O programa xestionouse a través da súa páxina oficial, o blog 21 días co galego e +, onde se publicaron, unha vez revisados e editados, os contidos condutores, elaborados case na súa totalidade polos centros participantes.

Ao longo dos 21 días e con posterioridade, utilizáronse as contas das redes sociais asociadas ao programa para a súa dinamización en Internet. Con posterioridade á finalización das tres semanas de programa, os centros entregaron os mellores vídeos realizados polo seu alumnado que se publicaron nas RR SS.

A coordinación combinou as formas presenciais e non presenciais. Pilar Ponte realizou unha reunión presencial con cada un dos centros no 1º trimestre do curso para explicarlles ao EDLG, ao Departamento de Lingua Galega, a un membro do equipo directivo e a quen quixese asistir as condicións de participación no programa e o seu funcionamento básico; e unha visita durante os 21 días co galego e + para o asesoramento e control pedagóxico do seu desenvolvemento.

Ademais, utilizáronse outras formas de coordinación, non presenciais:

- Reunión de coordinación inicial na SXPL
- Creación dun grupo de Whatsapp das persoas coordinadoras dos diferentes centros para avisos, asolucións de dúbidas e intercambio de pareceres.
- Conversas constantes a través de Whatsapp e teléfono coas persoas coordinadoras ao longo da preparación previa e no desenvolvemento das tres semanas centrais do programa.
- Reunión en liña de valoración final

Nas memorias do programa realizadas polos centros, sinalan os seguintes beneficios xerais:

No plano especificamente lingüístico

- Aumento da fluidez na comunicación oral formal e coloquial en lingua galega de todos os colectivos participantes, especialmente do alumnado máis tamén do profesorado, do PAS e de numerosas familias que se unen ao proxecto.
- Posta en valor dos trazos dialectais propios.
- Maior coñecemento consciente da realidade lingüística a través das reflexións persoais e colectivas sobre a situación das linguas en Galicia e sobre as repercusións dun uso activo do galego.
- Vinculación de experiencias innovadoras co uso da lingua galega

No plano curricular

- Participación do alumnado en tarefas que permiten atravesar o currículo de maneira transversal.





- Achegamento á cultura dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable para que o alumnado participe na creación dun modelo social máis xusto e corresponsable.
- Achegamento á cultura galega actual e histórica e, particularmente, á da comarca do propio centro.
- Maior vivencia do mundo artístico galego, especialmente da música, tanto na recepción como na produción artísticas.
- Descuberta de contas de divulgación nas redes sociais.

No plano pedagóxico

- Creación de sinerxías no traballo do profesorado, en moitos casos por primeira vez, que, segundo información de anteriores edicións, tenden a ter continuidade nos centros educativos.
- Creación ou aumento de colaboracións entre os EDLG e os diferentes grupos de traballo presentes nos centros.
- Incorporación dunha dimensión dixital das actividades educativas, como medio para a súa transcendencia fóra da aula na que se produce e mesmo fóra do ámbito do centro.
- Participación do alumnado en tarefas colaborativas e cooperativas onde todas as persoas son importantes.
- Achegamento de xeito lúdico e menos tradicional ás materias curriculares, especialmente ás do ámbito científico-tecnolóxico.

No plano emocional

- Vinculación de experiencias positivas co uso da lingua galega.
- Creación dun ambiente ilusionante e de socialización positiva.
- Fortalecemento dos nexos de unión da comunidade educativa.

Cómpre salientar en primeiro lugar que todos os centros valoran como satisfactorio o orzamento de 1.000 € co que contan para desenvolver o programa. En xeral centran o seu gasto na adquisición de material non funxible relacionado coa produción de vídeo e de radio que non poden adquirir de xeito habitual, isto é, ferramentas para producir materiais audiovisuais e de radio tanto para esta edición do programa como para o posterior funcionamento no futuro dos EDLG.

Deseguido, recóllese unha relación dos diferentes tipos de gasto realizados polos centros para a organización dos 21 días co galego co devandito orzamento.

- Materiais relacionados coa produción de vídeos (fondos chroma, reflectores, estabilizadores, alt falantes, cámaras, focos, trípodes, televisión...)
- Materiais informáticos de hardware e software (discos duros, cartuchos de impresora, tarxetas de memoria, licenzas de apps...)



- Materiais relacionados co son e coa radio (mesas de mesturas, micrófonos, megafonía portátil...)
- Material de librería, papelería e derivados (libros, folios, cartolinas, carteis, máquina de chapas...)
- Material de ambientación do centro (cadeiras, globos, lonas, murais, alimentos saudables para as celebracións...)
- Premios para o alumnado (bolsas con serigrafías, camisetas, libros...)
- Pagamento de obradoiros e espectáculos (concerto de Herba Grileira, baile, percusión...)

Respecto da presenza na Rede, o programa xestionouse a través da súa **páxina oficial**, o **blog 21 días co galego e +** (con enderezo web <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>). Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables en cada unha das RR SS:

Páxina de Facebook	Seguidores 1.238 (67,9% de mulleres)
	Ata 14.986 persoas de alcance
	22 vídeos publicados directamente na rede social (a eles hai que sumar as ligazóns aos vídeos da conta de YouTube)
	88 publicacións
Conta de Instagram	994 seguidores
	341 publicacións (70 novas)
Conta de Twitter	438 seguidores
	ata 848 impresións nun chío
	724 publicacións
Conta de YouTube	219 seguidores
	98.819 reproducións (16.138 nesta edición)
	3.495 horas de visualización (474 nesta edición)
	408 vídeos
	52 listas de reprodución
	152.329 dende abril de 2022 + 381.520 impresións ata abril do ano 2022
	28,8 % de audiencia menor de 24 anos
	64,9 % da audiencia son mulleres
	199 subscritores

Á vista dos datos, podemos considerar que as cifras son satisfactorias, se temos en conta que a vida real destas contas se limita a tres semanas ao ano, que se trata dun programa educativo, restrinxido a un número limitado de centros, que



moitas visualizacións non son de individuos senón colectivas na aula e que neste ano o seu desenvolvemento non foi o habitual debido ás restricións pola COVID-19. Estas contas oficiais funcionan no ámbito xeral da sociedade pero, ademais, a maioría do alumnado e das familias interactúa coas contas que teñen os seus centros e os seus EDLG.

En canto á presenza nos medios, a presenza tradicional do programa nos medios de comunicación xeneralistas vai aumentando edición tras edición grazas á colaboración co *Galicia por Diante* e co *Dígocho eu!* O programa estivo máis presente que nunca na sociedade, como na edición anterior, grazas á sección diaria no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega, o programa máis escoitado de toda a radiofonía galega que medrou de audiencia respecto á edición anterior. Este espazo diario dun cuarto de hora de duración, nalgún caso máis, serviu para achegar cada xornada os diferentes centros participantes e os traballos que estaban a realizar.

Tamén podemos sinalar a presenza en medios dixitais, en páxinas educativas e en medios escritos de carácter provincial e local e en emisoras de radio e televisións comarcais e municipais.

As coordinadoras territoriais realizan a selección dos centros e a coordinadora central alén dos labores de xestión, realiza a revisión final dos materiais que se publican no blog.

No curso 2023-2024 considérase conveniente realizar o programa integramente en primaria e, no futuro, alternar un curso de primaria e o seguinte de secundaria. Así paliaríase a dificultade de atopar centros participantes deste último nivel.

As coordinadoras territoriais conseguiron seleccionar os centros antes do verán, algo que permite ampliar o tempo da primeira fase, de preparación, e que os centros poidan incluír a iniciativa no PFPP e noutros programas. Os centros elixidos para o próximo curso son os seguintes:

- CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo (A Coruña)
- CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela (A Coruña)
- CEIP A Plurilingüe A Ramallosa de Teo (A Coruña)
- CEIP Manuel Mallo Mallo (Lugo)
- CEIP Frei Luís de Granada, Sarria (Lugo)
- CEIP Ramón Otero Pedrayo, O Barco de Valdeorras (Ourense)
- CEIP Plurilingüe O Couto, Ourense (Ourense)
- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro, Vigo. 427 alumnos/as
- CEP Campolongo, Pontevedra. 454 alumnos/as
- CEIP García Barbón, Vigo, Pontevedra. 469 alumnos/as



Con este cambio de nivel, sería bo aproveitar para reducir o número de centros a 10 (e compensalos seleccionando centros grandes, con moito alumnado), debido a que é difícil para a coordinadora Pilar Ponte compatibilizar as reunións do programa co seu labor docente e realizar as dúas previstas por centro, alén da clausura e inauguración, de forma que lle abonden todas as súas horas de asuntos propios.

5 Xornada InquEdu e Encontro 21 días co galego e +

No curso 2018-2019 realizouse a Xornada InquEdu (concibida como xeira de confraternización e intercambio). A SXPL aboou os buses e a Fundación Galicia Sustentable organizou o evento. As coordinadoras seleccionaron para participar os seguintes centros con proxectos premiados ou innovadores (catro deles, participantes no programa 21 días co galego e +): IES A Cachada (PIDL); IES Maximino Romero e IES Marco Do Camballón (PIDL); IES Carlos Casares (PIDL); CEIP Labarta Pose (NTCI); IES Francisco Daviña Rey (21 días co galego e +); IES Pontepedriña (21 días co galego e +); IES Antón Alonso Ríos (21 días co galego e +); IES Ramón Otero Pedrayo (21 días co galego e +)

No curso 2019-2020 estaba previsto realizar a xornada o 28 de xuño, como un agasallo para os centros de 21 días co galego e +, pero finalmente non foi posible, por ser unha gran concentración de persoas co consecuente risco para a saúde. Nos cursos 2020-2021 e 2021- 2022, non se programou esta xornada, por causa da situación sanitaria.

No curso 2022-2023 realizouse o **I Encontro 21 días co galego e +** no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura o 28 de febreiro, como colofón dos 21 días co galego e +. Neste acto xuntáronse máis de 700 persoas procedentes dos 12 centros participantes que encheron o auditorio de actuacións en galego creadas pola propia rapazada dos centros. Desde cada centro desprazouse un bus cheo de alumnado que a SXPL puxo á disposición dos centros para a súa asistencia. No escenario do auditorio puidéronse ver batucadas, obras de teatro, desfiles de traxe tradicional, actuacións musicais, performances, bailes, humor e danza en 12 actuacións onde tiveron cabida todas as artes. Foi a actividade mellor valorada polo alumnado participante nos 21 días e na reunión final de coordinación coas persoas coordinadoras dos diferentes centros fíxose a suxestión de que o vindeiro ano se repetise e se fixese ademais o posible para que antes ou despois das actuacións houbo un tempo para a interacción entre o alumnado dos diferentes centros.

6 Proxectos de materiais para as aulas hospitalarias

No curso 2018-2019, a SXPL entregou tres maletas viaxeiras con libros de lectura en galego que lle solicitaran á coordinadora territorial da Coruña as profesoras da unidade de atención pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario Arquitecto Marcide de Ferrol, do Complexo Hospitalario de Lugo e do de Ourense. Para deseñar as dúas últimas contou coa colaboración desinteresada do IES de Leixa.



No curso 2020-2021, unha vez que a pandemia o fixo posible, entregáronse catro maletas máis para as aulas hospitalarias restantes (dúas da provincia da Coruña e dúas da de Pontevedra). A SXPL colaborou na creación da Saqueta Emocional do Hospital, un proxecto de innovación educativa para o benestar emocional da infancia hospitalizada que ten como finalidade o deseño de material didáctico para fomentar o recoñecemento, identificación e a expresión das emocións da infancia e da adolescencia hospitalizada. O obxectivo é crear ferramentas innovadoras educativo-sanitarias; deseñar material de xogo; atender á diversidade do alumnado; e fomentar e dinamizar a lingua galega e a igualdade de xénero. Está elaborado polas mestras das aulas hospitalarias do CHOU de Ourense, Montserrat Otero; do HULA en Lugo, Margarita Agruña; e do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, Pilar Porta; e coordinado por esta última.

O proxecto, que se presentou o 13 de maio de 2021 no CFR de Ferrol, contou coa colaboración do IES de Leixa de Ferrol na elaboración dos diversos materiais; do CFR de Ferrol, que achegou unha axuda económica para este; e da coordinadora territorial da Coruña, que revisou lingüisticamente todo o proxecto e serviu de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O grupo de traballo creou un portafolio educativo da aula no que os nenos poden falar sobre o que senten no seu proceso (**Emocións a esgalla**); o **mandil sentimental**, no que pegar etiquetas das distintas emocións (tristura, alegría ou enfado...) e especificar como se atopan ese día; o **labirinto das emocións**, para falar de distintas situacións coas que se van atopando ó longo da estadia hospitalaria (o labirinto), e como enfrontalas; o **dicionario estrafulario hospitalario**, co que traballar conceptos relacionados co hospital como cirurxián ou bisturí e aas emocións; os **dados hospitalarios** e o **dominó do hospital**, nos que tamén tocan con xogos distintos esas emocións, para axudarlles aos nenos e nenas a falar do que lles pasa. Con estes materiais, poden traballar as emocións e a súa relación coa enfermidade, o malestar ou as súas vivencias nos centros hospitalarios. O continente é unha saqueta rotulada organizada para gardar todo o material.

No curso 2022-2023, a SXPL, a través da coordinación da Coruña, colaborou no proxecto **Superheroínas e Superheroes**, unha iniciativa da aula do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, que xorde co obxectivo de axudarlles ás nenas e aos nenos hospitalizados a se enfrontaren a distintas doenzas e de facilitarlles a súa estadia no centro hospitalario. No seu desenvolvemento e na elaboración dos materiais (conto, audiovisual, disfraces etc.) colaboraron entidades como a ONCE (conto en braille) e varios centros educativos da provincia da Coruña: CIFP de LEIXA (deseño gráfico e impresión do conto), CIFP Ánxel Casal - Monte Alto (conto en pictogramas e lingua de signos), CIFP Imaxe e Son (realidade aumentada, deseño en 3D, animación e audiovisual), CIFP Paseo das Pontes (confección de disfraces) e CPR Nosa Señora de Lourdes (ensaio da actividade).



7 Programa Lingua rodada

Iniciativa promovida pola SXPL coa finalidade de potenciar o uso e a valoración positiva do galego entre as xeracións máis novas, que nace en 2020 como unha homenaxe a Chano Piñeiro, un dos pioneiros do cinema galego, no XXV aniversario do seu pasamento. Ese ano tamén se fixeron 35 anos da primeira emisión da TVG, que comezou en xullo de 1985 coa súa curta *Mamasunción*.

No curso 2019-2020 participou alumnado de 12 a 17 anos dos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de educación secundaria (ESO, 1º de bacharelato, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio) e ensinanzas especiais de grao medio que participou con vídeo-relatos de ata 1:30 m de duración, gravados con aparellos móbiles, que plasmaron a esencia da terra galega: a fala, a xente, costumes, lendas, paisaxes, patrimonio, historia etc.

A 1ª fase iniciouse cunha proba de selección aberta (*casting*) na que se elixiron os tres mellores vídeo-relatos enviados polos centros. O prazo de inscrición foi do 10 de xaneiro ao 3 de febreiro (ampliouse ata o 21 de febreiro), e o de envío dos traballos, do 4 de febreiro ao 4 de marzo de 2020.

Datos de participación	Curtametraxes preinscricións: 47 Curtametraxes recibidas: 27, correspondentes a 15 centros
Curtas finalistas	<i>Terra branca</i> , do IES Terra de Trasancos, Narón
	<i>Sabela</i> , do IES A Cachada, Boiro (A Coruña)
	<i>Saudade</i> do IES O Ribeiro, Ribadavia (Ourense)
Curta gañadora	<i>Saudade</i> do IES O Ribeiro, Ribadavia (Ourense)

Na 2ª fase, estes grupos recibiron un obradoiro de 3 h consistente na aplicación de técnicas na dirección e na narración da obra final. Os relatores foron Rubén Riós (director e actor de cinema) e María Canosa (escritora). Realizouse de forma presencial no IES do Ribeiro o 12.03.2020 e no mes de maio, en liña no IES A Cachada e no IES Terra de Trasancos. Posteriormente, os centros volveron entregar a súa curta e saíu elixido como gañador o **IES do Ribeiro, Ribadavia**.

No curso 2021-2022, realizouse a 3ª fase, aprazada pola covid. Para cumprir as bases, o alumnado do IES do Ribeiro, participante na obra gañadora, tivo a oportunidade de rodar un novo vídeo, *A voz das nosas* (<https://www.youtube.com/watch?v=cIGHMZyCRcA>) co equipo de profesionais do audiovisual de Claqueta Coqueta, ás ordes do director Rubén Riós, e asistiu á súa presentación no Festival de Cans, o 19 de maio.



8 Programa de obradoiros e Certame de Regueifa de Sanxenxo

No curso 2018-2019, os rapaces e rapazas de segundo da ESO dos IES de Vilalonga e de Sanxenxo e do Colexio Abrente realizaron, co patrocinio da SXPL 6 obradoiros de regueifa impartidos no mes de abril co obxectivo de fomentar o uso oral da lingua galega e de achegarse á poesía a través da improvisación tradicional en verso. O 11.04.2019, 150 estudantes participaron no I Certame de Regueifas que se desenvolveu no Auditorio Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo. Josinho e Lupe Blanco, o monitor e a monitora dos obradoiros e membros do xurado, realizaron as presentacións e propuxeron os xogos cos que o alumnado amosou as habilidades adquiridas.

No curso 2019-2020, os centros solicitaron por segunda vez a colaboración da SXPL, que xa estaba prevista no orzamento. Porén, nin o certame nin os obradoiros se chegaron a realizar por causa da pandemia. A iniciativa non se desenvolveu tampouco no curso 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023.

9 Programa ReTransmite

Iniciativa destinada ao alumnado de educación secundaria e bacharelato dos centros de ensino público de Galicia, que busca propiciar un diálogo interxeracional en galego e sobre o galego e ten como obxectivo fomentar o uso do galego entre a mocidade e aumentar nela -e no conxunto da poboación- a imaxe positiva da lingua, ao relacionala coas novas formas de comunicación.

Desenvolveuse no curso 2019-2020 e participaron os seguintes centros:

- A Coruña: IES Plurilingüe Maruxa Mallo, Ordes e IES Campo de San Alberto, Noia
- Pontevedra: IES de Barro, Barro e IES Plurilingüe Pintor Colmeiro, Silleda
- Lugo: CPI Plurilingüe Virxe do Monte, Cospeito
- Ourense: IES Carlos Casares, Viana do Bolo

A selección realizárona as coordinadoras provinciais. Elixiron centros non urbanos para contar cunha boa calidade na lingua oral dos vídeos; a experiencia audiovisual non se considerou imprescindible, aínda que se tivo en conta que fosen equipos serios e traballadores para garantir un bo resultado e optimizar os recursos.

O programa iniciouse en outubro de 2019 (curso 2019-2020) cun obradoiro presencial de produción e edición de vídeo de dúas horas de duración para o profesorado e alumnado en cada un dos centros. Posteriormente, os titores realizaron un servizo de asesoramento para que o alumnado e profesorado puidese realizar os produtos audiovisuais. Deseguido, instalouse en cada centro un espazo a modo de set de TV, o espazo ReTransmite, onde o alumnado, co asesoramento do equipo de profesorado participante, realizou programas de TV e gravou o material audiovisual para eles. Era unha especie de "miniplató" que visitarían persoas de



idade (nais, pais, avoas, avós, tías, tíos, amigas, amigos...) para falaren en galego e do galego coa xente nova e tamén do mundo que lles tocou vivir a uns e outros.

As pezas foron gravadas con tecnoloxías móbiles (teléfonos ou tabletas), cos formatos de pílula informativa e de *flashmob* e unha duración máxima de cinco minutos. Estas entrevistas interxeracionais sobre a lingua e a cultura galegas debían facer especial fincapé en salientar, a través do guión e graficamente, palabras, expresións e curiosidades arredor da lingua que se vaian xerando nas conversas.

As obras participaron nun pequeno concurso. Por pedimento dos centros, o prazo para as presentaren ampliouse ata o 20.02.2020. Varias presentaban versións de música con dereitos de autoría, a pesar de que os titores insistiran en que non era legal e non optaron a premio. Por mor da pandemia, os galardóns entregáronse no curso 2020-2021:

Modalidade de <i>flash mob</i>	<i>Trap-allada cifrada</i> , do CPI Virxe do Monte, Cospeito (Lugo)
Modalidade de pílula informativa	<i>Dona Dorinda: Silleda – Habana – Vigo. Unha galega do século XX</i> , do IES Pintor Colmeiro, Silleda (Pontevedra)

Desde entón non se volveu realizar.

10 Programa Igual son

Os concellos de Ames, Ribeira, Boiro, Redondela, Ponteareas, Burela, Ourense e Ribadavia acolleron no curso 2019-2020 o programa Igual son, con diferentes obradoiros, entre eles os de Contos do dereito e do revés para a igualdade destinados a nenos e nenas de 4 a 9 anos, de danza para a igualdade destinados a alumnado da ESO, e de Voces violetas para as familias. As coordinadoras colaboraron na difusión da iniciativa.

11 Programa Illas Encantadas

Actuación musical prevista para 1.000 estudantes de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO, escolarizados nos concellos aos que pertencen as Illas Atlánticas (Ribeira, Vilagarcía, Bueu e Vigo) co fin de promover a candidatura do Parque Natural das Illas Atlánticas *a patrimonio da humanidade*. O alumnado interpretaría, en clave ambiental, a canción *Bella Ciao* adaptada ao galego polo profesor Ramón Bermejo. Estaba prevista para o mes de abril do curso 2019-2020, mais non puido chegar a cabo pola crise sanitaria.



ÁMBITO: XORNADAS

1 Xornada do Día das Letras Galegas

O CAFI e a SXPL, coa colaboración das coordinadoras dos EDLG, organizan unha xornada anual de formación para o profesorado, co obxectivo de dotalo de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Preséntanse as exposicións e guías didácticas premiadas no Concurso-exposición das Letras Galegas e outros materiais creados polos EDLG dos centros e especialistas e investigadores imparten relatorios ou conferencias.

A función do asesor do CAFI e das coordinadoras central e territoriais (en especial a da provincia da Coruña) consiste na selección dos relatorios de centros con experiencias interesantes, na proposta de especialistas para impartir as conferencias, nos contactos con estes, na selección da data e, no caso de ser presencial, na selección da data e na preparación dos materiais para entregar e na participación nas tarefas o día da actividade. Desde o inicio da pandemia ata este curso realizouse de forma virtual, para evitar riscos, en varias sesións de tarde.

No curso 2020-2021 organizouse a VII Xornada do Día das Letras Galegas. Xela Arias. As sesións formativas desenvóléronse de maneira virtual nas tardes do 22 e 29 de abril e mais do 5 e 13 de maio. [Programa](#).

No curso 2021-2022, desenvolveuse a VIII Xornada do Día das Letras Galegas. Florencio Delgado Gurriarán, de forma virtual, os días 3, 4, 5 e 11 de maio de 2022. A xornada presentouse no local do CAFI. [Programa](#).

No curso 2022-2023, desenvolveuse a Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego os días 20 e 27 de abril e 4 de maio, de 17:30 a 20:30 h. As persoas participantes podían asistir de forma presencial no salón de actos do Pazo de San Roque ou virtual por videoconferencia. As persoas relatoras asistiron a maioría de forma presencial. [Programa](#).

A través de relatorios e de experiencias de traballo dos equipos de dinamización da lingua galega de diversos centros educativos, a actividade achegoulle a figura do autor homenaxeado ao profesorado encargado de divulgar a súa obra entre o resto da comunidade educativa. A primeira parte de cada sesión estivo destinada a conferencias e relatorios de especialistas (4:20 h) e a segunda, a experiencias dos centros, incluídas as dos gañadores do Concurso-exposición das Letras Galegas (4:10 h). Na enquisa a actividade obtivo unha nota media de 4,55 sobre 5 (docencia: 4,51 e organización 4,58).

A coordinadora da Coruña realiza as seguintes propostas:

- Reorientar esta xornada formativa cara á dinamización.
- Priorizar as actividades dinamizadoras dos EDLG (recursos, materiais etc.) fronte aos contidos teóricos.





- Pór en valor o labor dinamizador das persoas e dos centros que desenvolven as actuacións (presentacións, programas...).
- Presentar relatorios de especialistas adaptados a docentes de distintos niveis educativos (non só a profesorado de LGL de BAC).

2 Xornada de normalización lingüística de Ferega

Xornada de Normalización Lingüística aberta tanto a docentes de centros públicos como concertados e privados, organizada por Ferega, coa colaboración da SXPL. Esta data adoita ser a primeira ocasión do curso escolar en que se analiza a figura elixida pola RAG para lle render homenaxe nas Letras Galegas. Tamén se realiza o acto de entrega dos Premios Irmán Reboiras ás Mellores Iniciativas de Fomento do Galego, que contan co apoio da SXPL.

Como dispoñen da información correspondente ás memorias e proxectos de fomento, as coordinadoras asesoran a Charo Baleirón, coordinadora de innovación educativa de Ferega, e procúranlle iniciativas, en especial dos centros concertados, para presentar na xornada.

Curso 2019-2020. O 29.11.2019, realizouse no Consello da Cultura Galega (CCG) a XV Xornada de Normalización Lingüística de Ferega. [ligazón](#).

Curso 2020-2021. A XVI Xornada de Normalización Lingüística de Ferega realizouse o 26.11.2020. Esta actividade desenvolveuse pola vía dixital, debido aos efectos da covid-19. [Ligazón](#).

Curso 2021-2022. O 26.11.2021, realizouse a XVII Xornada de Normalización Lingüística de Ferega no Consello da Cultura Galega. [Programa](#).

Curso 2022-2023. A XVIII Xornada de Normalización Lingüística de Ferega desenvolveuse no Consello da Cultura Galega o 18 de novembro de 2022. [Programa](#).

3 Webinars do Día da Ciencia en Galego

No curso 2020-2021 Igaciencia organizou, coa colaboración da SXPL, a conferencia virtual Só a ciencia nos rescatará da pandemia, o 16 de novembro de 2020, para celebrar o Día da Ciencia en Galego e destinada, en especial, ao alumnado de 4º da ESO, bacharelato e ciclos formativos da rama sanitaria de formación profesional e ao seu profesorado. A relatora foi Sonia Villapol, científica galega que realiza o seu labor no Centro Médico de Texas (Houston, EE UU) e que forma parte do Equipo de Investigación Internacional da COVID-19. Inscribíronse 87 centros, 65 públicos e 22 privados (estes últimos con conexión por streaming). Alumnado total: 5.919, entre públicos e privados. As coordinadoras central e territoriais participaron na organización e difusión da iniciativa.

No curso 2021-2022, Senén Barro Ameneiro impartiu o 2 de novembro de 2021 a videoconferencia Poden pensar as máquinas?, organizada por Igaciencia coa colaboración da SXPL.



No curso 2022-2023 impartíronse as seguintes videoconferencias, co apoio da SXPL ([ligazón](#)):

- O verán do 2022, extremos climáticos sen control? "De como as ciencias básicas poden axudar a predicir o clima" de Francisco Díaz-Fierros, o 4 de novembro
- Mergullámonos no océano do futuro?, de Emilio Fernández Suárez, o 21 de novembro
- A pegada humana e os seus efectos sobre a xeomorfoloxía de Galicia, de Fran Canosa, o 25 de novembro
- Cambio climático e sistema alimentario, de Luís Díaz Allegue, o 28 de novembro
- A actividade ten cada vez máis participantes e é moi efectiva para aumentar o prestixio da lingua galega entre o alumnado.

4 Xornada Aulas dixitais de Coca-Cola

No curso 2020-2021, a Empresa Coca-Cola co apoio da SXPL, organizou, no marco do Concurso Novos Talentos, a Xornada Aulas Dixitais, consistente en dous obradoiros en liña de formación do profesorado, impartidos o 4 e o 5 de febreiro de 2021. No primeiro, o escritor Mario Regueira compartiu as técnicas da narrativa nos últimos cincuenta anos e trasladoulle ao profesorado asistente estratexias para facer os textos máis atractivos, lúdicos e capaces de mesturarse con outros xéneros e eidos artísticos. O segundo correu a cargo da escritora e xornalista Rosa Aneiros, que realizou a súa intervención a través de contidos centrados na estimulación lectora e creativa do alumnado e baseados na súa propia experiencia literaria. No 2021-2022 e no 2022-2023 non se realizaron.

5 Xornadas de toponimia no ensino

O Servizo de Normalización Lingüística de Ames, co apoio da SXPL, organizou no curso 2019-2020 unhas xornadas para docentes dos centros de educación infantil, primaria e secundaria deste concello, co fin de pór en valor a toponimia como recurso didáctico e ferramenta dinamizadora. Desenvolvéronse no Pazo da Peregrina os días 18, 19 e 30 de setembro de 2019. O profesorado participante obtivo un recoñecemento de 16 horas de formación. [Programa.](#)

6 Xornadas Calviño

As xornadas, organizadas no curso 2019-2020 polo IES Arcebispo Xelmírez I coa colaboración da SXPL e homologadas polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), desenvolvéronse neste centro durante o 3, 4 e 5 de marzo de 2020.

Ademais dunha mesa redonda sobre o programa 21 días co galego e +, difundíronse algunhas das experiencias de normalización e dinamización lingüística máis



destacadas dos últimos anos e participaron, entre outros, os seguintes docentes: Ana Moreiras, que presentou o relatorio Mirando polo galego do futuro. Cine con Olloboi e Robótica con STARGal; Valentina Formoso, Equipando a lingua; Carlos Negro, con Versos que tiran da lingua; Bernardo Penabade explicou o Modelo Burela e Sechu Sende, Regueifesta: improvisando o camiño da lingua e a música. [Programa.](#)

Nos cursos seguintes non se desenvolveron.

7 Novembro estelar, de Estíbaliz Espinosa

No curso 2020-2021 realizouse Novembro estelar, unha actividade que consistiu nunha entrevista virtual (13 de novembro) entre Begoña Vila Costas (astrofísica que traballa co telescopio James Webb da NASA) e Estíbaliz Espinosa, que estivo no Planetario da Coruña, emitida en *streaming*.

No 2021-2022 realizouse Novembro estelar II, con varias actividades: Constelando, unha charla presencial de Pilar García Rego e Estíbaliz Espinosa desde o Centro Astronómico de Trevinca (A Veiga, Ourense), o 19 de novembro pola tarde; e un recital poético en galego e unha observación astronómica posterior, na mesma data (esta última non foi factible por estar o ceo cuberto); e o deseño inicial dunha app.

No curso 2022-2023 non se realizou.

ÁMBITO: TIC

1 Divulgación de recursos didácticos e experiencias positivas de dinamización da lingua galega no Portal da Lingua Galega, o web da SXPL

As coordinadoras informan os EDLG das novidades salientables do Portal e contribúen á difusión de recursos e iniciativas nos centros. Así mesmo, procuran recursos para publicar no web e no Boletín da SXPL.

Ao longo dos cursos 2016-2017 e 2017-2018 realizouse un estudo da organización destes no Portal para procurar unha clasificación máis operativa e en 2018-2019, Amtega reestruturouno. Logo de realizar suxestións a respecto do deseño novo da sección dos EDLG, as coordinadoras reetiquetaron os recursos existentes para os novos botóns (NEAE, Educación infantil e primaria, Educación secundaria e bacharelato, Ensinanzas especiais, Tamén che interesa, Programas, Convocatorias e formación etc.). Unha parte deste labor asumírona as das provincias de Lugo e de Ourense, por teren menos carga de traballo coas memorias de fomento.



Curso 2020-2021

Ámbito	RECURSOS ELABORADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS Total: 800	OUTRAS INICIATIVAS
MATERIAL PARA O WEB DA SXPL Espazo dos EDLG	- Novidades (164) - Recursos didácticos (38) - Publicacións (11) - Audiovisuais e música (73) - Blogs e recursos na rede (1) - Iniciativas de dinamización (66) - Datas sinaladas (101) - Día das Letras Galegas (34 de centros, 4 exposicións, 1 formación, 12 recursos) - FP (15) - NEAE (37) - Ensinanzas de réxime especial (15) - Infantil e primaria (104) - Secundaria e bacharelato (101)	- PIDL: 5 gañadores - Programas (0) - Tamén che interesa (1) - Convocatorias e formación (17)

Curso 2021-2022

Ámbito	RECURSOS ELABORADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS Total: 740	OUTRAS INICIATIVAS
MATERIAL PARA O WEB DA SXPL Espazo dos EDLG	- Novidades (167) - Recursos didácticos (19) - Publicacións (13) - Audiovisuais e música (77) - Blogs e recursos na rede (4) - Iniciativas de dinamización (63) - Datas sinaladas (116) - Día das Letras Galegas (43 de centros, 2 exposicións, 1 formación, 6 recursos) - FP (9) - NEAE (12) - Ensinanzas de réxime especial (11) - Infantil e primaria (99) - Secundaria e bacharelato (73)	- PIDL: pendentes de publicar os premiados do curso 2021-2022 - Programas (0) - Tamén che interesa (2) - Convocatorias e formación (23)



Curso 2022-2023

Ámbito	RECURSOS ELABORADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS Total: 780	OUTRAS INICIATIVAS
MATERIAL PARA O WEB DA SXPL Espazo dos EDLG	- Novidades (253) - Recursos didácticos (47) - Publicacións (13) - Audiovisuais e música (130) - Blogs e recursos na rede (9) - Iniciativas de dinamización (88) - Datas sinaladas (211) - Día das Letras Galegas (38 de centros, 2 exposicións, 1 formación, 16 recursos, 2 biografía) - FP (11) - NEAE (12) - Ensinanzas de réxime especial (9) - Infantil e primaria (149) - Secundaria e bacharelato (105)	- PLC (modelo CEIP) (1) - PIDL do curso 2021-2022 (6) (pendente de publicar os premiados do curso 2022-2023) - Programas (0) - Tamén che interesa (4) - Convocatorias e formación (18)

O incremento de publicacións nos últimos cursos foi notable. Cómpre ter en conta que os recursos que aparecen nos botóns dos niveis educativos (infantil e primaria, secundaria e bacharelato, formación profesional, ensinanzas especiais) adoitan estar tamén noutros (audiovisuais e música, publicacións, novidades...). Porén, tamén resulta evidente que os centros, a partir do confinamento, responderon ao pedimento das coordinadoras para que lles enviasen recursos para o portal e tamén realizaron moitas máis actividades apropiadas para publicar nas redes e, consecuentemente, no web da SXPL.

Entre os recursos publicados na sección dos EDLG, ocupan un lugar moi salientable os relacionados co Día das Bibliotecas, Día da Ciencia, co Día Europeo das Linguas, co Día de Rosalía, co Día da Lingua Materna e sobre todo co Día das Letras Galegas.

A coordinadora da Coruña realizou as seguintes propostas:

- Reorganizar as seccións do botón de datas sinaladas por orde cronolóxica
- Corrixir a data do Día de Rosalía: 23 de febreiro > 24 de febreiro
- Incluír un botón do blog do programa 21 días co galego e +
- Actualizar a sección do PLC con máis proxectos lingüísticos de centro.

Tamén sería conveniente:

- Cambiar o nome do botón Semana da Literatura de Tradición Oral > Día Internacional da Narración Oral, 20 de marzo (porque non hai Semana da



Literatura Oral, nin Día da Literatura Oral, aínda que se debería propoñer que houbese).

- Cambiar o nome do botón Día das Bibliotecas, 24 de outubro > Día das Bibliotecas - Día do Libro, 24 de outubro - 23 de abril.
- Incluír un botón de Nós tamén creamos!

As suxestións remitíronselle a Beatriz García Turnes. Cómpre indicar que só serían viables as que se puidesen facer directamente, sen depender de Amtega, e esta entidade só revisa os webs cando se lle solicita e só se están moi desfasados.

No inicio de curso, a coordinadora central envíanlles o calendario de entrega de recursos para o Portal da lingua galega. Cómpre ter presente a maior relevancia de certas efemérides (Día da Ciencia, Día das Letras Galegas...).

Pola súa parte, as coordinadoras territoriais envíanlles aos centros os modelos de autorizacións necesarias para cubrir a comezos de curso, para non ter que pedírllelas cada vez que se pretende publicar un no Portal da lingua galega.

ÁMBITO: Divulgación das actuacións dos EDLG nos medios

As coordinacións central e territoriais proporcionan información relativa ás actividades dos EDLG para divulgar na rede e nos medios de comunicación.

ÁMBITO: Publicacións

As coordinadoras colaboraron para que a SXPL publicase diversas iniciativas dos centros. A coordinadora central realizou a revisión de parte deles.

Curso 2020-2021

- *Cadernas de Olloboi*, documental sobre os 10 anos de historia deste festival, financiado polo Fondo Xacobeo 2021. Estreouse no Olloboi 2021.
- *A Compostela de Scórpio. A Compostela de don Ricardo Carvalho Calero* de Xosé Ramón López Boullón, editado coa colaboración da Xunta de Galicia, con versión física e dixital.
- *Cantando a Carvalho Calero*, libro-disco do profesor José Luis Fernandez Carnicero coa colaboración do Grupo Agualevada, editado coa colaboración da Xunta de Galicia, con versión física e dixital.

Curso 2021-2022

- *Pedagogía hospitalaria. Atención educativa na contorna pediátrica*, de María Elena Sobrino Fernández, docente na aula hospitalaria do CHUS. Editado coa colaboración da Xunta de Galicia, con versión física e dixital.





- *Gramática xeroglífica* manual e solucionario en formato físico e dixital, de Carlos Luis Medrano Martínez, docente e coordinador do EDLG do CPR Fogar de Santa Margarida da Coruña.
- *Pianotelling*, de Elsa Muñiz. Álbum musical con 7 pezas para piano, que une literatura e música. Detrás de cada unha hai un microrrelato baseado nas vivencias da autora que adopta a forma dun caligrama. Xorde como un proxecto emocional, artístico e didáctico que fai a música clásica para piano moito máis descritiva e explicativa, e, polo tanto, accesible a todo tipo de públicos. Unha proposta de democratización do xénero clásico.
- *Peúgo, o calcetín melenudo*, de Jessica Rodríguez Piñero, mestra no CEIP de Cedeira en Redondela, álbum ilustrado infantil orientado a nenos e nenas entre os 5 e os 10 anos que trata desde a figura dun calcetín a problemática da violencia de xénero e os estereotipos de parella en lingua galega. Pretende achegarlles a familias, docentes e alumnado recursos e estratexias para abordar esta problemática social en lingua galega, para conseguir nenos e nenas implicados e con espírito crítico.
- *Es ti que cantas*, unidade didáctica dixital centrada na figura de Rosalía, elaborada por Rebordelos e a Fundación Rosalía de Castro, coa colaboración da SXPL.

Curso 2022-2023

- Videoclips Cholo e Nela camiño da fala (pendentes de presentar en setembro).

ÁMBITO: Proxectos de actividades financiadas pola SXPL nos centros de ensino

1 Proxectos do Fondo Xacobeo e do Fondo TeceRedes

No curso 2021-2022 realizáronse en diversos centros educativos distintos proxectos do II Fondo Xacobeo (as coordinadoras ocupáronse da selección dos centros, e Mariela Leis da xestión):

- O chineiro da tía María, Xandobela. 13 sesións de contacontos dirixidas a nenos e nenas de 3 a 8 anos e ás súas familias. É unha contada que emprega e adapta a técnica tradicional europea do "cantastorie", no que se mestura a narración de historias, as pinturas en grandes lenzos e a música cooperativa.
- Mulleres científicas: Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño, Fátima Rodríguez Piña. 22 obradoiros centrados na biografía de Isabel Zendal e Ánxeles Alvariño nos que, coa realización de varios experimentos científicos, se abordan conceptos de microbioloxía e inmunoloxía desde un enfoque cómico-teatral.
- As andainas dos Monifates e don Gaiferos, Alberto Millán Betanzos, 5 actuacións presenciais dirixidas a un público familiar: un peculiar carromato





tirado por dous músicos ambulantes, no que viaxan monicreques, que bailan ao son da música que interpretan, coñecen un peregrino e deciden percorrer con el o Camiño de Santiago.

- Faladoiros con Antía Yáñez, Antía Yáñez. 11 faladoiros coa autora Antía Yáñez, arredor dos seus libros e da igualdade, tema central en todos eles. En función das diferentes idades, ofrécense tres tipos de charlas: Plan de rescate: aventuras que poden vivirse nas escolas, nas que os nenos e as nenas con diversidade funcional poden ser heroes e heroínas. 8-12 anos. Be Water, que pretende fomentar a reflexión sobre o futuro, o ecoloxismo e as relacións sexo-afectivas dos e das adolescentes. 13-15 anos. Senlleiras, faladoiro acerca do machismo e da violencia de xénero, que pon especial fincapé na violencia psicolóxica + 16 anos.
- Poeta: Burbulla Educativa, Paloma Lugilde. 2 obradoiros con asistencia á representación. Actividades dirixidas a 4 clases de 1º E 2º de bacharelato e asistencia presencial á representación de *Poeta en Nova York*, teatro en galego que busca trasladar á nosa realidade as situacións e problemáticas presentes no texto e achegarnos ao pensamento do autor e a desigualdades sociais como a explotación á que é sometida a masa migratoria, a situación da muller ou a vulnerabilidade do colectivo LGTB.
- O mar no camiño e As aventuras da Vieira Migueliña no Camiño a Santiago, Fundación Fundamar. 10 obradoiros presenciais O mar no camiño, para a poboación infantil, e publicación material do conto *As aventuras da Vieira Migueliña no Camiño a Santiago*, coa finalidade de poñer en valor e dinamizar o patrimonio cultural e lingüístico de Galicia en torno ao sector pesqueiro vinculado co Camiño de Santiago a través da implicación dos centros educativos e todo tipo de entidades de protección á infancia (casas de familia, centros de acollida, centros de menores etc).
- O camiño da robótica, Átomos. 20 obradoiros de robótica e impresión 3 D en galego para a rapazada que se desenvolverá en diferentes concellos. Fai fincapé na tecnoloxía como futuro nas zonas menos poboadas do rural. Actividade dirixida aos últimos cursos de primaria.
- Tradición musical galega en feminino, Tanxugueiras. Unidade didáctica elaborada polas Tanxugueiras e titulada Tradición musical galega en feminino e 5 obradoiros nos que as artistas a poñen en práctica en centros de primaria, representando e cantando algunha destas manifestacións artísticas.
- Gamificación da colección A señorita Bubble e encontros literarios co alumnado, Leticia Costas. Actividade de gamificación dos libros cunha proposta de xogos e dinámicas interactivas cos personaxes. A dinámica dixital complétase con cinco encontros virtuais entre o alumnado e mais a autora.



- Dicionarios audiovisuais de ida e volta, Agareso. 5 obradoiros en aulas de institutos galegos que forman parte dun proxecto audiovisual dixital que amosa os camiños que compartimos con diferentes países e culturas a partir das historias de persoas que naceron neles e que agora viven connosco, en Galicia e en galego. co obxectivo de apreciar a diversidade e a diferenza, a solidariedade e a importancia da bidireccionalidade nas relacións Norte-Sur, e reducir os estigmas asociados á migración, co apoio do poder integrador das linguas.

No curso 2022-2023 realizáronse nos centros, no primeiro trimestre, antes de finais de 2022, algúns programas procedentes do Fondo TeceRedes:

Laboratorio de apoderamento lingüístico de Ferrolterra (Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega). 9 sesións en 4 localidades. Proxecto piloto de dinamización do uso da lingua e de xestión do conflito lingüístico. Integra metodoloxías de innovación social e uso das TIC para a xeración dunha rede de mozas e mozos comprometidos coa lingua na comarca, que actúen como axentes de mediación no conflito lingüístico e activación de falantes entre iguais. Traballa con obradoiros vivenciais en aula, unha sesión virtual intercentros para o prototipado de accións pola lingua e un acto final. Centros: IES Ricardo Carvalho Calero (Ferrol – A Coruña), IES Concepción Arenal (Ferrol – A Coruña), IES Punta Candieira (Cedeira – A Coruña), IES Sofía Casanova (Ferrol – A Coruña). Sesión intercentros: Antigo Hospicio do Concello de Ferrol . Última sesión: Capela do Centro Torrente Ballester (Ferrol)

Rapeando, de Esther Carrodegua 10 obradoiros en 10 localidades, de creación no que xogar coas palabras, ritmos, coa música electrónica e no que gozar cantando, liberándose e berrando en galego. As sesións serán conducidas na parte musical por Juanma Lodo (<http://juanmalodo.eu/>) e na escritura por Esther F. Carrodegua (butacazero.net). Feminismo, ecoloxía, mundo global e tamén local... as preocupacións da rapazada faranse cancións de rap ou hip-hop das que resultará un "disco", pois de cada sesión nacerán 2 pezas. Un total de 22 temas en rigoroso galego que tecerá redes transmitindo e comunicando ao mundo as preocupacións dos e das asistentes, xa que ficarán en internet para presumir, compartir, volver escoitar e comprender que o galego serve para calquera cousa, mesmo para o RAP! Centros: CEP Luis Tobío (Viveiro- Lugo) , CEIP Plurilingüe Santa Rita (Viveiro- Lugo), CPI de Cruz do Sar (Bergondo- A Coruña), CEIP Pedro Barrié de la Maza (Sada- A Coruña), CPI Plurilingüe Virxe da Cella (Monfero- A Coruña), CEIP Mestre Manuel García (Oia- Pontevedra), CEIP de Práct. da E.U. Form. Profes. EXB (Ourense – Ourense), CEIP García Barbón (Vigo- Pontevedra), CEP Celso Emilio Ferreiro (Vigo- Pontevedra).

Falando a música. Pablo Carpintero. Concertos didácticos para achegarlles aos nenos e nenas, dun xeito práctico, entretido e dinámico, a parte do léxico patrimonial galego relacionado cos nosos instrumentos musicais. Moitos deles eran fabricados e tocados polos nenos e nenas e teñen nomes de orixe onomatopéica, outros derivan dos animais que tentan imitar e aínda outros fálannos do material con que os instrumentos ou as súas partes eran construídos. Durante o espectáculo



amósanse máis de trinta instrumentos musicais, explicamos como se formou o nome deles a través do seu son e/ou morfoloxía e, nos casos en que é posible, construímos o instrumento en directo para intentar contribuír á fixación do coñecemento sobre el e ao uso e transmisión do seu nome e do léxico asociado. Centros: CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal (Oleiros- A Coruña), CPI Plurilingüe Tino Grandío (Guntín- Lugo), CEIP Plurilingüe de Palas de Rei (Palas de Rei- Lugo), CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense- Ourense), CEIP de Viñagrande-Deiro (Vilanova de Arousa- Pontevedra), CEIP Plurilingüe de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa- Pontevedra)

Xornadas de xogos de mesa en galego: xogar, aprender, medrar, de Irimia Fernandez Alvarez. Xornadas de xogos de mesa en galego para promover o xogo en familia e a normalización da lingua. Empregaranse nelas os xogos de Brazolinda, en galego e deseñados para que poidan xogar xuntos grandes e pequenos. Estes xogos teñen unha grande aceptación entre as familias e tamén se empregan como material didáctico nas aulas, pois a través das matemáticas, expresión oral, mitoloxía galega, Camiño de Santiago, adiviñas... fomentan non só a aprendizaxe de contidos senón tamén a introdución do galego en calquera ámbito ou temática educativa, favorecendo ao mesmo tempo a socialización. Centros: CEIP de Sequelo-Marín (Marín- Pontevedra), CEIP Plurilingüe do Carballal (Marín- Pontevedra), CEIP de Ardán (Marín-Pontevedra), CEIP de Seixo (Marín- Pontevedra), CPI Plurilingüe Santa Lucía (Moraña- Pontevedra), EEI O Grupo (Marín- Pontevedra), CEIP Plurilingüe da Laxe (Marín- Pontevedra), CEIP Raquel Camaño (A Coruña- A Coruña), CEIP Padre Crespo(Xunqueira de Ambía- Ourense), CEIP Plurilingüe de Baño - Xanza (Valga- Pontevedra), CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma (A Coruña- A Coruña), CEIP Plurilingüe San Clemente de César (Caldas de Reis- Pontevedra).

Obradoiros do Camiño de Santiago. No camiño, Camiñando o Camiño- Santiago Santiaguíño vai facer o Camiño, O Camiño das Estrelas/Iter Sancti Iacobi. Alberto Cacharrón. Con entrega de libros. Centros: les de Melide, Melide, A Coruña, CIPF Politécnico de Lugo, Lugo, EPAPU de Ourense, Ourense, EPAPU Río Lérez, Pontevedra.

Toupiciencia. Representacións do espectáculo Toupiciencia Show, no que se fomenta e promove a divulgación científica en galego nun espazo de convivencia e proximidade. Nel tamén se comparten experiencias e ábrese o camiño ao diálogo e interacción. Centros: CEIP A Sangriña.

2 Obradoiros De aquí para alá en centros educativos

No curso 2021-2022, como parte do proxecto audiovisual De aquí para alá, as coordinadoras seleccionaron os centros para recibir estes obradoiros. No 2022-2023, non se realizaron.



3 Exposición de Martín de Padrozelos

No curso 2020-2021, o profesor Celeiro e a Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA elaborou, co financiamento da SXPL, unha exposición sobre o trobador Marín de Padrozelos, coa correspondente itinerancia.

No 1º trimestre do curso 2021-2022 elaborouse unha nova exposición para poder chegar a 11 centros. O proxecto incluíu un concerto do grupo A Quenlla. As coordinadoras ocupáronse da selección dos centros e Mariela Leis da xestión. No curso 2022-2023, non se realizaron itinerancias.

No futuro considérase conveniente solicitarlle a Celeiro que lle devolva á SXPL unha das dúas exposicións, para poder movela polos centros educativos que o soliciten, sempre que se encarguen do transporte, montaxe e desmontaxe.

4 Exposición O amencer da humanidade

Iniciativa realizada por Data Gestión Cultural e promovida pola SXPL ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021, co obxecto de dar a coñecer as últimas investigacións desenvolvidas no ámbito da prehistoria en Galicia. Ademais de seis paneis informativos en formato rollup, a mostra inclúe varias réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades didácticas, para educación primaria e secundaria respectivamente. [Ligazón](#).

Neste curso a exposición presentouse e estivo exposta no CIFP Compostela e logo circulou por outros centros da Coruña e Pontevedra que a solicitaron.

5 Compra de libros para distribuír nos centros educativos

No curso 2021-2022, as coordinadoras realizaron a selección de libros destinados a compras realizadas pola SXPL e destinadas a centros educativos e outras entidades.

ÁMBITO: Colaboración con institucións e empresas

1 Colaboración co Concello de Ourense no Certame Ouff Escola

Certame anual dirixido aos centros de ensino públicos e privados, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXPL. Ten como obxectivos impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas. Resólvese no curso seguinte a aquel no que se convoca.



A SXPL colabora economicamente con esta actividade (aboa os buses para acudir á gala da entrega de premios etc.). En 2022 e 2023 forman parte do xurado que avalía as curtas a coordinadora da área de Ourense Manoli Maseda e a coordinadora Mariela Leis (esta no canto de Gregorio Fernández, que fora xurado nas edicións anteriores). *Vid. supra.*

2 Encontros de teatro escolar e amateur do Concello de Bande con motivo das Letras Galegas

A coordinadora territorial colabora na divulgación destes encontros organizados polo Concello de Bande en colaboración co CEIP Lourenzo Xocas e o IES Aquis Querquernis desta vila.

No curso 2018-2019, os XXIV encontros de teatro escolar e amateur do Concello de Bande desenvóléronse o 13, 14 e 15 de maio de 2019 con motivo das Letras Galegas. Desde a pandemia non se realizaron os encontros nos cursos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022 e 2022-2023, aínda que pretenden retomalos.

3 Colaboración coa empresa Coca-Cola no Concurso de Novos Talentos de Relato Curto

O Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto é unha iniciativa da Fundación Coca-Cola que conta coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Busca promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura en lingua galega entre o alumnado de 2º da ESO, mais tamén quere ser unha oportunidade para darlle visibilidade social ás novas promesas da literatura galega. *Vid. supra.*

4 Colaboracións coa empresa Feiraco no Certame de Microrrelatos

A empresa Feiraco ten colaborado na entrega de premios do Concurso-exposición Letras Galegas; entrégalles aos dous centros gañadores un lote de produtos lácteos e un diploma acreditativo. No curso 2020-2021 non só recibiron os produtos os centros premiados ese ano lectivo senón tamén os do anterior. No curso 2021-2022 e no 2022-2023 non houbo esta colaboración e os carteis das Letras Galegas tampouco levaron o logo da empresa.

As coordinadoras participan na divulgación do Certame de Microrrelatos que organiza a da empresa en colaboración coa SXPL, dirixido a persoas maiores de 13 anos, con residencia en Galicia. Curso 2020-2021: [Ligazón](#). No curso 2021-2022 non se desenvolveron estas iniciativas, pero no curso 2022-2023 si se volveu realizar a XI edición do **Certame de Relatos Breves FEIRACO. Letras Galegas 2023. Edición falarei**, unha iniciativa que ten como finalidade incentivar a creación literaria. Presenta dúas categorías de participación: nivel 1 (para alumnado de 5º e 6º de primaria) e nivel 2 (para estudantes de 1º e 2º da ESO). O tema dos textos é libre, co



único condicionante de que a historia acontecesse na Galicia do futuro. Nesta edición o prazo de recepción estivo aberto do 25 de abril ao 16 de maio de 2023; ampliouse ata o 9 de xuño. [Ligazón](#). [Ligazón](#).

O relato gañador de cada nivel cada nivel puido gozar dunha excursión para toda a clase do autor, con transporte incluído, a unha granxa da empresa. O/A autor/a da historia gañadora recibiu, ademais, unha mochila de vaca Feiraco. Alén diso, as 1.000 primeiras persoas participantes recibiron un estoxo e o alumnado finalista de cada centro participante, un caderno de vaca Feiraco. Nesta ocasión combinouse cunha campaña para animar a falar en galego.

5 Colaboracións coa empresa Eroski-Vegalsa nos actos das Letras Galegas

O cartel nº 7 de primaria expúxose nos supermercados da cadea.

6 Colaboracións con RENFE e ADIF. Programa O tren que me leva

Desde hai anos, estas entidades colaboran na difusión da figura homenaxeada nas Letras Galegas. Alén dos repousacabezas coa imaxe institucional das letras Galegas, algúns carteis das exposicións premiadas no Concurso-Exposición das Letras Galegas expóñense nas estacións de tren e no interior dalgúns vagóns. A SXPL tamén entrega lotes de libros en galego para distribuír cando se realiza unha presentación da iniciativa, habitualmente na estación da Coruña.

En 2020 non foi posible por mor da pandemia pero en 2021 recuperouse a iniciativa. (o cartel elixido foi o nº 1 de secundaria). En 2022 e 2023, distribuíuse un lote de carteis de primaria e outro de secundaria e a empresa distribuíunos polas estacións.

6 Colaboración coa Asociación Asociación Colectivo Xelmírez I

A SXPL colabora nos **Premios de Ensaio Subversivo Guillermo Domínguez** e no **Certame de Banda Deseñada AXI**. O primeiro é un concurso aberto á participación de estudantes de ensino secundario de toda a comunidade autónoma galega, matriculados nos niveis de segundo ciclo da ESO ou no Bacharelato. Preferentemente, os traballos son de imaxinación crítica, na liña de esencia do premio. O segundo é destinado a todo o alumnado de Galicia en dúas categorías: alumnado de entre 12 e 15 anos. Alumnado de 16 anos en diante.

Convocatoria do IX Premio de ensaio subversivo Guillermo Domínguez 2021: 03.03.2021. Prazo límite de envío: 30 de xuño.

Convocatoria do XI Certame de Banda Deseñada AXI 2021: 03.03.2021. Prazo límite de envío: 30 de xuño.

Convocatoria do X Premio de ensaio subversivo Guillermo Domínguez 2022. Prazo límite de envío: 30 de xuño. [Bases](#).



Convocatoria do X Certame de Banda Deseñada AXI 2022. Prazo límite de envío: 30 de xuño. [Bases](#).

Convocatoria do XI Certame de Banda Deseñada AXI. [Bases](#).

7 Colaboración coa empresa Gadis: Orixe Zeta. I Concurso Gadis [de Nova Creatividade Galega]

A SXPL colabora en Orixe Zeta. I Concurso Gadis de Nova Creatividade Galega, de vídeos creativos en TikTok premiando os mellores contidos en galego (música, audiovisual, poesía). As persoas usuarias participan publicando vídeos empregando o cancelo do concurso en xukllo e agosto. As persoas gañadoras anunciaranse en setembro. [Ligazón](#). As coordinadoras tamén adoitan colaborar na difusión do Concurso de Microrrelatos. [Ligazón](#).

4 COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS, ASOCIACIÓNS OU ORGANISMOS E ASISTENCIA A ACTIVIDADES PUNTUAIS NOS CENTROS EDUCATIVOS E OUTRAS FUNCIÓNS

A Coruña 2022-2023 - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Asesoramento presencial, por vía telefónica e/ou telemática ás persoas coordinadoras dos EDLG
- 2 Seguimento dos proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta+
- 3 Visitas e entrega de materiais diversos (libros, exposicións...) a distintos centros da provincia
- 4 Revisión de materiais varios e asesoramento lingüístico a persoas coordinadoras dos EDLG e outras/os docentes
- 5 Selección e descrición de recursos e actividades de dinamizadoras realizadas ao longo do curso 2022-2023 nos centros escolares, para publicar no Portal da lingua galega
- 6 Revisión de proxectos do Fondo TeceRedes (convocatoria 2022)
- 7 Selección de centros para desenvolver actuacións do Fondo TeceRedes 2022
- 8 Asistencia a actuacións financiadas polo Fondo TeceRedes 2022 nos centros educativos
- 9 Revisión de textos e materiais do proxecto Superheroínas e Superheroes, un traballo da aula do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, xunto con outros centros da provincia.
- 10 Asistencia ao acto de presentación, en Ames, do "Poeta que baila", un PIDL do IES do Milladoiro e o IES Marco premiado na edición do curso 2021-2022



- 11 Asistencia ao acto de entrega de materiais (mochilas viaxeiras) elaborados polas mestras das aulas hospitalarias de Ferrol, Lugo e Ourense e deseñados no CIFP de Leixa
- 12 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! na SXPL
- 13 Asistencia á presentación do libro *Constelación de voces. 25 anos do Premio de Poesía* do Concello de Carral
- 14 Asistencia á presentación do libro *Sechs Dichterinnen aus Galicien. Stimmen der Erde*, unha obra que recolle a tradución do galego ao alemán de seis poetas galegas en Mariñán.
- 15 Asistencia á entrega dos Premios Irmáns Reboiras a proxectos de dinamización lingüística na Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
- 16 Asistencia á presentación e clausura do Laboratorio de Apoderamento lingüístico de Ferrolterra en Ferrol
- 17 Asistencia á presentación do libro *O conto de Quilmas* de Guadalupe Vázquez Formoso en Cee.
- 18 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do Concurso de *Podcasts* en galego Xosé Mosquera Pérez no IES Rosalía de Castro
- 19 Participación no proceso de resumo e valoración dos proxectos de fomento do uso do galego, como vogal da comisión de valoración, na convocatoria do curso 2022-2023
- 20 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2022-2023
- 21 Colaboración e divulgación da Mostra de Entroido da Ulla organizada por todos os centros educativos da contorna de Lamas de Abade
- 22 Colaboración na montaxe, divulgación e desmontaxe da exposición O amencer da humanidade. O primeiro poboamento de Galicia no CIFP Compostela
- 23 Elaboración de probas Celga
- 24 Administración e avaliación de probas Celga
- 25 Revisión de probas específicas para oposicións de persoal da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia
- 26 Elaboración, administración e avaliación de probas específicas (Celga 4, linguaxe xurídica de nivel medio e nivel superior) para oposicións de persoal da Administración de Xustiza
- 27 Asistencia e participación ao acto de conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero no IES Eusebio da Guarda da Coruña



- 28 Entrega de material (libros para participantes nas distintas categorías) para o Concurso Diego Peña Carro do CPR Escravas Sagrado Corazón da Coruña
- 29 Entrega de material (libros para participantes nas distintas categorías) para o Concurso literario das Letras Galegas MercaCee no CPR Manuela Rial Mouzo de Cee
- 30 Entrega de material para o Concurso de Creación Artística e Literaria de Asociación de Cardiopatías Conxénitas na aula do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera da Coruña
- 31 Entrega de material (libros para alumnado de bacharelato e adultos) para repartir nas conferencias sobre o Camiño de Santiago impartidas no IES de Melide.
- 32 Selección de centros participantes e seguimento das actuacións do programa 21 días co galego e +
- 33 Asistencia á presentación do programa 21 días co galego e + no IES Rafael Dieste da Coruña
- 34 Asistencia ao acto de clausura do programa 21 días co galego e + no CPR Divino Maestro de Santiago de Compostela
- 35 Asistencia ao I Encontro do Programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura con todos os centros participantes na edición de 2023
- 36 Asistencia e entrega de premios do Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizada por Escolas Católicas de Galicia
- 37 Asistencia ás xornadas de xogos populares do alumnado de educación especial e maiores dunha residencia organizadas polo CEE María Mariño da Coruña
- 38 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2022
- 39 Asesoramento e revisión lingüística dos materiais didácticos das Letras galegas 2023 do Seminario Galán
- 40 Organización, xunto coa coordinación central, do acto de homenaxe a Luís Aldegunde na Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego
- 41 Selección de centros participantes na Xornada das Letras Galegas 2022 dedicada a Francisco Fernández del Riego
- 42 Asistencia ás Xornadas das Letras Galegas 2022 organizadas pola SXPL en colaboración co CAFI
- 43 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (romaría galega) no CEE María Mariño da Coruña



- 44 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (actuacións varias e concerto) no CMUS Profesional da Coruña
- 45 Asistencia aos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas (presentación do mural de Balbino, entrega de premios de Festiletras) na Fundación Eduardo Pondal no Couto en Ponteceso
- 46 Asistencia ao I Encontro lusófono, unha actividade promovida polo EDLG do IES Alfredo Brañas de Carballo e os departamentos de Lingua Galega e Literatura e X^a e H^a
- 47 Asesoramento e revisión, en colaboración coa coordinación central, dos materiais do método de lectoescritura baseado na conciencia fonolóxica promovido pola SXPL
- 48 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXPL relacionadas cos EDLG en distintos concellos de Galicia
- 49 Revisión dos criterios e parámetros de corrección das grades de avaliación das probas Celga
- 50 Realización de funcións de presidencia nas oposicións do profesorado de escolas oficiais de idiomas
- 51 Realización de reunións presenciais de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia

Lugo - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Selección de centros para desenvolver actuacións do Fondo TeceRedes 2022
- 2 Participación nas probas Celga en Ponferrada en novembro de 2022 e maio - xuño de 2023
- 3 Selección e apoio aos dous centros participantes da provincia no programa da SXPL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte
- 4 Reunións presenciais cos centros do Programa 21 días co galego e +
- 5 Chamadas de asesoramento a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXPL...)
- 6 Asesoramento aos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2022-2023
- 7 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2023
- 8 Participación na selección dos proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística premiados da edición 2023
- 9 Asistencia virtual á IX Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego as tardes do 20 e 27 de abril e 4 de maio de 2023



- 10 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e de elaboración dos resumos dos proxectos
- 11 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros e cotexo cos proxectos presentados
- 12 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXPL relacionadas cos EDLG en concellos
- 13 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal
- 14 Asesoramento e planificación do traballo co CEIP Juan Rey de Lourenzá para a elaboración dos carteis para o concurso das Letras Galegas 2023
- 15 Asistencia á clausura do programa 21 días co galego e + no CPR Sagrado Corazón en Ribadeo
- 16 Asistencia ao I Encontro 21 días co galego e +, xornada de convivencia dos centros participantes na Cidade da Cultura no Programa 21 días co galego e + o 28 de febreiro de 2023
- 17 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do Programa 21 días co galego e +.
- 18 Asesoramento telefónico a centros para atender as diversas cuestións que formulan
- 19 Xestións, xunto coa coordinadora de Pontevedra, para o intercambio lingüístico entre o CEIP As Bizocas, O Grove e o CEIP Manuel Mallo Mallo
- 20 Realización de reunións presenciais de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia

Ourense - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Selección de centros para desenvolver actuacións do Fondo TeceRedes 2022
- 2 Participación nas probas Celga en Santiago de Compostela en novembro de 2022 e maio-xuño 2023
- 3 Asesoramento telefónico e telemático a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXPL...)
- 4 Asesoramento presencial e entrega de materiais didácticos a centros educativos
- 5 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2023
- 6 Asistencia á gala de entrega de premios do XIII Certame Ouff Escola o 27 de setembro de 2022



- 7 Asistencia ao Roteiro literario da Esmorga de Eduardo Blanco Amor o 8 de outubro de 2022, realizado polo CAFI en Ourense
- 8 Asistencia presencial aos XXIV Encontros para a normalización lingüística no ensino organizadas polo Consello da Cultura Galega o 20 de outubro de 2022 (difusión dos contidos gravados en consellodacultura.gal)
- 9 Selección e apoio aos dous centros participantes da provincia no programa da SXPL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte
- 10 Reunións presenciais cos centros do programa 21 días co galego e +
- 11 Asistencia á presentación virtual dos 21 días co galego e + con Pilar Ponte e o profesorado
- 12 Asistencia á clausura do Programa 21 días co galego e + no IES num 1 do Carballiño. Visita ao CPI Virxe dos Remedios uns días despois.
- 13 Asistencia á xornada de convivencia dos centros participantes na Cidade da Cultura o 28 de febreiro no programa 21 días co galego e +
- 14 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do programa 21 días co galego e +
- 15 Asistencia á entrega dos premios Irmáns Reboiras a proxectos de dinamización lingüística e á XXVIII Xornada de Normalización Lingüística de Ferega en novembro de 2022 no Consello da Cultura Galega
- 16 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e de elaboración de resumos de centros públicos, privados e concertados
- 17 Asistencia á charla de Alberto Cacharrón para o alumnado de Proxecto home sobre o Camiño de Santiago o 23 de xaneiro de 2023
- 18 Asistencia á presentación do programa Quero contarche un conto no CEIP plurilingüe Curros Enríquez de Ourense o 3 de marzo de 2023
- 19 Asistencia á xornada de toponimia organizada polo concello do Carballiño para centros educativos o 21 de abril de 2023
- 20 Asistencia á xornada dos maios celebrada en Allariz e organizada polos centros educativos da contorna o 28 de abril de 2023
- 21 Asistencia e entrega de premios do XIX Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizado por Escolas Católicas de Galicia-Ferega o 12 de maio de 2023
- 22 Asistencia ao XVIII Xesto Escolar Letras Galegas no CPR Plurilingüe M^a Auxiliadora de Ourense o 16 de maio de 2023
- 23 Asistencia á entrega de premios do X Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade do CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía (este





- ano coa temática "Historias solidarias de superación ante a adversidade") o 26 de maio de 2023
- 24 Organización, xunto coa coordinación central, as coordinacións provinciais e o asesor do CAFI, da Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego
 - 25 Selección de centros participantes na Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego
 - 26 Asistencia virtual á IX Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego, organizadas en colaboración co CAFI as tardes do 20 e 27 de abril e 4 de maio de 2023
 - 27 Asesoramento e seguimento dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2022-2023
 - 28 Participación na selección dos Premios de PIDL 2023
 - 29 Asistencia á estrea do musical *La la Land* no IES Taboada Chivite de Verín o 14 de xuño de 2023
 - 30 Asistencia á presentación do Proxecto documental integrado "Descubrinto a Ribeira Sacra" no CEIP O Couto de Ourense o 20 de xuño de 2023
 - 31 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG de centros públicos e privados (curso 2022-2023), e cotexo cos proxectos presentados
 - 32 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXPL relacionadas cos EDLG en concellos
 - 33 Participación como membro do xurado no Certame de Cinema Ouff Escola
 - 34 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal
 - 35 Impartición de dous cursos de galego en liña a alumnado do Colexio Santiago Apóstolo de Caracas. Conexión especial o 14 de abril con motivo da visita do Presidente da Xunta, D. Alfonso Rueda a Caracas
 - 36 Impartición dun curso presencial Celga 2
 - 37 Realización de reunións presenciais de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia

Pontevedra - Coordinación Territorial dos EDLG

- 1 Xestión dos programas do Fondo TeceRedes destinados a centros educativos. Selección de centros
- 2 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros (convocatoria do 2022) e cotexo cos proxectos presentados



- 3 Asesoramento e seguimento dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2022-2023.
- 4 Participación na Comisión de selección dos Premios dos PIDL
- 5 Asistencia aos XV Encontros para a normalización lingüística no ensino organizadas polo Consello da Cultura Galega (novembro 2022)
- 6 Asistencia á presentación no Culturgal de iniciativas de centros pontevedreses
- 7 Asistencia á presentación de traballos de centros na XXIV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
- 8 Asistencia ao festival de presentación do proxecto gañador dun PIDL O poeta que baila dos IES Marco do Camballón e IES do Milladoiro.
- 9 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal
- 10 Visita e entrega de material ás responsables das aulas hospitalarias do Hospital Provincial de Pontevedra e Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
- 11 Divulgación e asistencia á Xornada de onomástica galega da RAG, con experiencias realizadas nos centros de ensino, no Museo de Pontevedra
- 12 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e elaboración de resumos de, aproximadamente, 170 proxectos. Contacto cos colaboradores/as, organización do traballo e comisións en reunións virtuais
- 13 Participación na selección de traballos gañadores do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2023
- 14 Colaboración na organización, xunto coa coordinación central e as coordinacións provinciais, da Xornada das Letras Galegas sobre Francisco Fernández del Riego
- 15 Selección de centros participantes na Xornada das Letras Galegas 2023 dedicada Fernández del Riego
- 16 Asistencia ás Xornadas das Letras Galegas 2023 organizadas en colaboración co CAFI as tardes do 20 e 27 de abril e 4 de maio de 2023
- 17 Selección e seguimento das actuacións dos catro centros participantes da provincia no programa da SXPL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte
- 18 Asistencia ás reunións iniciais nos centros do programa 21 días co galego e + , ao acto de inauguración no IES A Basella e ao de clausura no IES Aquis Celenis e o CPI Afonso X



- 19 Asistencia e axuda na organización do I Encontro 21 días co galego e + con todos os participantes no Gaiás
- 20 Asistencia ás reunións virtuais inicial e final cos coordinadores e coordinadoras dos 12 centros do programa 21 días co galego e +
- 21 Visitas, correos electrónicos ou chamadas de asesoramento a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, PIDL, suxestión de actividades dinamizadoras etc.)
- 22 Entrega de diversos materiais da SXPL a centros educativos (p. ex. material para os Conservatorios de Música)
- 23 Selección dos centros destinatarios das actividades do Fondo Xacobeo 2022
- 24 Visita ao CPR Jesuitinas-Miralba para levarlles material da SXPL e asistencia á presentación do documental *Don Paco, un dos nosos*
- 25 Xestións, xunto coa coordinadora de Lugo, para o intercambio lingüístico entre o CEIP As Bizocas, O Grove e o CEIP Manuel Mallo Mallo
- 26 Visita ao CEIP Viñagrande - Deiro para a entrega de material e asistencia ao espectáculo *Falando a música* (proposta do Fondo Xacobeo 2021)
- 27 Asistencia, xunto co Xefe Territorial, á inauguración da XXV Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo
- 28 Asistencia á Xornada Lingua e sociedade da Universidade de Vigo coa intervención de profesorado de varios centros da provincia
- 29 Participación na administración e avaliación das probas orais dos Celgas 4, 3, 2 e 1 en Santiago de Compostela (novembro de 2022 e maio e xuño de 2023)
- 30 Realización de tres reunións presenciais de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia, en Caldas de Reis, Vigo e Pontevedra
- 31 Asesoramento e preparación de probas Celga 4 e 3 tipo test para o proceso de consolidación de postos de traballo en varios organismos da provincia, entre eles o Intecmar de Vilagarcía
- 32 Elaboración de informes solicitados sobre actuacións da SXPL relacionadas cos EDLG en concellos
- 33 Coordinación da cesión temporal a catro centros de Pontevedra da exposición *O amencer da humanidade* da SXPL

Santiago de Compostela - Coordinación de apoio á coordinación central dos EDLG

- 1 Xestións para desenvolver actuacións do Fondo TeceRedes 2022 en centros educativos





- 2 Asistencia ao acto de entrega da XXVIII edición dos Premios de Publicidade en Galego no Parlamento de Galicia
- 3 Participación como membro do xurado na selección de proxectos do certame OUFF Escola, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXPL
- 4 Asistencia á entrega de Premios do certame OUFF Escola en Ourense
- 5 Asistencia á inauguración dos 21 días co galego e + en Caldas de Reis
- 6 Participación no proceso de valoración dos Proxectos de Fomento da provincia de Pontevedra)
- 7 Participación no proceso de selección de traballos do Concurso *DígochoEu!*, convocado por CRTVG, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística
- 8 Asistencia á gala dos Premios *DígochoEu!*
- 9 Colaboración na xestión de actuacións para a dinamización lingüística dos centros de ensino (control do orzamento)
- 10 Participación na xestión de programas, proxectos de dinamización da lingua e certames organizados ou apoiados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
- 11 Organización e distribución do material bibliográfico da SXPL
- 12 Realización de traducións galego-inglés e inglés-galego para a SXPL
- 13 Distribución de material bibliográfico da SXPL aos centros educativos e a distintas entidades
- 14 Asistencia á Xornada do Día das Letras Galegas Francisco Fernández del Riego)
- 15 Asistencia á reunión inicial virtual dos 21 días co galego e + con Pilar Ponte e o profesorado
- 16 Asistencia á reunión virtual de clausura dos 21 días co galego e +
- 17 Asistencia ao I Encontro 21 días co galego e + na Cidade da Cultura
- 18 Participación no proceso de selección de proxectos NTC!, da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- 19 Asistencia a Actividade XXIV Encontros para a Normalización Lingüística no Consello da Cultura Galega
- 20 Elaboración de informes para a Memoria do Plan de igualdade, o Plan de Xuventude e a memoria balance

Santiago de Compostela- Coordinación Central dos EDLG

- 1 Revisión de materiais dixitais do Fondo TeceRedes (convocatoria 2022)



- 2 Organización do acto de entrega de premios dos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! na SXPL e asistencia a este
- 3 Participación na administración e avaliación das probas Celga en Santiago de Compostela en novembro de 2022 e maio-xuño de 2023
- 4 Participación na Comisión de Selección e asistencia á entrega dos Premios Irmáns Reboiras a proxectos de dinamización lingüística de Ferega
- 5 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
- 6 Xestión das videoconferencias de Igaciencia e asistencia virtual
- 7 Asistencia á presentación da app ARi[t]mar
- 8 Asistencia presencial aos XXIV Encontros para a normalización lingüística no ensino organizadas polo Consello da Cultura Galega o 20 de outubro de 2022
- 9 Participación na administración e avaliación das probas Celga en Santiago de Compostela en novembro de 2022 e maio-xuño de 2023
- 10 Participación na lectura continuada do *Ensaio sobre a cegueira* de Saramago no CGAC
- 11 Colaboración na montaxe, divulgación e desmontaxe da exposición O amencer da humanidade. O primeiro poboamento de Galicia no CIFP Compostela
- 12 Asistencia ás reunións virtuais de presentación e de avaliación final dos 21 días co galego e +
- 13 Asistencia á presentación do programa 21 días co galego e + no IES A Basella
- 14 Asistencia á clausura do Programa 21 días co galego e + no IES Aquis Celenis e no CPI Plurilingüe Alfonso VII de Caldas de Reis
- 15 Xestión do programa 21 días co galego e +. Colaboración coa coordinadora Pilar Ponte na revisión lingüística dos guións, dos vídeos e das entradas para o blog. Revisión dos carteis e xestión da elaboración e dos envíos de carteis, chapas e camisetas
- 16 Asistencia ao I Encontro do Programa 21 días co galego e + na Cidade da Cultura con todos os centros participantes na edición de 2023.
- 17 Organización, xunto coas demais coordinadoras e o coordinador do CAFI, da Xornada do Día das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego e asistencia presencial ás sesións
- 18 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do Concurso de *Podcasts* en galego Xosé Mosquera Pérez no IES Rosalía de Castro
- 19 Asistencia e entrega de premios do Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizada por Escolas Católicas de Galicia



- 20 Elaboración, administración e avaliación dunha proba específica de galego de persoal da Administración local
- 21 Participación como xurado na selección de poemas e cancións do proxecto aRi[t]mar Galiza e Portugal
- 22 Participación como membro do xurado no Concurso Novos Talentos de Coca-Cola (fases de selección do estímulo colectivo e de selección de relatos premiados). Asistencia á reunión do xurado
- 23 Xestión das actividades relacionadas co Concurso-Exposición das Letras Galegas (elaboración do informe, participación na Comisión de Selección, contactos cos dous centros, revisión das exposicións, guías didácticas, marcapáxinas, carteis A3, diplomas, cheques, cartas, actualización das listaxes de envíos dos materiais, organización de actos de entrega de premios, solicitude de certificacións, revisión do cartel de Eroski, repousacabezas etc.)
- 24 Reunión de asesoramento relativo á exposición premiada no Concurso-exposición das Letras Galegas 2023 na categoría A no CEIP Juan Rey de Lourenzá
- 25 Reunión de asesoramento relativo á exposición premiada no Concurso-exposición das Letras Galegas 2023 na categoría B no les Castelao de Vigo
- 26 Asistencia ao acto de entrega de premios do Concurso-exposición das Letras Galegas 2023 na categoría A no CEIP Juan Rey de Lourenzá
- 27 Asistencia ao acto de entrega de premios do Concurso-exposición das Letras Galegas 2023 na categoría B no les Castelao de Vigo
- 28 Participación na Comisión de Selección dos PIDL. Xestión do programa (selección de centros de Proxecta, avaliación das solicitudes e memorias en Proxecta, elaboración do informe dos proxectos presentados, coa colaboración das coordinadoras territoriais, solicitude de certificacións, actualización das fichas etc.)
- 29 Participación na Comisión de Selección do Concurso Nós tamén creamos! Xestión do programa e do certame (selección e revisión de álbums ilustrados, revisión das unidades didácticas do curso en liña, selección de centros de Proxecta, avaliación das solicitudes e memorias en Proxecta, solicitude de certificacións, actualización das fichas etc.)
- 30 Solicitude ás coordinadoras e envío de informes solicitados sobre actuacións da SXPL relacionadas cos EDLG en diversos concellos
- 31 Corrección lingüística e envío ao Portal da lingua galega de recursos e actividades de dinamización realizados nos centros e enviados polas coordinadoras territoriais
- 32 Asistencia e entrega de premios do Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizados por Escolas Católicas de Galicia – Ferega



33 Colaboración na actualización de materiais do *Curso de nivel medio de linguaxe administrativa*

Propostas de actuacións para o curso 2023 -2024

Convén manter as iniciativas que funcionan e teñen un impacto positivo na dinamización da lingua, en especial na oralidade.

1 Axudas e subvencións aos proxectos de fomento

Suxírese incrementar a dotación destas axudas e subvencións, de ser posible, de acordo cos pedimentos reiterados que se observan nas memorias dos centros: O curso pasado xa se aumentou, mais a diferenza coa dotación que reciben os equipos de Bibliotecas Escolares segue sendo enorme. Proponse estudar a viabilidade de incluír as actividades do 2º-3º trimestres do 2024 e 1º de 2025, e reducir a extensión dos proxectos e memorias marcando un número límite de caracteres.

Para o resto do curso, proponse manter os programas e iniciativas que están a acadar bos resultados ata o de agora, pero realizando as necesarias adaptacións á situación de pandemia:

2 Proxectos de Innovación Educativa en dinamización lingüística

Na ficha técnica do programa en Proxecta e na convocatoria cómpre facer fincapé en que presenten proxectos con actividades centradas no emprego das TIC, na oralidade e na dinamización da lingua mediante materiais de gamificación en liña. Auméntase o número de centros a 25.

3 Programa Nós tamén creamos!

Tratarase de complementar as UD con videotutoriais. Mantéñense, ademais dos premios, os accésits, un para cada categoría (con certificación de accésit para o profesorado. Auméntase o número de categorías con unha de 5º e 6º de primaria.

4 Concurso-exposición Letras Galegas

Ademais de facer a publicación dixital, continúaase coa distribución das exposicións en papel.

5 Xornada do Día das Letras Galegas 2023. Luísa Villalta

Tratarase de volver realizar a xornada de forma presencial, se for posible, o primeiro sábado de maio.

6 Concurso de podcasts Xosé Mosquera Pérez

Convén estudar a posibilidade de integrar este certame e o de Bibliotecas Escolares. En caso de mantelo, cumpriría ter en conta as observacións indicadas arriba; e, de contratar os obradoiros de podcast, sería importante que a súa distribución a realizasen as coordinadoras provinciais; e prescindiríase da contratación da itinerancia da exposición por máis obradoiros.





7 Programa 21 días co galego e +

As coordinadoras territoriais conseguiron seleccionar os centros antes do verán, algo que permite ampliar o tempo da primeira fase, de preparación, e que os centros poidan incluír a iniciativa no PFPP e noutros programas. Os centros elixidos para o próximo curso son os seguintes:

- CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo (A Coruña)
- CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela (A Coruña)
- CEIP A Plurilingüe A Ramallosa de Teo (A Coruña)
- CEIP Manuel Mallo Mallo (Lugo)
- CEIP Frei Luís de Granada, Sarria (Lugo)
- CEIP Ramón Otero Pedrayo, O Barco de Valdeorras (Ourense)
- CEIP Plurilingüe O Couto, Ourense (Ourense)
- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro, Vigo. 427 alumnos/as
- CEP Campolongo, Pontevedra. 454 alumnos/as
- CEIP García Barbón, Vigo, Pontevedra. 469 alumnos/as

Con este cambio de nivel, sería bo aproveitar para reducir o número de centros a 10 (e compensalos seleccionando centros grandes, con moito alumnado), debido a que é difícil para a coordinadora Pilar Ponte compatibilizar as reunións do programa co seu labor docente e realizar as dúas previstas por centro, alén da clausura e inauguración, de forma que lle abonden todas as súas horas de asuntos propios.

8 Encontro 21 días co galego e +

En vista do seu enorme éxito convén mantelo nas vindeiras edicións do programa 21 días co galego e +. é importante ter presente que no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura non hai sistema de iluminación e son, que cómpre contratar á parte. É tamén conveniente contar coa colaboración de todas as coordinadoras (territoriais, de apoio e central), que na primeira edición foron imprescindibles para dirixir o alumnado cara ao photo call con Esther Estévez e cara ao seu lugar no auditorio e para solucionar as incidencias nas horas de chegadas dos buses, por exemplo.

9 Webinarios sobre ciencia en colaboración con Igaciencia

Está previsto volver realizar, coa colaboración de iGaciencia e o patrocinio único da SXPL, unha serie de videoconferencias para os centros educativos no mes de novembro.



10 Exposición O amencer da humanidade. O primeiro poboamento de Galicia

Exposición que dá a coñecer as últimas investigacións no ámbito da prehistoria en Galicia. Alén doutros materiais, a mostra inclúe seis paneis informativos en formato *rollup*, réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades destinadas a educación primaria e secundaria respectivamente. Logo da inauguración da exposición no CIFP Compostela de Santiago e das visitas dos centros da contorna de Lamas de Abade o pasado mes de febreiro, está prevista a itinerancia por varios centros da Coruña (CIFP Ánxel Casal -Montealto, EPA Eduardo Pondal...).

Convén seguir realizando itinerancias desta exposición por centros seleccionados polas coordinadoras ou centros que o soliciten. A fórmula de cesión temporal aos centros, que deben encargarse do transporte, montaxe e desmontaxe, que se experimentou con esta exposición, mostrouse efectiva.

11 Exposición Martín de Padrozelos

Mostra didáctica que recolle as 10 cantigas, nove de amigo e unha de amor do trovador Martín de Padrozelos. A pesar de que a exposición percorreu xa distintos institutos galegos, outros centros educativos, incluída a Universidade da Coruña, tamén están interesados en que se divulgue nos seus espazos. A coordinadora territorial da Coruña iniciou as xestións para que algunha destas peticións se poida facer realidade o vindeiro curso.

Cómpre solicitarlle a Celeiro, que custodia as exposicións financiadas pola SXPL na actualidade, que lle entregue unha delas á SXPL para que as coordinadoras lleas poidan ofrecer aos centros que o soliciten, sempre que corra pola súa conta o transporte, montaxe e desmontaxe.

13 Novembro estelar, de Estíbaliz Espinosa

Proxecto que inclúe un recital, unha charla e unha app para celebrar o Mes da Ciencia. Os recitais e charlas xa tiveron dúas edicións e non parece necesario repetilos (pois teñen máis alcance as videoconferencias de Igaciencia), o desenvolvemento total da aplicación e do mapa estelar en galego está pendente.

14 Fomento da divulgación de materiais na CRTVG

Nos cursos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 esta entidade incrementou a publicación de materiais creados polos EDLG ou da SXPL nos seus espazos web e programas, en especial destinados ao público infantil: curtas de NTC!, produtos do Fondo Xacobeo 2021 (Brincadeiras de lingua...). Considérase conveniente seguir a ofrecerlles os produtos máis interesantes dos EDLG.

15 Divulgación de material audiovisual

Cómpre difundir nos centros o material audiovisual de Proxector, do Consello da Cultura Galega):



<http://consellodacultura.gal/especiais/proxector/#gsc.tab=0>

<https://view.genial.ly/631629df338b630018e2c6aa/interactive-content-proxector-a-educacion>

Tamén se pode divulgar a plataforma Fiestra, da Academia Galega do Audiovisual:
<https://fiestra.gal/>

E é importante seguir a divulgar (a través de informacións dosificadas nos correos electrónicos que envían as coordinadoras) os produtos audiovisuais do Fondo, en especial os do Fondo TeceRedes:, p. e. *Regueifa freestyle; Ti es a chave da primavera; Ñam!; Adiviñas e palabras; os nomes da nosa terra; A cociña de media laranxa; Podes atoparme? o libro que xoga ás agachadas; Calcetís e paxaríns; As aventuras de floreano e monchiña no camiño de santiago. capítulo 1: o camiño francés; O partido que gañamos; Audiocontos para novos tempos; Criando lingua; Por que non nos volvemos bicar? da Banda Aldaolado; Estrelas galegas da ciencia. unha historia de persoeiros e achados asombrosos; Balbino ensina en galego; O galego, a nosa identidade. Fala galego; Emilia Pardo Bazán. Unha muller adiantada ao seu tempo; Adestra a túa lingua. Falar de deporte é falar en galego; Buscadores de lenda; Videoclip de Ukestra do Medio.*

16 Compra de materiais para os EDLG

Suxírese planificar a compra de material bibliográfico que supla a escaseza de títulos nalgún dos niveis (en especial de secundaria) e de temática atractiva para este (narrativa, teatro, banda deseñada...).

17 Propostas de publicacións

- Desenvolvemento do Kamshibai do hospital

No vindeiro curso materializarase o proxecto ideado por Pilar Porta, mestra da aula do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, que pretende fomentar o uso da lingua galega, a igualdade de xénero e a educación emocional a través da lingua oral, da escrita, do teatro e de actividades plásticas. Inclúe os seguintes produtos:

- Soporte transportable en madeira do teatriño (Kamishibai do hospital) en dimensión A3 - 10 láminas ilustradas sen texto, que conformarán o anverso da historia do conto inédito
- Relato contextualizado nunha escola de hospital impreso no reverso das 10 láminas
- Caderno de bitácora para un mundo mellor

Está previsto que esta iniciativa se estenda ao resto das aulas hospitalarias galegas.

Ademais desta actuación e das realizadas neste eido nos últimos anos (A saqueta do hospital, Superheroínas e Superheroes, *Pedagogía hospitalaria...*) están pendentes de concretar outras colaboracións coas docentes do Hospital Clínico de



Santiago de Compostela (Elena Sobrino) e do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera da Coruña (Laura Lizancos).

- Divertímonos xogando coas nosas palabras (método de lectoescritura baseado na conciencia fonolóxica)

Material didáctico deseñado por Eva Uceira, docente no CEE María Mariño, para traballar a conciencia fonolóxica, unha habilidade que promove a aprendizaxe da lectoescritura e a adquisición de vocabulario. Consiste en identificar, segmentar ou combinar as palabras (conciencia léxica), as sílabas (conciencia silábica), as unidades intrasilábicas (conciencia intrasilábica) e os fonemas (conciencia fonémica). Ademais de ensinar estratexias de procesamento fonolóxico para previr dificultades de aprendizaxe na lectura do alumnado de educación infantil, tamén serve para reforzar o ensino do vocabulario en lingua galega.

- O meniño rei, un conto de Nadal (conto interactivo)

Traballo coordinado polo profesor de Música, Alberto Hermáns, xunto co Departamento de Pastoral e do EDLG do CPR Compañía de María de Ferrol, que inclúe un audioconto narrado para a radio escolar polo alumnado, oito panxoliñas que acompañan a historia do Nadal, un crebacabezas coa ilustración do conto e un xogo de preguntas sobre a letra dos vilancicos que se interpretan no relato. Nos vindeiros meses o proxecto farase realidade en formato físico e virtual.

Propostas de actuacións novas para o curso 2023 -2024

1 Convocatoria dun concurso que fomenta a creación musical en galego entre o alumnado de secundaria e bacharelato

Na liña do anterior, pero destinado ao alumnado adolescente, con varias categorías en función do estilo musical e da idade. A combinación de música + oralidade + audiovisual é axeitada para a mocidade.

2 Iniciativas relacionadas con nanoteatro, microteatro e o teatro na aula e co fomento dos podcasts e programas de radio e audiovisuais: certame de teatro radiofónico ou teatro lido

Sería positivo impulsar o nanoteatro, microteatro e o teatro nas aulas, sexa na modalidade de teatro lido ou de teatro representado. Francisco Javier Frías Conde, nun relatorio das XVII Xornadas de normalización lingüística de Ferega ([ligazón](#)) presentou os beneficios destas formas breves de teatro, que moitas veces están vinculadas ao humor, para o fomento da lingua e en especial da oralidade. Ten varias obriñas en galego de pezas de microteatro, como *A cabana das valquirias e outras pezas* (2023). Noia: Toxosoutos, e ten previsto publicar un manual de microteatro, unha obra teórica sobre o tema, que se poderían mercar para distribuír nos centros.



A coordinadora da Coruña propón deseñar algunha iniciativa relacionada coa radio, unha vía pouco explotada e apta para a dinamización da lingua mesmo nunha situación de ensino a distancia ou semipresencial. Unha opción sería un certame de teatro radiofónico ou de teatro lido.

3 Certame de Ciencia en Galego na Casa

Premiaría producións audiovisuais en galego, de temática científica, dun máximo de 5 m, incluídos os créditos, e de formato libre (presentación de experimentos, documental, docu-ficción, reportaxe, entrevista, curta, ficción, animación). O ámbito temático entenderíase nun sentido amplo (pode incluír a visualización da muller na ciencia, científicos/as galegos/as, a ciencia do cotián, o protagonismo galego nos experimentos científicos... Proponse, de ser posible, publicar a convocatoria en outubro, presentala o Día da Ciencia e dar de prazo un mes. Podería realizarse en colaboración con iGaciencia.

4 Certame de xogos interactivos en galego ou plataforma para potenciar o galego a través da gamificación

Pura galán suxire crear un certame de xogos interactivos en galego ou, de ser posible, unha plataforma ou espazo web onde poder publicar estes materiais que van xurdindo nos centros. Durante o confinamento fíxose evidente a necesidade de materiais nos que o galego estea asociado á gamificación. A aprendizaxe e o uso lúdicos resulta sempre do gusto do alumnado e en tempos de confinamento pode resultar especialmente útil.

5 Programa Saberes tradicionais para o Plan Proxecta

Proxecto da Asociación Somos Terra, de recompilación da cultura popular da localidade, realizada polo alumnado en colaboración coas persoas maiores, de recuperación da memoria da vila a través de gravacións de entrevistas (receitas, trucos, formas de vida) coa finalidade de crear un mapa da memoria de toda Galicia nos diferentes ámbitos (cultura, arte e patrimonio, natureza, gastronomía, lingua: refráns, frases feitas etc.) e comparar as diferenzas nos cultivos, na conservación de alimentos, nos refráns nas distintas zonas de Galicia. A SXPL acollería o programa por solicitude da asociación e dos responsables de Proxecta; porén, nesta edición non o solicitaron.

6 Programa e certame Cantos contos en cantos para ver

O programa estaría destinado a alumnado de educación primaria e baseado na creación de audiovisuais a partir do libro disco *Cantos contos en cantos*, con formación en liña e un concurso asociado que galardoaría os produtos finais.

Pensado inicialmente como substituto temporal de NTC!, Mariela Leis redactou as bases, mais finalmente non se chegou a desenvolver. Podería realizarse como un programa independente.

7 Creación dun blog dos EDLG semellante ao de Bibliotecas Escolares ou de Aulas Galegas





Nel poderíanse colocar os materiais máis interesantes da sección dos EDLG, moitos que son de cursos anteriores e que agora xa non poden estar visibles ou tan visibles. Iso permitiría alixeirar o Portal da lingua galega e que fose máis rápido o acceso á información contida nel.

8 Procura e divulgación de recursos relacionados coa formación profesional, coa educación infantil, coa educación especial e coas ensinanzas de réxime especial

Logo de constatar a falta de materiais específicos de FP, ensinanzas de réxime especial, EI e alumnado con NEAE, convén procurar nos centros de ensino materiais didácticos en galego coa finalidade de divulgarlos no Portal da lingua galega.

As coordinadoras lograron reunir en anos anteriores materiais de FP (de FOL e de Imaxe e Son, entre outros). Sería conveniente seguir na procura de materiais, revisalos e publicalos no web e/ou facilitar o intercambio de materiais en galego entre o persoal docente. Tamén é conveniente que estes centros participen en programas como os PIDL. Non se pode esquecer que promover o uso da lingua nos centros de FP supón dinamizar outros sectores, a medida que os novos profesionais acceden ao mercado laboral (ámbito sanitario, da hostalaría). Hai que aproveitar que nalgúns (como no da hostalaría e no turismo por exemplo) comeza a existir máis interese por usar o galego.

Por outra parte, en canto a recursos para ensinanzas de réxime especial, a EOI da Coruña propuxo algún curso crear, en colaboración co conservatorio, vocabularios galegos ou plurilingües relacionados coa música. Algúns produtos audiovisuais do Fondo Xacobeo, como os vídeos de historia da música, son moi interesantes e convén darlles visibilidade nos centros.

En canto ao déficit de recursos didácticos en galego para a educación infantil e o alumnado NEAE, ao dispoñer do botón de NEAE poderáselles dar a difusión necesaria aos materiais creados polos centros (xa se fixo coas unidades didácticas do programa infantil Cholo e Nela por exemplo).

Hai que ter en conta que para os cativos e cativas con NEAE a tecnoloxía é unha oportunidade pero aínda existe unha grande escaseza de aplicacións, programas e *software* en galego; e cómpre ter presente que para este alumnado a relación co galego e coa cultura galega é moi importante, dado que o punto de partida da atención á diversidade é a proximidade á contorna.

É conveniente seguir a procurar recursos para EI e alumnado con NEAE, por exemplo de lectoescritura, programas de conciencia fonolóxica, pictogramas, material de linguaxe de signos galega (de ser posible) e outros recursos específicos para o alumnado con diversidade e a integración do alumnado inmigrante.

Para potenciar o uso da lingua galega nestes ámbitos, é necesario que o persoal docente dispoña de recursos en galego (libros de texto, pero tamén material audiovisual, interactivo, de traballo por proxectos etc.) para exercer o seu labor. Por tanto, sería bo estudar a posibilidade de lle proporcionar un repositorio, unha aula virtual ou un sitio *web* libre no que el mesmo poida achegar os recursos de forma



autónoma (co seu nome). É importante que existan sistemas ou bases de datos para poder darlles visibilidade aos recursos que se están a crear.

9 Convocatoria de premios á calidade lingüística dos traballos de fin de ciclo en galego de formación profesional

Certame que premiaría a calidade lingüística dos traballos de fin de ciclo en galego de formación profesional (hai uns anos, o IES Lamas de Abade presentou este proxecto na SXPL e realizáronse dúas reunións co secretario xeral. A convocatoria estaría dirixida a todos os centros que imparten FP, non só restrinxida ao IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

10 Convocatoria de premios á calidade lingüística dos proxectos de fin de estudos das distintas especialidades impartidas nos conservatorios profesionais de música de toda Galicia

Na liña do anterior. Podería ser unha convocatoria con varias modalidades.

12 Potenciación dos intercambios virtuais entre centros

Habería que tratar de potenciar os intercambios entre centros desde a coordinación dos EDLG, sexan presenciais ou encontros ou webinarios virtuais con Cisco webex, Falemos, Google meet, Skype, Google Duo. Poderían ser con centros de Galicia ou de fóra, da Comunidade de Castela-León, mesmo do Val do Ellas en Cáceres (onde o galego goza de prestixio e se usa na comunicación oral con normalidade, pois unha forma de modificar as actitudes é a través de estratexias que presenten o galego como lingua importante de comunicación e de uso).

Tamén se poderían promover intercambios virtuais con centros como o Cañada Blanch, o Santiago Apóstol, centros galegos, centros de estudos galegos, centros educativos das comunidades estremeiras ou da lusofonía. Algúns PIDL teñen incluído en ocasións actividades nas que mantiveron relacións co Cañada Blanch, colexios do Bierzo, de Portugal etc.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Isabel Gil Gil

